



MEMORIA DE CALIDADE

Facultade de Relacións Laborais

Curso Académico: 2022-2023

ÓRGANO	DATA DE APROBACIÓN/ENTREGA
<i>Comisión de Calidade do Centro</i>	31/05/2024
<i>Informe Técnico SCVTI</i>	23/10/2024
<i>Xunta de Facultade</i>	22/11/2024
<i>Comisión de Calidade e Planificación delegada de Consello de Goberno</i>	

Índice

1. Introducción.....	2
2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados	6
Directriz 1. Política e obxectivos de calidade.....	6
Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos	18
Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado	42
Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos	66
Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos.....	72
Directriz 6. Información pública	78
3. Plan de Melloras do centro	81
4. Modificacións nos diferentes títulos	81
5. Listaxe de evidencias e indicadores	98

1. Introducción

En consonancia co proceso PE-02 de Revisión e Mellora do Sistema de Garantía de Calidade (en adiante, SGC), a Memoria de Calidade da Facultade de Relacións Laborais é o documento que recolle a análise da aplicación do SGC na Facultade. Este documento tamén reflicte o desenvolvemento e os resultados dos programas formativos oficiais adscritos a esta Facultade no curso académico 2022-2023.

TÍTULOS OFICIAIS IMPARTIDOS NO CENTRO

Os títulos oficiais impartidos na Facultade no curso obxecto desta Memoria foron os seguintes:

1. **Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos.** Código RUCT 2500975; Código USC G3021.
2. **Máster Universitario en Xestión e Dirección Laboral (MXDL).** Código RUCT 4312031; Código USC P304. Trátase dun máster interuniversitario que se imparte xunto coas universidades de Vigo (UVigo) e A Coruña (UDC) e é coordinado pola Universidade de Santiago de Compostela.
3. **Máster Universitario en Psicoloxía do Traballo e as Organizacións e Psicoloxía Xurídica-Forense (MPTOXF).** Código RUCT 4317014; Código USC P3421V01.
4. Tamén se imparte na Facultade o **Dobre Itinerario en Dereito e Relacións Laborais e Recursos Humanos.** É importante resaltar que este itinerario é comunmente denominado como Dobre Grao (DG), pero non é unha titulación por si mesma, senón que se trata dun programa de simultaneidade de graos, de xeito que, como establece a Instrución do 16 de decembro de 2019 da Secretaría Xeral de Universidades para a Oferta de Simultaneidade de Graos no SUG: “*É necesario lembrar polo tanto que os programas de simultaneidade de graos (comunmente mal chamados 'dobres graos') (...) Trátase de dúas titulacións distintas que son cursadas á vez polo alumnado integrado no programa e que, ao superar a totalidade dos créditos comprendidos no mesmo, recibe dous títulos de grao diferentes.*” Por este motivo, é importante lembrar que o alumnado matriculado no DG recibe unha formación idéntica ao alumnado de Grao, coas mesmas materias, horarios, aulas, profesores, sistemas de avaliación e contido, etc.

Os diversos servizos da USC (ATIC académica, CeTA e ACMP), que facilitan o desenvolvemento dos distintos procedementos e proporcionan información para o seguimento e mellora dos títulos, ao consideralo erroneamente un Dobre Grao, dificultan a análise dos datos e da información referida a este Dobre Itinerario. En repetidas ocasións comunicouse este problema aos distintos organismos implicados, estando aínda pendente dunha resolución satisfactoria. Deste xeito, aínda que este alumnado comparte estudos (con actas académicas conxuntas) e espazos co Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos, non está incluído, por exemplo, na aula virtual de coordinación do Grao, polo que as mensaxes, avisos e demais contidos deben ser duplicados na “aula de coordinación do Dobre Grao”. Ademais, os resultados dos indicadores e informes proporcionados pola ACMP sobre o Grao, tampouco inclúen os do estudantado do Dobre Itinerario que estarían atribuídos á Facultade de Dereito por ser este o centro coordinador. O tratamento erróneo dos datos do Dobre Itinerario como un Dobre Grao, obríganos a analízalo nesta Memoria como se fose unha titulación diferenciada. Como veremos, en numerosas ocasións descoñecemos cal das dúas titulacións se está a avaliar cos distintos indicadores, ou se se trata dunha mestura das dúas.

COMUNIDADE ACADÉMICA DO CENTRO

En canto á comunidade académica, o número de estudantes matriculados en cada un destes títulos e o número de docentes que impartiu docencia nos mesmos, no curso de referencia, foi o seguinte:

Titulación	Estudantes (N)	Docentes (N)
Grao en RRL e RRHH	457 (máis 68 de DI)	67
MXDL	44	16
MPTOXF	32	15

Tamén destaca no cadro, o reducido número de Persoal de Administración e Servizos (PAS) na

Facultade de Relacións Laborais. É preciso resaltar o feito de que as dúas traballadoras de administración fan unha labor imprescindible para o bo funcionamento da actividade académica do centro en todo o que atinxe ás tres titulacións antes sinaladas, pero dúas persoas resultan manifestamente insuficientes para as máis de 500 persoas matriculadas nas mesmas.

Área	Persoal
Administración	2 (Secretaría de Decanato e Responsable de Xestión Académica) + 1 Responsable de Asuntos Económicos compartido coa Facultade de Ciencias Políticas
Conserxería	4 (co-adscritos á Facultade de Ciencias Políticas)
Biblioteca	A biblioteca da facultade é a Biblioteca Concepción Arenal, que é compartida entre o presente centro, a Facultade de Ciencias Políticas e a Facultade de Dereito.

ÓRGANOS PARA O DESENVOLVEMENTO DO SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE

Os órganos para o desenvolvemento do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) clasifícanse en: (1) órganos unipersoais e (2) órganos colexiados. Os órganos unipersoais son os seguintes:

- Responsable de Calidade
- Coordinador/a de Calidade
- Coordinadores/as de Título
- Coordinadores/as de TFM
- Coordinador/a de TFG
- Coordinadores/as de prácticas en empresas para cada titulación

Pola súa parte, os órganos colexiados son os seguintes:


- Equipo decanal. No curso académico 2023-2024, o Reitor da Universidade acordou conceder un segundo vicedecanato á Facultade, co que o equipo decanal está formado na actualidade por un decano, dúas vicedecanas e un secretario.
- Comisión de Calidade do Centro (CCC).
- Comisións de Título (CT):
 1. *Comisión do Grao de Relacións Laborais e Recursos Humanos*
 2. *Comisión Intercentros do Grao de Relacións Laborais e Recursos Humanos* co obxectivo de establecer unha coordinación efectiva co centro adscrito da Escola Universitaria de Relacións Laborais de Lugo.
 3. *Comisión Académica Local do Máster Interuniversitario en Xestión e Dirección Laboral*
 4. *Comisión Académica Interuniversitaria do Máster Interuniversitario en Xestión e Dirección Laboral* para a coordinación cas Universidades de A Coruña e Vigo.
 5. *Comisión Académica do Máster en Psicoloxía do Traballo e as Organizacións e Psicoloxía Xurídica-Forense*
 6. *Comisión de Coordinación de Dobre Grao en Dereito e Relacións Laborais e Recursos Humanos*
- Comisión de TFG.
- Comisión de Xénero.

Por riba deles, está a Xunta de Facultade, o órgano colexiado de goberno do Centro, responsable, entre outras funcións, da aprobación da Memoria de Calidade así como das propostas de novos títulos e das súas modificacións.

A Figura 1 reflexa o fluxo de traballo e os procesos do SGC. Este caracterízase polo traballo cooperativo dos representantes de tódolos grupos de interese externos á institución (círculo exterior) e pertencentes a ela (círculo intermedio). Son as comisións representadas no círculo interno as que, a

través do seu desempeño e, no seu caso, dos Informes respectivos, alimentan á Comisión de Calidade (representada na figura central). Esta última cataliza a actividade dos elementos anteriormente referidos, elaborando e aprobando as propostas de modificación e mellora dos procesos e procedementos do SGC. O funcionamento da estrutura descrita na figura é a que garante, a través da continua planificación e avaliación desa mesma estrutura, do proceso e dos resultados, a consolidación dunha cultura de calidade xa asumida pola Facultade de Relacións Laborais.

Figura 1. Fluxo de actividade do SGC



Ademais das figuras descritas, no caso do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos existe a figura de **Coordinador/a de Curso**, cuxo propósito é garantir (1) a coordinación interna da actividade académica e docente de cada curso de Grao na Facultade de Relacións Laborais e (2) a coordinación da actividade académica e docente de cada curso coa Escola Universitaria de Relacións Laborais de

Lugo que, como centro adscrito, debe adherirse aos procedementos do centro académico responsable, isto é, da Facultade de Relacións Laborais de Santiago. Na actualidade exercen esta función 4 docentes da Facultade de Santiago, un por cada un dos catro cursos da titulación de Grao (1º, 2º, 3º e 4º).

DEPARTAMENTOS IMPLICADOS NA DOCENCIA DAS TITULACIÓNS IMPARTIDAS NO CENTRO

Un total de 13 departamentos e 17 áreas de coñecemento son os implicados na docencia das materias que compoñen os títulos que se imparten na Facultade de Relacións Laborais, concretamente:

1. Departamento de Ciencia Política e Socioloxía (Área de Socioloxía e Área de Psicoloxía Organizacional e Xurídica-Forense)
2. Departamento de Dereito Común (Área de Dereito civil)
3. Departamento de Dereito Público Especial e da Empresa (Área de Dereito do Traballo e da Seguridade Social, Área de Dereito Mercantil e Área de Dereito Financeiro e Tributario)
4. Departamento de Dereito Público e Teoría do Estado (Área de Dereito Administrativo e Área de Dereito Internacional Público e Relacións Internacionais)
5. Departamento de Economía Aplicada (Área de Economía Aplicada)
6. Departamento de Economía Financeira e Contabilidade (Área de Economía Financeira e Contabilidade)
7. Departamento de Electrónica e Computación (Área de Linguaxes e Sistemas Informáticos)
8. Departamento de Estatística, Análise Matemática e Optimización (Área de Estatística e Investigación Operativa)
9. Departamento de Fundamentos da Análise Económica (Área de Fundamentos da Análise Económica)
10. Departamento de Historia (Área de Historia Contemporánea)
11. Departamento de Organización de Empresas e Comercialización (Área de Organización de Empresas)
12. Psicoloxía Social, Básica e Metodoloxía (Área de Metodoloxía das Ciencias do Comportamento)
13. Departamento de Psicoloxía Clínica e Psicobioloxía (Área de Personalidade, Avaliación e Tratamento Psicolóxico)

Ademais, en cumprimento co Real Decreto RD 822/2021 de 28 de setembro polo que se establece a Organización das Ensinanzas Universitarias e do Procedemento de Aseguramento da Calidade, as titulacións impartidas no centro quedaron adscritas aos seguintes ámbitos de coñecemento:

- *Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos*: Ámbito das Ciencias Sociais, Traballo Social, Relacións Laborais e Recursos Humanos, Socioloxía, Ciencia Política e Relacións Internacionais.
- *Máster en Xestión e Dirección Laboral*: Ámbito das Ciencias Sociais, Traballo Social, Relacións Laborais e Recursos Humanos, Socioloxía, Ciencia Política e Relacións Internacionais.
- *Máster en Psicoloxía do Traballo e as Organizacións e Psicoloxía Xurídico-Forense*: Ámbito de Ciencias do Comportamento e Psicoloxía.

DOCUMENTACIÓN DE REFERENCIA DO SGC

Finalmente, respecto á documentación de referencia do SGC do Centro, a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) avaliou positivamente o deseño do Sistema de Garantía Interna de Calidade aplicable a todas as ensinanzas oficiais impartidas no centro o 15 de decembro de 2011. Ademais, avaliou positivamente e renovou a acreditación do título de Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos o 12 de decembro de 2023. Os títulos de Máster en Xestión e Dirección Laboral e de Máster en Psicoloxía do Traballo e as Organizacións e Psicoloxía Xurídico-Forense foron avaliados positivamente e a súa acreditación foi renovada o 15 de outubro de 2019 e o

5 de xuño de 2019, respectivamente.

En consonancia cos regulamentos, instrucións e normas xerais da Universidade de Santiago, cabe referir a seguinte documentación interna propia da Facultade de Relacións Laborais:

- Regulamento de Réxime Interno
- Memoria de implantación do Dobre Itinerario (pendente de modificación)
- Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos Traballos de Fin de Grao
- Regulamento do Traballo Fin de Máster do MXDL e do MPTOXF
- Manual do SGC e Manual de Procesos do Centro
- Memorias verificadas dos títulos de Grao e Másters

De acordo co procedemento establecido (PE-02) para a elaboración desta Memoria, as Comisións de Título achegaron á Comisión de Calidade as súas análises do desenvolvemento e resultados do programa formativo durante o curso 2022-2023 (ao final deste documento inclúese o enlace aos AutoInformes de Seguimento do GrRL, do MXDL e do MPTOXF), así como o Plan de Melloras.

2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados

Directriz 1. Política e obxectivos de calidade

Estándar: o centro dispón dunha política e obxectivos de calidade que atenden ás necesidades e expectativas dos diferentes grupos de interese e se despregan por medio dun SGC estruturado como un proceso sistemático e cíclico que contempla os catro elementos do ciclo de mellora: planificar, desenvolver, analizar e actuar (mellorar) e inclúe mecanismos para a súa revisión e mellora continua.

Aspectos a contemplar:

- A vixencia da Política de Calidade.
- A evolución e grao de cumprimento do Plan Estratéxico do Centro, se é o caso.
- A evolución e grao de cumprimento dos obxectivos de calidade do centro.
- A evolución do proceso de elaboración desenvolvemento e seguimento do Plan de Melloras Anual do Centro (as accións de mellora terán un apartado específico, pero neste apartado debe valorarse se o SGC permite introducir melloras nos títulos, se se realiza correctamente o seu seguimento, se foron eficaces e conseguiron os obxectivos formulados, e se inclúen as recomendacións dos diferentes procesos de verificación, modificación, seguimento e acreditación).
- No caso de títulos interuniversitarios ou títulos que se imparten en varios centros da universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes.
- A vixencia e adecuación dos procesos, procedementos e documentación do SGC. Necesidade, se é o caso, de realizar cambios na xestión do Sistema de Garantía de Calidade.
- A adecuación e eficacia dos mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Como se veu sinalando nas Memorias de Calidade referidas aos cursos académicos previos, a política de calidade, aínda que sempre se respectou, viuse fortemente condicionada pola aplicación do Plan de Continxencia motivado pola crise do COVID-19 e polas normas e resolucións dos órganos de goberno da USC. Como consecuencia disto, dende o curso académico 2019-2020 ata o 2021-2022, a docencia das distintas titulacións impartíuse coas restricións acordadas para cada escenario vixente en cada momento. O curso académico 2022-2023 foi o primeiro curso que se impartiu con total normalidade e no que as modificacións levadas a cabo nos cursos académicos 2019-2020, 2020-2021 e 2021-2022 se restituíron por unha actividade académica normal.

Por este conxunto de motivos, a necesidade de adaptar a Planificación Académica Anual durante os cursos académicos citados ás esixencias mencionadas, multiplicou o esforzo de tódolos grupos de interese. Ademais, no referido á periodicidade da revisión da Política de Calidade da Facultade de Relacións Laborais, a actualización máis recente é do 15 de xullo de 2019, data na que a Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno (en adiante CCPdCG) aprobou os documentos que conforman o Sistema de Garantía de Calidade: Manual do SGC e Manual de procesos do Centro.

Respecto do Plano Estratéxico do Centro (proceso PE-01, *Planificación estratéxica*), dictada a resolución reitoral de 7 de outubro de 2020, referida aos instrumentos de planificación estratéxica da USC de cara aos procesos relacionados cos SGC dos Centros, a Facultade de Relacións Laborais aprobou un Plan Estratéxico Ponte, segundo establece o apartado segundo da citada resolución.

Nos seguintes apartados, procédeuse a describir o plan de melloras relativo a cada unha das titulacións impartidas no centro.

1. PLAN DE MELLORAS DO GRAO EN RELACIÓNS LABORAIS E RECURSOS HUMANOS

En primeiro lugar, descríbense dúas accións de mellora que foron deseñadas no curso académico 2020-2021 pero que tiveron que posporse no tempo e diferirse para a súa realización posterior. Na actualidade, ambas accións están finalizadas.

1.1 GRL-AM1 (SANTIAGO 2020-2021)

OBXECTIVO A CONSEGUIR: Creación de material audiovisual de motivación dirixido ao alumnado e ao futuro alumnado da titulación para o coñecemento do título e das súas saídas profesionais e académicas			
RESPONSABLE DO OBXECTIVO: Comisión do Título de Grao		DATA INICIO: 30-09-2020 DATA FIN: 15-03-2023	
Procesos clave relacionados	PC-01-ANÁLISE DO PERFIL DE INGRESO E CAPTACIÓN PC-05-ANÁLISE DE RESULTADOS E MELLORA DOS PROGRAMAS		
Indicadores de medición	- Taxa de abandono de 1º curso - Relación estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre prazas ofertadas	Meta a conseguir	- Diminución da taxa de abandono de 1º curso - Incremento da relación estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre prazas ofertadas
Acción de mellora relacionada (código)	GRL-AM1 (Santiago – 2020-2021) (Diferida para o curso 2021-2022 e finalmente realizada no curso 2022-2023 polas limitacións presupostarias anteriores)		
GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO E DA ACCIÓN DE MELLORA			
Valor dos indicadores	- <i>Taxa de abandono 1º curso:</i> *Grao: Curso 2021-2022: 27.85% / Curso 2022-2023: 19.32% *Dobre Grao: Curso 2021-2022: 70.83% / Curso 2022-2023: 26.09% - <i>Relación estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre prazas ofertadas:</i> *Grao: Curso 2021-2022: 46.67% / Curso 2022-2023: 72.22% *Dobre Grao: Curso 2021-2022: 100% / Curso 2022-2023: 105%		
Grao de consecución da meta	Alta		

1.2 GRL-AM2 (SANTIAGO 2020-2021)

OBXECTIVO A CONSEGUIR: Convocar sesións informativas para o alumnado de 3º e 4º curso de Grao sobre a metodoloxía e elaboración do TFG			
RESPONSABLE DO OBXECTIVO: Equipo decanal		DATA INICIO: 01-09-2021 DATA FIN: 30-06-2022	
Procesos clave relacionados	PC-05-ANÁLISE DE RESULTADOS E MELLORA DOS PROGRAMAS		
Indicadores de medición	- Taxa de graduación - Duración media dos estudos	Meta a conseguir	- Incremento da taxa de graduación - Diminución da duración media dos estudos
Acción de mellora relacionada	GRL-AM2 (Santiago – 2020-2021) (Diferida para o curso 2021-2022)		
GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO E DA ACCIÓN DE MELLORA			
Valor dos indicadores	- <i>Taxa de graduación:</i> *Grao: Curso 2021-2022: 42.5% / Curso 2022-2023: 60.53% *Dobre Grao: Curso 2021-2022: 80% / Curso 2022-2023: 47.37% - <i>Duración media dos estudos:</i> *Grao: Curso 2021-2022: 4.68 anos / Curso 2022-2023: 5.09 anos *Dobre Grao: Curso 2021-2022: 6 anos / Curso 2022-2023: 6 anos		
Grao de consecución da meta	Parcial		

A continuación, móstranse as accións de mellora incluídas na memoria do Grao e Dobre Grao do curso académico 2021-2022, algunhas das cales se realizaron no curso 2022-2023 e outras que se seguen a aplicar no actual curso 2023-2024.

1.3 GRL-AM1 (SANTIAGO 2021-2022)

OBXECTIVO A CONSEGUIR: Realización de reunións e enquisas ao alumnado para coñecer os problemas e dificultades que atopan na realización do Grao			
RESPONSABLE DO OBXECTIVO: Equipo decanal		DATA INICIO: 01-01-2023 DATA FIN: 30-04-2023	
Procesos clave relacionados	PC-03-APOIO A ESTUDANTES PC-04-DESENVOLVEMENTO DAS ENSINANZAS		
Indicadores de medición	- Taxa de abandono 1º curso - Taxa de abandono RD 1393/2007	Meta a conseguir	Diminuír a taxa de abandono do estudiantado
Acción de mellora relacionada	GRL-AM1 (Santiago – 2021-2022)		
GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO E DA ACCIÓN DE MELLORA			
Valor dos indicadores	- <i>Taxa de abandono 1º curso:</i> *Grao: Curso 2021-2022: 27.85% / Curso 2022-2023: 19.32% *Dobre Grao: Curso 2021-2022: 70.83% / Curso 2022-2023: 26.09% - <i>Taxa de abandono RD 1393/2007:</i> *Grao: Curso 2021-2022: 30.0% / Curso 2022-2023: 11.84% anos *Dobre Grao: Curso 2021-2022: 20% / Curso 2022-2023: 52.63%		
Grao de consecución da meta	Grao de consecución elevado para o Grao e parcial para o Dobre Itinerario		

1.4 GRL-AM2 (SANTIAGO 2021-2022)

OBXECTIVO A CONSEGUIR: Suprimir o solapamento de contidos entre materias de Grao			
RESPONSABLE DO OBXECTIVO: Coordinador/a de Grao		DATA INICIO: 15-03-2023 DATA FIN: 30-06-2023	
Procesos clave relacionados	PC-04-DESENVOLVEMENTO DAS ENSINANZAS		
Indicadores de medición	- Satisfacción do alumnado coa docencia recibida	Meta a conseguir	Suprimir o solapamento de contidos entre materias impartidas no Grao
Acción de mellora relacionada	GRL-AM2 (Santiago – 2021-2022)		
GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO E DA ACCIÓN DE MELLORA			
Valor dos indicadores	- <i>Satisfacción do alumnado coa docencia recibida:</i> *Grao: Curso 2021-2022: 3.86% / Curso 2022-2023: 4.04% / Curso 2023-2024: Pendente de coñecer		
Grao de consecución da meta	Pendente		

1.5 GRL-AM3 (SANTIAGO 2021-2022)

OBXECTIVO A CONSEGUIR: Incrementar a % de alumnos/as que defenden o TFG en cada convocatoria			
RESPONSABLE DO OBXECTIVO: Equipo decanal		DATA INICIO: setembro de 2023 DATA FIN: Parcialmente diferida ao curso académico 2024-2025 pola imposibilidade de levar a cabo unha das tarefas.	
Procesos clave relacionados	PC-05-ANÁLISE DE RESULTADOS E MELLORA DOS PROGRAMAS		
Indicadores de medición	- Taxas de avaliación e rendemento da materia TFG - Taxa de graduación	Meta a conseguir	- Incremento das taxas de avaliación e rendemento da materia TFG - Incremento da taxa de graduación
Acción de mellora relacionada	GRL-AM3 (Santiago – 2021-2022)		
GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO E DA ACCIÓN DE MELLORA			
Valor dos indicadores	- <i>Taxa de avaliación:</i> *TFG Grao: Curso 2021-2022: 50% / Curso 2022-2023: 51.97% / Curso 2023-2024: pendente *TFG Diplomados: Curso 2021-2022: 18.75% / Curso 2022-2023: 40% / Curso 2023-2024: pendente - <i>Taxa de rendemento:</i> * TFG Grao: Curso 2021-2022: 50% / Curso 2022-2023: 51.97% / Curso 2023-2024: pendente *TFG Diplomados: Curso 2021-2022: 18.75% / Curso 2022-2023: 40% / Curso 2023-2024: pendente - <i>Taxa de graduación:</i> *Grao: Curso 2021-2022: 42.5% / Curso 2022-2023: 60.53% / 2023-2024: pendente		
Grao de consecución da meta	Pendente		

A continuación, describense as accións de mellora referidas á titulación de Grao de aplicación conxunta tanto na Facultade de Relacións Laborais de Santiago como no centro adscrito, a Escola Universitaria de Relacións Laborais de Lugo, que foron incluídas no Informe de Renovación da Acreditación sobre o curso 2021-2022.

1.6 GRL-AM1 (SANTIAGO E LUGO 2021-2022)

OBXECTIVO A CONSEGUIR: Fortalecemento dos mecanismos de coordinación entre a sede de Santiago, a Facultade de Relacións Laborais, e o centro adscrito, a Escola Universitaria de Lugo											
RESPONSABLE DO OBXECTIVO: Decano/a da Facultade de Santiago e Directora da Escola Universitaria de Lugo						DATA INICIO: outubro de 2023 DATA FIN: decembro de 2025					
Procesos clave relacionados		PC-05-ANÁLISE DE RESULTADOS E MELLORA DOS PROGRAMAS									
Indicadores de medición		- Taxas de avaliación, rendemento e éxito promedio para cada curso de Grao (1º, 2º, 3º, e 4º).			Meta a conseguir			Reducir as diferencias nas taxas de avaliación, rendemento e éxito un 10% entre a sede de Santiago e a de Lugo.			
Acción de mellora relacionada		GRL-AM1 (Santiago e Lugo 2021-2022)									
GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO E DA ACCIÓN DE MELLORA											
Valor dos indicadores		2021-2022			2022-2023			2023-2024			
			S	L	Dif.	S	L	Dif.	S	L	Dif.
		T. Rdto 1º	53.33	70.29	16,96	68.37	76.09	7,72	-	-	-
		T. Rdto 2º	70.92	91.57	20,65	67.57	76.21	8,64	-	-	-
		T. Rdto 3º	79.48	86.07	6,59	77.88	88.78	10,90	-	-	-
		T. Rdto 4º	77.71	87.87	10,16	75.13	79.94	4,81	-	-	-
		T. Éx 1º	67.07	76.85	9,78	75.12	90.15	15,03	-	-	-
		T. Éx 2º	79.39	95.32	15,93	76.41	86.72	10,31	-	-	-
		T. Éx 3º	89.08	92.09	3,01	89.98	93.85	3,87	-	-	-
		T. Éx 4º	94.84	98.45	3,61	92.54	98.85	6,31	-	-	-
		T. Av 1º	79.58	90.75	11,17	90.47	84.40	6,07	-	-	-
		T. Av 2º	87.79	96.03	8,24	87.71	87.94	0,23	-	-	-
		T. Av 3º	88.95	93.35	4,40	86.20	94.22	8,02	-	-	-
		T. Av 4º	83.27	87.16	3,89	80.9	76.89	4,01	-	-	-
Grao de consecución da meta		Pendente									

Nota. T. Rdto. = taxa de rendemento; T. Ex = taxa de éxito; T. Av = taxa de avaliación, Dif. = diferenza absoluta.

1.7 GRL-AM2 (SANTIAGO E LUGO 2021-2022)

OBXECTIVO A CONSEGUIR: Diminuír a taxa de abandono do estudantado mediante a creación dunha canle de comunicación co alumnado que permita detectar as intencións de abandono e tratar de solventalas na medida do posible										
RESPONSABLE DO OBXECTIVO: Decano/a da Facultade de Santiago e Directora da Escola Universitaria de Lugo						DATA INICIO: Curso 2023-2024 DATA FIN: Curso 2024-2025				
Procesos clave relacionados		PC-05-ANÁLISE DE RESULTADOS E MELLORA DOS PROGRAMAS								
Indicadores de medición		- Taxa de abandono 1º curso - Taxa de abandono RD 1393/2007			Meta a conseguir			Diminuír a taxa de abandono do estudantado		
Acción de mellora relacionada		GRL-AM2 (Santiago e Lugo 2021-2022)								
GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO E DA ACCIÓN DE MELLORA										

Valor dos indicadores	<p>- <i>Taxa de abandono 1º curso (Santiago):</i> *Grao: Curso 2021-2022: 27.85% / Curso 2022-2023: 19.32% / Curso 2023-2024: pendente *Dobre Grao: Curso 2021-2022: 70.83% / Curso 2022-2023: 26.09% / Curso 2023-2024: pendente</p> <p>- <i>Taxa de abandono RD 1393/2007 (Santiago):</i> *Grao: Curso 2021-2022: 30.0% / Curso 2022-2023: 11.84% / Curso 2023-2024: pendente *Dobre Grao: Curso 2021-2022: 20% / Curso 2022-2023: 52.63% / Curso 2023-2024: pendente</p> <p>- <i>Taxa de abandono 1º curso (Lugo):</i> *Grao: Curso 2021-2022: 8.33% / Curso 2022-2023: 21.05% / Curso 2023-2024: pendente</p> <p>- <i>Taxa de abandono RD 1393/2007 (Lugo):</i> *Grao: Curso 2021-2022: 20.83% / Curso 2022-2023: 25% / Curso 2023-2024: pendente</p>
Grao de consecución da meta	Pendente

1.8 GRL-AM3 (SANTIAGO E LUGO 2021-2022)

OBXECTIVO A CONSEGUIR: Mellorar os mecanismos de control da calidade dos recursos materiais e servizos postos a disposición dos distintos grupos de interese (alumnado, PDI, PAS)			
RESPONSABLE DO OBXECTIVO: Decano da Facultade de Santiago e Directora da Escola Universitaria de Lugo		DATA INICIO: setembro de 2023 DATA FIN: curso 2024-2025	
Procesos clave relacionados	PS-02-XESTIÓN DOS RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS		
Indicadores de medición	<p>Items relacionados coas instalacións e servizos das enquisas de satisfacción de:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Alumnado coa titulación - PDI coa titulación - PAS 	Meta a conseguir	Mellorar os mecanismos de control de calidade dos recursos materiais e servizos cunha avaliación directa dos usuarios que permita extraer conclusións.
Acción de mellora relacionada	GRL-AM3 (Santiago e Lugo 2021-2022)		
GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO E DA ACCIÓN DE MELLORA			
Valor dos indicadores	<p>Enquisas de satisfacción do alumnado coa titulación *Ítem “Satisfacción coas infraestruturas e os materiais dispoñibles” Curso 21-22: 2.95 / Curso 22-23: 3.39 / Curso 23-24: pendente</p> <p>Enquisas de satisfacción do PDI coa titulación * Ítem “Satisfacción coas aulas e equipamentos” Curso 21-22: 4.25 / Curso 22-23: 4.11 / Curso 23-24: pendente</p> <p>Enquisas de satisfacción do PAS * Ítem “Accesibilidade ao lugar de traballo” Curso 21-22: 5 / Curso 22-23: 5 / Curso 23-24: pendente * Ítem “Seguridade do lugar de traballo” Curso 21-22: 5 / Curso 22-23: 5 / Curso 23-24: pendente * Ítem “Satisfacción coas condicións (p. ex., mantemento, mobiliario)” Curso 21-22: 4.5 / Curso 22-23: 4 / Curso 23-24: pendente * Ítem “Os recursos son axeitados (p. ex., equipamento)” Curso 21-22: 4.5 / Curso 22-23: 5 / Curso 23-24: pendente</p>		
Grao de consecución da meta	Pendente		

1.9 GRL-AM4 (SANTIAGO E LUGO 2021-2022)

OBXECTIVO A CONSEGUIR: Incrementar a taxa de resposta do alumnado ás enquisas de satisfacción coa docencia recibida			
RESPONSABLE DO OBXECTIVO: Decano da Facultade de Santiago e Directora da Escola Universitaria de Lugo		DATA INICIO: novembro de 2023 DATA FIN: maio de 2024	
Procesos clave relacionados	PC-05-ANÁLISE DE RESULTADOS E MELLORA DOS PROGRAMAS		
Indicadores de medición	- Porcentaxe de participación do alumnado nas enquisas de avaliación da satisfacción coa docencia recibida.	Meta a conseguir	Alcanzar un 60% de taxa de participación do alumnado.
Acción de mellora relacionada	GRL-AM4 (Santiago e Lugo 2021-2022)		
GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO E DA ACCIÓN DE MELLORA			
Valor dos indicadores	Taxa de participación do alumnado de Grao coa docencia recibida: *Santiago: Curso 2021-2022: 21.63% / Curso 2022-2023: 18.54% / Curso 2023-2024: pendente *Lugo: Curso 2021-2022: 20% / Curso 2022-2023: 10.43% / Curso 2023-2024: pendente		
Grao de consecución da meta	Pendente		

2. PLAN DE MELLORAS DO MÁSTER EN XESTIÓN E DIRECCIÓN LABORAL

As accións de mellora do Máster en Xestión e Dirección Laboral deseñadas no curso 2023-2024 e incluídas no Informe para a Renovación da Acreditación 2022-2023, son as seguintes:

2.1 MXDL-AM9 (INCLUÍDA NO INFORME DE RENOVACIÓN DA ACREDITACIÓN 2022-2023)

OBXECTIVO A CONSEGUIR: Obter información sobre os indicadores de maior relevancia da sede de Vigo			
RESPONSABLE DO OBXECTIVO: Comisión Interuniversitaria do Título		DATA INICIO: maio 2024 DATA FIN: xullo 2025	
Procesos clave relacionados	PS-03-XESTIÓN DOCUMENTAL PS-06-INFORMACIÓN PÚBLICA		
Indicadores de medición	Indicadores de: -Planificación e desenvolvemento das ensinanzas (p. ex., satisfacción dos diversos colectivos) -Resultados do aprendizaxe -Xestión de recursos humanos e materiais	Meta a conseguir	Obter información sobre indicadores específicos referidos á sede de Vigo.
Acción de mellora relacionada (código)	MXDL-AM10 (Informe de seguimento 2022-2023)		
GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO E DA ACCIÓN DE MELLORA			
Valor dos indicadores	Pendente		
Grao de consecución da meta	Pendente		

2.2 MXDL-AM8 (INCLUÍDA NO INFORME DE RENOVACIÓN DA ACREDITACIÓN 2022-2023)

OBXECTIVO A CONSEGUIR: Aumentar a porcentaxe de TFM que se defenden cada curso académico			
RESPONSABLE DO OBXECTIVO: Coordinación do MXDL (USC) e Coordinación de TFM (USC)		DATA INICIO: xuño 2024 DATA FIN: novembro 2025	
Procesos clave relacionados	PC-05-ANÁLISE DOS RESULTADOS E MELLORA DOS PROGRAMAS		

Indicadores de medición	<ul style="list-style-type: none"> - Taxa de rendemento da materia TFM - Taxa de avaliación da materia TFM - Taxa de graduación 	Meta a conseguir	Incrementar a porcentaxe de TFM defendidos en cada curso académico co consecuente incremento das taxas de resultados da aprendizaxe da materia TFM.
Acción de mellora relacionada (código)	MXDL-AM9 (Informe de seguimento 2022-2023)		
GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO E DA ACCIÓN DE MELLORA			
Valor dos indicadores	Taxa de rendemento TFM Curso 20-21: 53,85% / Curso 21-22: 36,59% / Curso 22-23: 32,56% / Curso 23-24: pendente Taxa de avaliación TFM Curso 20-21: 56.41% / Curso 21-22: 36.59% / Curso 22-23: 32.56% / Curso 23-24: pendente Taxa de graduación do título Curso 20-21: 77.27% / Curso 21-22: 58.82% / Curso 22-23: 44% / Curso 23-24: pendente		
Grao de consecución da meta	Pendente		

A continuación, descríbense as accións de mellora deseñadas en cursos previos: (1) unha acción de mellora incluída no informe de seguimento 2020-2021 (AM7-2020-2021) e (2) seis accións de mellora incluídas no informe de renovación da acreditación 2019 (dende a AM1-2019-2020 ata a AM6-2019-2020). Todas elas finalizaron no curso académico 2022-2023.

2.3 MXDL-AM7 (INCLUÍDA NO INFORME DE SEGUIMENTO DO TÍTULO 2020-2021)

OBXECTIVO A CONSEGUIR: Realizar unha enquisa ao alumnado para analizar as causas da baixa taxa de defensa dos TFM			
RESPONSABLE DO OBXECTIVO: Coordinación do MXDL na USC		DATA INICIO: setembro 2021 DATA FIN: decembro 2022	
Procesos clave relacionados	PC-05-ANÁLISE DE RESULTADOS E MELLORA DOS PROGRAMAS		
Indicadores de medición	Taxas de resultados do aprendizaxe do alumnado	Meta a conseguir	Mellorar as taxas de resultados do aprendizaxe referidas á materia TFM
Acción de mellora relacionada (código)	MXDL-AM7 (Plan de Melloras do Informe de Renovación da Acreditación 2019)		
GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO E DA ACCIÓN DE MELLORA			
Valor dos indicadores	Aínda que se levaron a cabo algunhas medidas para mellora a taxa de defensa de TFM mediante a realización de talleres de TFM, a celebración de reunións con alumnos, o envío de correos electrónicos como recordatorio aos alumnos para que se puxesen en contacto cos titores e o adianto dos prazos para a máis pronta asignación de titor e tema, a taxa segue sendo moi reducida.		
Grao de consecución da meta	Grao de consecución parcial		

2.4 MXDL-AM6 (PLAN DE MELLORAS DO INFORME DE RENOVACIÓN DA ACREDITACIÓN 2019)

OBXECTIVO A CONSEGUIR: Aumentar a satisfacción dos estudantes con diversos aspectos de organización, coordinación do título e organización académica			
RESPONSABLE DO OBXECTIVO: Coordinación do Máster nas sedes de Santiago e Vigo		DATA INICIO: curso 2019-2020 DATA FIN: curso 2020-2021	
Procesos clave relacionados	PC-05-ANÁLISE DE RESULTADOS E MELLORA DOS PROGRAMAS PS-04-SATISFACCIÓN, EXPECTATIVAS E NECESIDADES		
Indicadores de medición	- Taxa de satisfacción do estudiantado coa titulación	Meta a conseguir	Mellora dos datos de satisfacción dos estudantes coa titulación e coa docencia recibida

	- Taxa de satisfacción do estudantado coa docencia recibida		
Acción de mellora relacionada (código)	MXDL-AM6 (Plan de Melloras do Informe de Renovación da Acreditación 2019)		
GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO E DA ACCIÓN DE MELLORA			
Valor dos indicadores	Realizadas as reunións previstas da Comisión Interuniversitaria e das Comisións Académicas do Máster nas respectivas sedes, os niveis de satisfacción do alumnado melloraron.		
Grao de consecución da meta	Grao de consecución elevado		

2.5 MXDL-AM5 (PLAN DE MELLORAS DO INFORME DE RENOVACIÓN DA ACREDITACIÓN 2019)

OBXECTIVO A CONSEGUIR: Manter un número estable de estudantes de novo ingreso nas tres sedes do MXDL (USC, UDC e UVigo)			
RESPONSABLE DO OBXECTIVO: Comisión Interuniversitaria e Coordinador/a do MXDL en cada unha das súas sedes		DATA INICIO: curso 2019-2020 DATA FIN: curso 2020-2021	
Procesos clave relacionados	PC-01-ANÁLISE DO PERFIL DE INGRESO E CAPTACIÓN		
Indicadores de medición	Indicadores de demanda do título	Meta a conseguir	Estabilizar a demanda do título garantindo un perfil de ingreso axeitado.
Acción de mellora relacionada (código)	MXDL-AM5 (Plan de Melloras do Informe de Renovación da Acreditación 2019)		
GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO E DA ACCIÓN DE MELLORA			
Valor dos indicadores	A coordinación do máster considera satisfactorios os resultados das accións realizadas en base ao aumento do número de estudantes matriculados.		
Grao de consecución da meta	Grao de consecución elevado		

2.6 MXDL-AM4 (PLAN DE MELLORAS DO INFORME DE RENOVACIÓN DA ACREDITACIÓN 2019)

OBXECTIVO A CONSEGUIR: Aumentar a taxa participación dos estudantes nas enquisas de satisfacción			
RESPONSABLE DO OBXECTIVO: Coordinador/a do MXDL nas sedes de Santiago e Vigo		DATA INICIO: setembro 2021 DATA FIN: xuño 2022	
Procesos clave relacionados	PC-05-ANÁLISE DE RESULTADOS E MELLORA DOS PROGRAMAS		
Indicadores de medición	Aumento das taxas de participación do alumnado nas enquisas de satisfacción	Meta a conseguir	Maximizar a participación do alumnado nas enquisas de satisfacción coa docencia e/ou coa titulación, para a mellora do proceso de ensino-aprendizaxe
Acción de mellora relacionada (código)	MXDL-AM4 (Plan de Melloras do Informe de Renovación da Acreditación 2019)		
GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO E DA ACCIÓN DE MELLORA			
Valor dos indicadores	Celebrouse co alumnado unha sesión co fin de explicar a importancia e modo de facer as enquisas de ámbolos dous cuadrimestres. Ademais, na USC convocouse ao estudantado para o cumprimento presencial das enquisas informatizadas. O mesmo foi verificado por máis do 83%, duplicando amplamente os resultados de anteriores edicións, polo que se debe persistir nesta estratexia.		
Grao de consecución da meta	-		

2.7 MXDL-AM3 (PLAN DE MELLORAS DO INFORME DE RENOVACIÓN DA ACREDITACIÓN 2019)

OBXECTIVO A CONSEGUIR: Elaboración dun listado de indicadores do SGC que permita comparar os resultados nas tres sedes universitarias (USC, UDC e UVigo)			
---	--	--	--

RESPONSABLE DO OBXECTIVO: Comisión Interuniversitaria do título		DATA INICIO: curso 2020-2021 DATA FIN: curso 2021-2022	
Procesos clave relacionados	PC-05-ANÁLISE DE RESULTADOS E MELLORA DOS PROGRAMAS		
Indicadores de medición	Elaboración dun listado de indicadores común da titulación	Meta a conseguir	Dispoñer dun sistema de indicadores comúns que facilite a comparación dos resultados obtidos no MXDL en conxunto.
Acción de mellora relacionada (código)	MXDL-AM3 (Plan de Melloras do Informe de Renovación da Acreditación 2019)		
GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO E DA ACCIÓN DE MELLORA			
Valor dos indicadores	Puxéronse en coñecemento das Areas de Calidade as dificultades derivadas das diferencias entre os indicadores e informes facilitados por cada sede, sen que, polo de agora, se procedera á unificación de criterios. A Comisión Interuniversitaria considera que é unha cuestión que supera as competencias de coordinación do Máster.		
Grao de consecución da meta	Grao de consecución moi escaso		

2.8 MXDL-AM2 (PLAN DE MELLORAS DO INFORME DE RENOVACIÓN DA ACREDITACIÓN 2019)

OBXECTIVO A CONSEGUIR: Filtrado dos convenios establecidos coas organizacións ou empresas, a fin de eliminar aquelas que non respondan aos obxectivos das prácticas do MXDL			
RESPONSABLE DO OBXECTIVO: Comisión Interuniversitaria do título e coordinadores/as de prácticas externas do MXDL en cada unha das súas sedes (USC, UDC e UVigo).		DATA INICIO: curso 2019-2020 DATA FIN: curso 2020-2021	
Procesos clave relacionados	PC-04-DESENVOLVEMENTO DAS ENSIANZAS		
Indicadores de medición	Elaboración dun listado de empresas coas que asinar convenios en función do resultado da análise dos informes de prácticas do alumnado	Meta a conseguir	Que as prácticas en empresa contribúan de forma significativa á adquisición de competencias por parte do alumnado do MXDL
Acción de mellora relacionada (código)	MXDL-AM2 (Plan de Melloras da Renovación da Acreditación 2019)		
GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO E DA ACCIÓN DE MELLORA			
Valor dos indicadores	Levouase a cabo a análise dos informes periódicos e as memorias nos que o alumnado describe as tarefas desenvolvidas nas empresas/institucións nas que realizou as prácticas e a utilidade das mesmas. Coa información obtida elaborouse un listado das entidades non adecuadas para a realización de prácticas externas.		
Grao de consecución da meta	Grao de consecución elevado		

2.9 MXDL-AM1 (PLAN DE MELLORAS DO INFORME DE RENOVACIÓN DA ACREDITACIÓN 2019)

OBXECTIVO A CONSEGUIR: Revisión da memoria do título e das guías docentes das materias para a mellora da coordinación entre as tres sedes no que respecta ás competencias e ao sistema de avaliación das materias comúns			
RESPONSABLE DO OBXECTIVO: Comisión Interuniversitaria do Título		DATA INICIO: curso 2020-2021 DATA FIN: curso 2021-2022	
Procesos clave relacionados	PC-04-DESENVOLVEMENTO DAS ENSIANZAS		
Indicadores de medición	Guías docentes das materias afectadas	Meta a conseguir	Coincidencia nas tres sedes universitarias das materias comúns do plan de estudos no que se refire a competencias asignadas e sistemas de avaliación.
Acción de mellora relacionada (código)	MXDL-AM1 (Plan de Melloras do Informe de Renovación da Acreditación 2019)		
GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO E DA ACCIÓN DE MELLORA			

Valor dos indicadores	Despois de revisar as guías docentes para unificar as competencias das materias afíns, elaborouse un listado de contidos básicos a incorporar nos distintos programas. Asemade, aprobouse a implantación dun sistema de rúbricas para os TFM.
Grao de consecución da meta	Grao de consecución parcial

3. PLAN DE MELLORAS DO MÁSTER EN PSICOLOXÍA DO TRABALLO E AS ORGANIZACIÓNS E PSICOLOXÍA XURÍDICA-FORENSE

A continuación, descríbense as accións de mellora do Máster en Psicoloxía do Traballo e as Organizacións e Psicoloxía Xurídico-Forense incluídas no Informe para a Renovación da Acreditación 2022-2023.

3.1 MPTOXF-AM1 (2022-2023) (INCLUÍDA NO INFORME DE RENOVACIÓN DA ACREDITACIÓN 2022-2023)

OBXECTIVO A CONSEGUIR: Completar a formación no ámbito da psicoloxía xurídica incorporando a oferta de dúas materias de carácter optativo na especialidade de Psicoloxía Xurídica-Forense			
RESPONSABLE DO OBXECTIVO: Coordinación do Máster, Comisión de profesores da especialidade de Psicoloxía Xurídica-Forense e Decanato da Facultade de RRLL			DATA INICIO: 01-09-2022 DATA FIN: 01-11-2024
Procesos clave relacionados	PC-02 PLANIFICACIÓN DAS ENSINANZAS		
Indicadores de medición	Memoria Verificada do Título	Meta a conseguir	Incorporar dúas materias optativas na especialidade de Psicoloxía Xurídico Forense
Acción de mellora relacionada (código)	MPTOXF-AM1 (2022-2023)		
GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO E DA ACCIÓN DE MELLORA			
Valor dos indicadores	Pendente		
Grao de consecución da meta	Pendente		

3.2 MPTOXF-AM2 (2022-2023) (INCLUÍDA NO INFORME DE RENOVACIÓN DA ACREDITACIÓN 2022-2023)

OBXECTIVO A CONSEGUIR: Mellorar a transparencia da información respecto aos procesos de TFM, Prácticas externas e PAT do máster			
RESPONSABLE DO OBXECTIVO: Coordinación do Máster, Coordinación do PAT, Coordinación de TFM, Coordinación das dúas especialidades de Prácticas Externas			DATA INICIO: 01-09-2020 DATA FIN: 31-12-2024
Procesos clave relacionados	PC-04 DESENVOLVEMENTO DAS ENSINANZAS PS-06 INFORMACIÓN PÚBLICA		
Indicadores de medición	Indicadores de satisfacción do alumnado e profesorado coa titulación Indicadores de satisfacción do alumnado e dos titores coas prácticas profesionais	Meta a conseguir	Mellorar os indicadores de satisfacción do alumnado e profesorado coa titulación e do alumnado e titores coas prácticas profesionais
Acción de mellora relacionada (código)	MPTOXF-AM2 (2022-2023)		
GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO E DA ACCIÓN DE MELLORA			
Valor dos indicadores	Pendente		

Grao de consecución da meta	Pendente		
3.3 MPTOXF-AM3 (2022-2023) (INCLUÍDA NO INFORME DE RENOVACIÓN DA ACREDITACIÓN 2022-2023)			
OBXECTIVO A CONSEGUIR: Mellora da difusión da cultura de calidade e participación dos grupos de interese do centro e da titulación (profesorado, estudantes, egresados, PAS)			
RESPONSABLE DO OBXECTIVO: Coordinación do Máster, Decanato do Centro e Comisión de Calidade do Centro		DATA INICIO: 01-09-2022 DATA FIN: 01-11-2024	
Procesos clave relacionados	PC-04 DESENVOLVEMENTO DAS ENSINANZAS PS-06 INFORMACIÓN PÚBLICA		
Indicadores de medición	Indicadores de satisfacción do alumnado e dos distintos colectivos vinculados á realización de prácticas profesionais.	Meta a conseguir	Mellorar os indicadores de satisfacción dos distintos colectivos e incrementar as taxas de participación nas enquisas de satisfacción
Acción de mellora relacionada (código)	MPTOXF_AM3 (2022-2023)		
GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO E DA ACCIÓN DE MELLORA			
Valor dos indicadores	Pendente		
Grao de consecución da meta	Pendente		

Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos

Estándar: O centro ten implantados procedementos para o deseño, a aprobación a revisión periódica dos seus programas formativos (verificación, seguimento, modificación e renovación da acreditación dos títulos oficiais), e se procede da súa extinción. Estas revisións deben conducir á mellora continua de todos os títulos.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados co deseño, a revisión, a mellora e, se procede, a extinción (garantías do alumnado en caso de que se produza a extinción ou suspensión dunha titulación e facelo público) dos programas formativos.
- Análise das accións desenvolvidas sobre o deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
 - cumprimento do incluído nas memorias verificadas para facilitar a implantación de modificacións no seu caso e atender ao ciclo de garantía externa das titulacións, en canto a seguimento e renovación da acreditación se refire:
 - cumprimento de guías docentes;
 - procedementos de coordinación,
 - análise do perfil real de ingreso/egreso,
 - análise de que os titulados acadan os resultados de aprendizaxe previstos na memoria.
 - Información sobre satisfacción, necesidades e expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese relativos ao conxunto da titulación (os relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe analízanse na Directriz 3).

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Neste apartado sintetízase a análise do desenvolvemento dos programas formativos da Facultade de Relacións Laborais durante o curso 2022-2023. O deseño, revisión e mellora dos programas formativos da Facultade de Relacións Laborais realizouse conforme ao previsto no Manual de Procesos Institucionais de Calidade da USC, vixente durante o período en análise. Os títulos activos deste Centro no curso 2022-2023 obxecto de renovación da súa acreditación superárona con éxito. Concretamente, o 12 de decembro de 2023 no caso do Grao, o 15 de outubro de 2019 no caso do MXDL e o 5 de xuño de 2019 no do MPTOXF. O resultado favorable destas avaliacións da ACSUG reflicten un desenvolvemento adecuado dos programas formativos.

De acordo co proceso PE-02, Revisión e Mellora do SGC da Facultade, as Comisións de Título (CT) analizan anualmente o desenvolvemento dos programas formativos e a execución das Accións de Mellora (AM) a eles vinculadas, quedando recollido nas actas das respectivas reunións. A análise inclúe o seguimento do cumprimento das correspondentes Memorias Verificadas dos Títulos (MVT), os perfís de ingreso/egreso, o axuste dos programas docentes e os resultados de aprendizaxe. Os informes destes seguimentos trasládanse á Comisión de Calidade do Centro (CCC) que os revisa e analiza, aprobando as accións de mellora (AM) derivadas.

O SGC establece o sistema co que se realizan os procesos que afectan directamente ao desenvolvemento dos programas formativos e que analizaremos neste apartado: PC-01, Análise do perfil de ingreso e captación; PC-04, Desenvolvemento das ensinanzas e PC-05, Análise de resultados e mellora dos programas.

1. GRAO EN RELACIÓNS LABORAIS E RECURSOS HUMANOS E DI EN DEREITO E RELACIÓNS LABORAIS E RECURSOS HUMANOS

1.1 Coordinación da Titulación

Co obxectivo de garantir unha coordinación efectiva tanto horizontal como vertical na titulación de Grao e no Dobre Itinerario, lévanse aplicando un conxunto de iniciativas dende o centro. Por exemplo, a acción de mellora **GRL-AM1 (Santiago - 2021-2022)** aplicada no curso 2022-2023, consistiu na realización de reunións cos representantes do alumnado e os delegados de curso, así como a administración dunha enquisa a todo o estudantado, co obxecto de potenciar a coordinación co alumnado, a mellora da planificación das materias e a detección de posibles disfuncionalidades relacionadas coa xestión do título (p. ex., causas das taxas de abandono ou da escasa defensa de TFGs). Tras a análise dos resultados, detectouse certo solapamento de contido entre materias específicas. Para a abordaxe do solapamento de contidos entre materias impartidas no Grao, deseñouse a acción de mellora **GRL-AM2 (Santiago 2021-2022)** que consistiu en realizar unha minuciosa análise dos programas das materias de Grao co obxectivo de identificar os contidos que potencialmente se puidesen solapar. A continuación, realizouse unha reunión cos

coordinadores das materias afectadas que nes, a súa vez, se coordinaron para realizar as modificacións pertinentes nos programas. Os novos programas foron, a posteriori, aprobados por la Comisión do Título. O desenvolvemento das materias afectadas foi levado a cabo neste curso 2023-2024 baixo as novas programacións actualizadas e libres de solapamentos entre si.

Por outra parte, o centro mantén a iniciativa referida á calendarización dos picos de traballo que o alumnado debe asumir fóra do horario de clase. A estes efectos, dende a coordinación do título solicítase ao profesorado de cada cuadrimestre información detallada sobre as actividades que o alumnado debe realizar fóra da aula: nome da materia, curso no que se imparte, carácter (cuadrimestral ou anual) da materia, profesor/a responsable ou coordinador, número de tarefas, traballos, proxectos ou actividades a realizar polo alumnado fóra da aula, título descritivo de cada actividade, carácter (individual ou colectivo) da tarefa, tempo aproximado requirido para completar a tarefa, data de inicio e fin da tarefa e fracción de estudantes afectados/as pola tarefa (todo o grupo, grupo de mañá ou grupo de tarde). Unha vez elaboradas, as táboas confeccionadas son subidas ao campus virtual de coordinación de maneira que tanto o alumnado como o persoal PDI poden consultalas. A creación desta ferramenta cumpre dúas funcións adicionais: 1) facilita ó alumnado a organización das súas obrigacións; 2) e permite á Coordinación do Título garantir a adecuación da distribución da carga de traballo por cursos e cuadrimestres, de maneira que, de detectarse picos de traballo excesivamente elevados, estes poderían corrixirse. Así mesmo, esta calendarización permite aos docentes comprobar a carga de traballo dos alumnos de maneira semanal, o que tamén facilita a este colectivo unha boa xestión e planificación das actividades académicas programadas.

Outra forma de garantir a coordinación tanto profesorado-alumnado como dos alumnos entre si, é a utilización da ferramenta do Campus Virtual como complemento da ensinanza nas materias impartidas na titulación. Nese sentido, a utilización do Campus Virtual por parte dos docentes del Título é excepcionalmente elevada. Así, o último informe solicitado ao servicio CeTA (Centro de Tecnoloxías para el Aprendizaxe) indica que no curso 22-23 só hai dúas materias (materias optativas en ambos casos) nas que o Campus Virtual non se utilizou. Isto supón que o 95.5% das materias do Grao usan o Campus Virtual como ferramenta docente.

A Coordinación do título de Grao saca tamén proveito do uso do Campus Virtual de Coordinación como ferramenta de comunicación co persoal PDI, PAS e alumnado. O Campus Virtual de Coordinación pon a disposición foros de debate e discusión para comentar calquera aspecto referido ao título e a ensinanza, como a presentación realizada ao inicio do curso na que se explica o funcionamento do título de Grao, Dobre Itinerario e Facultade, anuncios de talleres e xornadas de relevancia académica para o alumnado, axudas susceptibles de ser solicitadas polo alumnado de Grao e Dobre Itinerario (p. ex., axudas financiadas polo Consello Social), convocatorias de premios organizados pola Facultade, información relativa á organización da ensinanza, distribución de grupos e distribución horaria e temporal, o contacto do Coordinador de Título, dos Coordinadores de curso, dos representantes do alumnado e dos alumnos titores, información sobre as convocatorias de mobilidade (ERASMUS, SICUE), ofertas de traballo e outra documentación de interese (p. ex., estatuto do estudantado, normativa de asistencia, instrucións sobre dispensa, normativa de rendemento académico). Esta canle complementáanse co uso doutros recursos que permiten a coordinación co alumnado, como a páxina web pública e a intranet de la Facultade, trípticos, carteis, imaxes nas pantallas da Facultade, comunicacións directas na clase ou realización de enquisas ao alumnado.

1.2 Perfil Real do Alumnado

1.2.1 Perfil Real do Alumnado de Ingreso

En relación ao perfil real do alumnado, o número de prazas de novo ingreso ofertadas para cada curso académico (In01) axústase ao establecido na Memoria Verificada do Título (MVT). Esta cifra mantense estable en 90 dende o ano 16-17 ata a actualidade no caso do Grao en RRL e RRHH e en 20 dende o curso 16-17 no caso do Dobre Itinerario en Dereito e RRL e RRHH. É importante lembrar que, aínda que a USC considera o Dobre Itinerario como unha titulación independente, este alumnado recibe unha formación idéntica ao alumnado de Grao, coas mesmas materias, horarios, aulas, profesores, sistemas de avaliación, contido, etc. Na seguinte táboa, pódese observar a evolución de cada título de forma independente.

In01 - Prazas ofertadas	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Grao en RRL e RRHH	90	90	90	90	90
D.I. en Dereito e RRL e RRHH	20	20	20	20	20
Total	110	110	110	110	110

O número de estudantes matriculados (In02) presenta lixeiras variacións ao longo dos últimos cursos académicos sendo, no curso

22-23, a cifra máis baixa dos últimos anos para o caso do Grao en RRL e RRHH, cun total de 457 estudantes matriculados. Mentres, no Dobre Itinerario esta cifra mantívose nos 68 matriculados para o curso 22-23, repetindo o mesmo número de matriculados que no curso 21-22 e diminuíndo lixeiramente respecto ao curso 20-21, onde se obtivo a cifra máis elevada de matriculados nesta titulación cun total de 75 matrículas. Non obstante, a magnitude destas variacións é pouco relevante e, na análise da tendencia global, a evolución do número de alumnos matriculados en todos os cursos (excluíndo aqueles procedentes de programas de mobilidade) é estable. Así, o total de alumnos matriculados no curso 22-23 ascende a 525 estudantes.

In02 - Matrícula Global	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Grao en RRL e RRHH	493	495	497	487	457
D.I. en Dereito e RRL e RRHH	56	68	75	68	68
Total	549	563	572	555	525

O número total de estudantes que se matriculan nos plans por primeira vez (In03), ó igual que ocorre no anterior indicador, varía levemente en función do curso académico. No caso do Grao, ao observar a evolución total, aínda que se aprecia un lixeiro descenso nos últimos cursos (21-22 e 22-23), trátase dun descenso pouco relevante. No caso do Dobre Itinerario a cifra de primeiras matrículas mantense en 21, como no anterior curso académico. Non obstante, é importante lembrar que en Santiago ofértanse 90 prazas de Grao e 20 de Dobre Itinerario (como se expón no indicador In01), polo que os datos reportados indican que no só a matrícula se cumpre, senón que se sobrepasa. Polo tanto, estes datos, reflexan unha alta demanda de ambos títulos.

In03-Matrícula de acceso	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Grao en RRL e RRHH	113	111	120	113	107
D.I. en Dereito e RRL e RRHH	20	24	24	21	21
Total	133	135	144	134	128

En relación aos datos referidos á matrícula de novo ingreso por preinscripción (In04), a tendencia xeral do indicador sinala unha leve diminución nos últimos cursos. Concretamente, no curso académico 22-23 prodúcese unha diminución no número de matrículas de novo ingreso por preinscripción no Grao en RRL e RRHH. Sen embargo, esta cifra atenúase se a comparamos co descenso do curso anterior (so hai unha diferenza de 3 estudantes co ano académico 21-22). No Dobre Itinerario os datos mantéñense estables respecto ao curso anterior, cunha cifra de 21 matriculados. Así, de novo, os datos reflexados neste indicador mostran que se produce una sobrematriculación en ambas titulacións.

In04 - Matrícula de novo ingreso por preinscripción	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Grao en RRL e RRHH	101	103	110	99	96
D.I. en Dereito e RRL e RRHH	20	24	24	21	21
Total	121	127	134	120	117

A relación entre estudantes preinscritos en primeira opción e os matriculados por primeira vez sobre prazas ofertadas (In10) ofrece uns datos especialmente favorables no caso del Dobre Itinerario, sendo a porcentaxe máis repetida a do 100%, alcanzando un 120% no curso 20-21 e manténdose, actualmente, nun 105% para o curso 22-23. Tamén cabe resaltar o aumento da porcentaxe no caso do Grao, pasando dun 46.67% no curso 21-22 a un 72.22% no curso 22-23.

In10 - Relación entre estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre prazas ofertadas	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Grao en RRL e RRHH	61.11	77.78	52.22	46.67	72.22
D.I. en Dereito e RRL e RRHH	100	100	120	100	105

A taxa de ocupación (número de estudantes de novo ingreso por preinscripción entre as prazas ofertadas; In12), no caso do Grao, supera o 100% dende o curso 18-19 e pasa do 106% no curso 22-23. No que se refire ao Dobre Itinerario, este indicador supera o 100% dende o curso 19-20, alcanzando o 105% no curso 22-23. Este resultados mostran que non só se cumpre a taxa de ocupación senón que se supera en ambas titulacións.

In12-Taxa de ocupación	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
-------------------------------	----------------	----------------	----------------	----------------	----------------

Grao en RRL e RRHH	112.22	114.44	122.22	110	106.66
D.I. en Dereito e RRL e RRHH	100	120	120	105	105

Para a mellora da posición do Grao en termos de ser a titulación escollida como primeira opción do alumnado, deseñouse unha acción de mellora [GRL-AM1 (Santiago2020-2021) Diferida], mediante a que se elaborou material audiovisual profesional dirixido ao alumnado e ao futuro alumnado da titulación para o coñecemento do título e das súas saídas profesionais e académicas

Completando a información descrita nos indicadores 1, 2, 3, 4, 10 e 12, os datos presentados no informe proporcionado pola CIUG (Inf.CIUG_22-23) avalan a idea de que tanto o título de Grao como o Dobre Itinerario son altamente demandados. Así, por exemplo, na titulación de Grao rexistráronse 468 solicitudes no curso 22-23 para ocupar as 90 prazas ofertadas polo centro. No caso do Dobre Itinerario rexistráronse 140 solicitudes para as 20 prazas ofertadas. Así mesmo, o informe proporciona información da sobrematrícula producida, destacando o caso do Grao no que se rexistraron 95 matrículas en relación ás 90 prazas ofertadas.

A nota media de acceso por preinscripción (In06), evolucionou á alza de maneira ininterrompida dende o curso 18-19 ata o curso 21-22, tanto no Grao como no Dobre Itinerario (exceptuando neste último o curso académico 19-20). Non obstante, no curso 22-23 sufriu unha atenuación na súa evolución, descendendo levemente ata o 8,93 (diminuíndo en 0,37 puntos) no caso do Grao e ata 12 (diminuíndo en 0,50 puntos) no caso do Dobre Itinerario. Non obstante, a pesar deste leve descenso, a nota de acceso por preinscripción da titulación de Grao aumentou, máis dun punto dende o curso 18-19.

In06 - Nota media de acceso por preinscripción	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Grao en RRL e RRHH	7.72	7.75	8.45	9.30	8.93
D. G. en Dereito e RRL e RRHH	11.74	10.38	11.47	12.50	12

De forma máis específica, a porcentaxe de alumnos que acceden á titulación cunha nota media superior a 6 (In07) mantén no curso académico analizado (22-23) os mellores datos porcentuais dende o inicio da serie de datos (curso 16-17). Así, tanto no caso do Grao como do Dobre Itinerario, o 100% dos alumnos acceden ao título cunha cualificación superior a 6. Dato que se mantén estable dende o curso 20-21.

In07 - % estudantes que acceden á titulación con nota = o > a 6	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Grao en RRL e RRHH	96.94	95	100	100	100
D.I. en Dereito e RRL e RRHH	100	100	100	100	100

O informe proporcionado pola CIUG (Inf.CIUG_22-23) describe, ademais, as notas de acceso e as notas de corte para as titulacións de Grao e de Dobre Itinerario. Así, para o curso 22-23 a nota media de acceso para o Grao no caso de alumnos procedentes de bacharelato foi de 9.068 (lixeramente inferior á nota do ano precedente que foi de 9.385) e de 7.908 para os alumnos procedentes de FP (tamén levemente inferior a do anterior curso que foi de 8.277). A nota de acceso para o Dobre Itinerario foi de 12.048 (todo o alumnado procedía de bacharelato), quedando a escasas décimas da obtida no curso 21-22 (12.503).

A nota de corte xeral foi de 6.600 para o Grao e de 11.100 para o Dobre Itinerario. Nos dous casos, a magnitude das mesmas é lixeiramente inferior á do curso académico 21-22. Sen embargo, a pesar destas lixeira redución, tanto nas notas de acceso como nas notas de corte, os valores mantéñense bastantes estables respecto aos do curso anterior habendo apenas unhas décimas de diferenza en todos os casos.

No que respecta ás preferencias do alumnado, o informe evidencia unha melloría nos datos de solicitudes de prazas. Así, no caso do título de Grao estivo entre as tres primeiras opcións de solicitude para o 54.1%. Concretamente, un 16.5% selecciónao como primeira opción, un dato que supera o do curso previo (16%). En canto ao Dobre Itinerario, o 60.80% inclúeo entre as súas primeiras tres opcións de solicitude, reducíndose levemente respecto ao ano precedente (69.7%), dentro dos cales o 22.9% selecciónao como primeira opción, dato é moi similar ao do curso anterior (23.1%). En resumo, pode concluírse que se mantén estable a porcentaxe de escolla como primeira opción, a pesar do leve descenso na porcentaxe de solicitudes.

No referido aos datos de matrícula, no curso 22-23 o alumnado do Grao matriculouse na súa totalidade no primeiro prazo de

matrícula, superando amplamente o dato do curso 21-22 (só o 43.8% se matriculou no primeiro prazo nese curso académico), o que pode reflexar o interese do alumnado por cursar esta titulación. Finalmente, no caso do Dobre Itinerario, tamén a totalidade do alumnado matriculouse no primeiro prazo.

Finalmente, en canto ao perfil do alumnado que accede ao título de Grao, o informe da CIUG (Inf.CIUG_22-23) mostra que o número de mulleres reduciuse do 68% no curso 21-22 ao 56% no curso 22-23. No caso do Dobre Itinerario o descenso foi menor, pasando dun 86% a un 80% a porcentaxe de mulleres dentro do novo alumnado. En canto ao perfil académico de acceso, no caso do Grao a maioría dos solicitantes procedían de bacharelato ($N = 84$) e unha minoría de formación profesional ($N = 11$). Por último, no caso do Dobre Itinerario, todas as solicitudes foron formalizadas por persoas procedentes de bacharelato.

En canto ao orixe xeográfico, o alumnado de novo ingreso procedía principalmente de España e, concretamente, da Comunidade Autónoma de Galicia. No Grao, matriculáronse 93 persoas da citada comunidade, 1 persoa doutra comunidade autónoma e 1 persoa estranxeira (da UE ou un país con acordo). No caso do Dobre Itinerario, tódolos matriculados procedían de Galicia, a excepción dunha persoa doutra comunidade autónoma. No que se refire a totalidade do alumnado matriculado nas titulacións, o informe sobre procedencia xeográfica da USC (Inf.16_22-23) indica que no Grao, 1 persoa procede de Madrid, 2 de Castela e León e 1 estranxeira, mentres que no Dobre Itinerario, 1 procede de Asturias, 1 de Madrid e 1 de Castela e León.

Outro aspecto dentro da composición do alumnado é a porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados (In08). Aínda que as cifras son reducidas, os datos reflexan un incremento do interese de persoas estranxeiras en acceder á titulación. As cifras máis elevadas son as obtidas para o curso académico 21-22. Este dato mantívose estable no Dobre Itinerario (1.47%) para o curso 22-23 e reduciuse lixeiramente no caso do Grao (2.41%).

In08-% de estudantes estranxeiros sobre matriculados	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Grao en RRL e RRHH	2.64	2.22	2.01	2.87	2.41
D.I. en Dereito e RRL e RRHH	0	0	0	1.47	1.47


Respecto á porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados (In09), aínda que as porcentaxes no Grao son baixas (no curso 21-22 produciuse a maior diminución no número de estudantes pertencentes a este colectivo), este dato mellorou no curso 22-23 nun 0.04%, pero aínda non acadou o 1% obtido en anos anteriores. No referido ao Dobre Itinerario a serie de datos obtidos mostran un incremento no último ano académico 22-23, acadando a cifra máis alta da serie (4.41%). Este valor indica que o alumnado nacional de fóra de Galicia valora de maneira cada vez máis favorable o Dobre Itinerario en Dereito e RRL e RRHH.

In09-% de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Grao en RRL e RRHH	1.42	1.01	1.01	0.62	0.66
D.I. en Dereito e RRL e RRHH	0	2.94	2.67	2.94	4.41

1.2.2 Perfil Real do Alumnado de Egreso


En canto á relevancia do perfil dos egresados e a súa actualización, a información dispoñible máis recente de inserción laboral, que se obtivo da enquisa da ACSUG e do Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU), corresponde ó cohorte de egresados en 2015-2016. De acordo cos datos dispoñibles, a taxa de afiliación dos graduados un ano despois do seu egreso foi do 45%, incrementándose progresivamente, ata alcanzar o 78% no cuarto ano. Por outra banda, a significativa porcentaxe de persoas egresadas que realizaron prácticas en empresas ao longo dos estudos (en torno ao 60%), favoreceu a adquisición de competencias relacionadas co "saber facer".

Tasa de afiliación - Cohorte 2015/2016



Pola súa parte, o perfil do alumnado de egreso insertado laboralmente correspóndese con traballadores por conta allea cun contrato indefinido, que alcanza no cuarto ano de egreso unha porcentaxe do 76%. Empezando no primeiro ano de egreso nun 37%, as porcentaxes aumentan progresivamente alcanzado o 65% no segundo ano e o 75% no terceiro ano, ata quedarse no 76% no cuarto ano. Como se pode comprobar na gráfica 2, tanto a magnitude como a evolución das porcentaxes é positiva. Por último, é importante destacar que as porcentaxes reportadas melloran en tódolos casos os datos do curso académico previo (2014-15).

% perfil contrato indefinido - cohorte 2015/2016



Aínda que non se dispón de datos referidos ás cohortes de estudantes máis recentes, é moi probable que datos máis actualizados reflexasen un perfil de egresados/as similar ao descrito nos parágrafos anteriores. Dadas as características do título en termos de saídas profesionais e das características sociodemográficas do alumnado, é moi probable que, na actualidade, o alumnado de egreso se caracterice por encontrar un emprego relacionado coa titulación nun prazo relativamente curto de tempo, en Galicia e por conta allea. Non obstante, a aparición de novas titulacións de postgrao, tanto de máster como de doutoramento, supoñen, na actualidade, novas oportunidades das que antigos estudantes non dispoñían. Debido á especialización do mercado laboral, é moi probable que a porcentaxe de estudantes que deciden seguir formándose despois de graduarse sexa máis elevada que nas cifras encontradas fai anos. Aínda que o ideal sería poder mostrear o alumnado egresado do título, esta labor faise imposible debido a motivos relacionados coa protección de datos de carácter persoal, o que nos impide acceder ao contacto deste alumnado.

En relación á inserción laboral dos graduados neste título, de maneira bianual realízanse na Facultade de Relacións Laborais as “Xornadas sobre as Saídas Profesionais do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos” dirixidas ao alumnado dos últimos cursos do Grao e do Dobre Itinerario. Nesta actividade, varios profesionais, representando aos distintos ámbitos de traballo relacionados coa titulación (p. ex., representantes do Colexio de Graduados Sociais na Coruña e Ourense, profesionais colexiados e en exercicio, directores de recursos humanos, docentes e investigadores), explican ao alumnado as posibilidades académicas e profesionais abertas ao perfil do alumnado graduado no título. Nas xornadas realizadas no curso académico 21-22 impartíronse sesións específicas relacionadas con:

1. Continuación de estudos (máster e doutoramento). Saídas profesionais relacionadas coa docencia e a investigación sobre as relacións laborais e os recursos humanos.
2. Saídas profesionais na administración pública.
3. Saídas profesionais no ámbito da xestión dos recursos humanos.
4. Saídas profesionais relacionadas co libre exercicio da profesión: asesoría, defensa e representación.
5. Sesión sobre as competencias máis demandadas na actualidade no mercado laboral.

Ademais, dende a Facultade faise un especial esforzo por trasladar ao alumnado información sobre potenciais ofertas de emprego ou de convenios que poidan facilitar a súa incorporación ao mercado laboral. Por exemplo, no curso académico 22-23 trasladáronse ofertas de emprego aos alumnos xa graduados (a través das redes sociais e dos servizos de difusión dos que dispón

o centro) e fíxose especial fincapé na posibilidade de realizar prácticas extracurriculares financiadas a través do Convenio de Colaboración entre a USC e o Banco Santander dirixidas ó alumnado de Grao e Dobre Itinerario.

Finalmente, cabe sinalar que unha elevada porcentaxe dos titores profesionais das prácticas de empresa contrataría ao alumnado da Titulación, outro indicador que describe a empregabilidade dos nosos estudantes. O informe 7 (Inf.7_22-23) indica que no caso do Grao esta porcentaxe é do 66.67%.

1.3 Resultados e Rendemento

A taxa de graduación descrita no indicador 37 (In37) describe a relación porcentual que existe entre os estudantes que finalizaron os estudos no tempo previsto no plan de estudos ou nun ano académico máis e o seu cohorte de ingreso. Os datos obtidos para o Grao e para o Dobre Itinerario aparecen na táboa inferior. Pódese observar un incremento da taxa desde o curso 18-19, no que esta se situaba por baixo do 40%, ata os cursos máis recentes, nos que se sitúa sobre o 42%; alcanzando a máxima porcentaxe no curso académico 22-23, cun valor do 60.53%. Este resultado reflicta un importante incremento na taxa de graduación respecto ao conxunto de cursos anteriores. Así, a taxa de graduación supera amplamente o valor disposto na MVT (40%). En cambio, no caso do Dobre Itinerario, a segunda promoción que completou a titulación, gradúase no curso 22-23 cunha taxa de graduación do 47.37 %, un dato como se pode ver moi inferior ao acadado na anterior promoción.

Dende o centro, levouse a cabo unha acción de mellora que, aínda que está enfocada a mellorar a taxa de defensa dos TFG, esta afecta directamente á taxa de graduación do Grao. Trátase da acción de mellora **GRL-AM2 (Santiago 2020-2021 Diferida)**, entre cuxas tarefas se encontran: (1) a realización dunha sesión informativa a principios de curso na que se incide sobre aspectos relacionados coa realización e defensa do TFG; (2) a publicación de documentación de axuda sobre a realización e defensa do TFG; (3) a difusión dos cursos impartidos pola Biblioteca Concepción Arenal de nivel avanzado, cuxo contido versa exclusivamente sobre a realización do TFG; (4) a realización dun Taller sobre Competencias Clave e Técnicas na Comunicación Interpersoal Efectiva; e (5) a modificación do regulamento de TFG. Como reforzo desta acción, deseñouse a acción de mellora **GRL-AM3 (Santiago 2022-2023)** mediante a que se convocarán sesións informativas para todo o alumnado de terceiro e cuarto curso do Grao sobre o sistema de elección e pautas de realización do TFG, impartíndose un curso sobre a elaboración do TFG e un curso de habilidades comunicativas (outubro 2023) dirixido a 25 participantes.

In37 - Taxa de graduación	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Grado en RRL e RRHH	34.41	43.24	41.38	42.50	60.53
D.I. en Dereito e RRL e RRHH	-	-	-	80	47.37

Os datos sobre a duración media dos estudos aparecen reflexados no indicador 38 (In38). Tal e como se desprende da súa análise (ver táboa inferior), a duración media dos estudos de Grao incrementouse lixeiramente e volve superar pola mínima o valor do 5% (5.09%). Non obstante, o dato segue a ser inferior aos cursos académicos 19-20 e 20-21, máis afectados polo contexto da pandemia. No caso do Dobre Itinerario, a duración media dos estudos mantense nos 6 anos. As accións de mellora descritas anteriormente (**GRL-AM2 Santiago 2020-2021 Diferida** e **GRL-AM3 Santiago 2021-2022**) poden incidir así mesmo na mellora do indicador de duración media dos estudos de Grao e Dobre Itinerario.

In38 - Duración media estudos	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Grado en RRL e RRHH	5	5.55	5.16	4.68	5.09
D.I. en Dereito e RRL e RRHH	-	-	6	6	6


A taxa de abandono durante o primeiro curso aparece descrita no indicador 40 (In40). Como se ve na táboa inferior, os datos indican unha redución na porcentaxe de abandono no primeiro curso. Concretamente, no caso do Grao a taxa reduciuse en máis dun 8%, un dato moi positivo despois do incremento ocorrido neste valor no curso 21-22. No caso do Dobre Itinerario, as cifras de abandono reducíronse ata o seu valor máis baixo dende a implantación da dobre titulación, diminuíndo a taxa de abandono dun 70.83% a un 26.09% no curso 22-23.

In40 - Taxa abandono en el 1º curso	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Grado en RRL e RRHH	17.24	17.50	9.21	27.85	19.32
D.I. en Dereito e RRL e RRHH	31.58	31.25	57.89	70.83	26.09

Os datos da taxa de abandono calculada segundo o RD1393/2007 descritos polo indicador 41 (In41) aparecen na táboa inferior. Esta taxa indica a relación porcentual entre os estudantes dun cohorte de novo ingreso que deberon obter o título académico no ano anterior e que non se matricularon nin nese curso nin no anterior. Como se pode comprobar, no Grao, tras ascender ata o 30% no curso 20-21, reduciuse substancialmente ata o 11.84% no curso 22-23, sendo a taxa máis baixa dos últimos 5 anos. En cambio no Dobre Itinerario, este valor situouse no 52.63%, sendo unha cifra máis do dobre de alta que no curso inmediatamente anterior.

In41 - Taxa de abandono RD1393/2007	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Grado en RRL e RRHH	34.41	32.43	24.14	30	11.84
D.I. en Dereito e RRL e RRHH	-	-	-	20	52.63

Non obstante, en conxunto, produciuse unha importante redución na taxa de abandono, especialmente no Grao en RRL e RRHH (11.84%), sendo inferior tanto á taxa media da área (19.88%) como á taxa media de abandono da USC (20.63%). Isto podería deberse ao efecto positivo que tivo a implantación da Acción de Mellora **GRL-AM1 (Santiago 2020-2021 Diferida)** antes citada, mediante a que se elaborou material audiovisual profesional dirixido ao alumnado e ao futuro alumnado da titulación para dar a coñecer o título e as súas saídas profesionais e académicas. Deste modo, pódense ter minimizado os casos de abandono motivados polo incumprimento das expectativas persoais relacionadas co contido e as saídas do Grao. Precisamente, esta causa é o principal motivo de abandono do alumnado, segundo os resultados dunha enquisa realizada no curso académico 21-22. No gráfico inferior, pódense ver os resultados obtidos na citada enquisa. Como se pode observar, un 39% do alumnado indicou que as expectativas non satisfeitas eran a primeira causa de abandono, seguida de cerca por outro motivo altamente relacionado con este, a preferencia por cursar outra titulación, cun 26% das respostas. Ca implantación desta acción de mellora estaríase incidindo directamente nesta cuestión e, como se pode observar nos indicadores comentados, os resultados amosan un efecto positivo desta acción nos indicadores do curso 22-23.



Ademais, e de maneira conxunta coa Escola Universitaria de Lugo, desenvolveuse unha acción de mellora que ten como obxecto a creación dunha canle de comunicación co alumnado que permita detectar as intencións de abandono e tratar de solventalas na medida do posible, mediante a realización de reunións do alumnado afectado con algún membro do equipo directivo. Trátase da Acción de Mellora **GRL-AM2 (Santiago e Lugo 2021-2022)**.

O indicador 51 (In51) reflexa os datos da taxa de idoneidade na graduación, entendida como a relación porcentual entre os estudantes que finalizaron os seus estudos no tempo previsto no plan de estudos, ou antes, e o seu cohorte de ingreso. Como se observa na táboa inferior, os datos referidos ao Grao revelan un descenso de 22 puntos porcentuais entre o curso 21-22 e o 22-23, o que indica unha redución na eficacia do alumnado na actividade académica para conseguir o título no tempo estipulado. Non obstante, este dato é, aínda así, superior ao do curso 20-21. No caso do Dobre Itinerario a taxa de idoneidade baixa case un 5%, manténdose mais estable, en comparación ca evolución dos datos do Grao.

In51 - Taxa de idoneidade na graduación	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Grado en RRL e RRHH	18.28	27.03	19.54	46.05	24.05
D.I. en Dereito e RRL e RRHH	-	-	-	42.11	37.50

A taxa de eficiencia ou rendemento dos egresados, indicador 53 (In53), expresa a relación porcentual entre o número de créditos que superou un estudante ao longo da titulación da que é egresado e o número total de créditos nos que se matriculou. Como se pode comprobar na táboa inferior, no Grado en RRLLE e RRHH alcanzouse no curso 21-22 a maior porcentaxe da serie dende o ano 18-19, un 87.37%, manténdose bastante estable no curso académico analizado actualmente, curso 22-23; só se reduciu a taxa nun 3%, polo tanto o valor da taxa de eficacia mantense nun satisfactorio 84.35%. No Dobre Itinerario, esta porcentaxe continúa sendo máis estable e só se reduce en 0.71 décimas, ata o 94.21%.

In53 - Taxa de eficiencia (rdto. egresados)	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Grado en RRLLE e RRHH	86.37	80.65	80.50	87.37	84.35
D.I. en Dereito e RRLLE e RRHH	-	-	94.86	94.92	94.21

1.4 Indicadores de Satisfacción, Necesidades e Expectativas, Queixas e Suxestións

Neste apartado analízase o grao de satisfacción dos distintos grupos de interese (estudantes, egresados, persoal PDI e persoal PAS) do centro. A interpretación dos resultados realízase en base a unha escala numérica que oscila entre 1 e 5 puntos, sendo 1 = nada satisfeito e 5 = moi satisfeito. Neste punto non se fará referencia os datos obtidos para a titulación de Dobre Itinerario debido a que os indicadores non permiten discriminar por centros.

1.4.1 Satisfacción de Alumnos e Profesores coa Docencia

En relación á satisfacción do alumnado coa docencia recibida, indicador 46 (In46), os datos amosan unha elevada puntuación en termos de satisfacción do alumnado coa docencia recibida no Grao. De forma concreta, a puntuación promedio aumentou no curso 22-23 superando os 4 puntos de media (4.07).

In46 - Satisfacción alumnado coa docencia recibida	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Grado en RRLLE e RRHH	3.92	3.65	3.97	3.86	4.07

O informe 13 (Inf.13_22-23) sobre a satisfacción do alumnado coa docencia recibida completa a información recollida sobre este punto. Nel, desglósanse as puntuacións específicas para cada unha das dimensións analizadas neste indicador. De forma concreta, os aspectos mellor valorados polo alumnado de Grao foron: (a) “Os docentes explican a programación da materia e os criterios de avaliación” (4.39 puntos); (b) “Cúmprese co programa e o plan de traballo previsto” (4.42); (c) “Os contidos desenvólvense conforme ó cronograma temporal da materia” (4.27); e (d) “Os docentes resollen as dúbidas que se formulan na clase” (4.28). Así, as dimensións mellor valoradas no curso analizado son as mesmas que no curso 21-22, pero con datos máis positivos en tódolos casos. No polo oposto, o aspecto ca puntuación máis baixa é, novamente, a satisfacción ca relevancia da materia e o seu interese para a formación do alumno, cunha puntuación promedio de 3.83 para o curso 22-23. Aínda así, é 0.20 puntos superior ao do curso 21-22.

A taxa de participación do alumnado na realización das enquisas de satisfacción coa docencia (In48) non é especialmente elevada no Grao, obténdose unhas porcentaxes de participación para o curso 22-23 de 18.54%, diminuindo a participación en pouco máis dun 3%. Para mellorar esta taxa desenvolveuse unha acción de mellora conxuntamente coa Escola Universitaria de Lugo (**GRL-AM4 Santiago e Lugo 2021-2022**) que consiste en solicitar aos docentes de cada curso a cesión duns minutos dunha das súas sesións para que os alumnos cubran na aula as enquisas de satisfacción coa docencia. De maneira adicional, os delegados de cada curso, os representantes dos estudantes e os alumnos titores informarán ao alumnado da importancia de participar nas enquisas institucionais. O obxectivo é que ao ser colectivos máis próximos ao alumnado incentiven en maior medida a súa participación.

In48 - Taxa resposta enquisa de satisfacción alumnado coa docencia	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Grao en RRLLE e RRHH	25.11	39.78	23.64	21.63	18.54

No que respecta á satisfacción do profesorado coa docencia impartida, o indicador 47 (In47) informa duns resultados moi positivos. A satisfacción total para o curso 22-23 supera os 4 puntos. En concreto os profesores que imparten docencia no Grao outorgan unha puntuación promedio de 4.10 sobre 5, dato practicamente igual ao do curso inmediatamente anterior, o que indica

a estabilidade na satisfacción do profesorado respecto a este criterio.

In47 - Satisfacción do profesorado coa docencia impartida	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Grao en RRL e RRHH	4.15	3.97	4.06	4.18	4.10

O informe 14 (Inf.14_22-23) desglosa as puntuacións de satisfacción por facetas avaliadas. Os datos mostran que os docentes están altamente satisfeitos con todos os ítems propostos, pero especialmente con: (a) “*A organización e estruturación das clases*” (4.33); (b) “*A información sobre os criterios de avaliación da materia*” (4.78); (c) “*A accesibilidade ao alumnado nas clases e titorías*” (4.80) e (d) “*A existencia dun trato correcto cos estudantes*” (4.70). En todos estes casos, a puntuación promedio é superior a 4 puntos. A puntuación máis baixa foi 3.25 para o ítem “*O meu alumnado participa crítica e activamente no desenvolvemento das clases*”. Neste caso a participación foi do 44.12%.

1.4.2 Satisfacción de Alumnos e Profesores coa Titulación

Os informes 22 e 23 describen o grao de satisfacción dos estudantes e profesores coa titulación. No caso do Grao, o informe 22 (Inf.22_22-23) indica que, en promedio, o alumnado está satisfeito coa titulación, cunha puntuación de 3.16. Os aspectos cos que o alumnado se encontra máis satisfeito foron: (a) “*A utilidade do campus virtual*” (3.70); (b) “*A xestión dos trámites de matriculación*” (3.96); (c) “*A atención prestada polo persoal PAS*” (3.70); (d) “*As infraestruturas e materiais dispoñibles no centro*” (3.39); (e) “*A información dispoñible sobre a titulación*” (3.30) e (f) “*Os horarios do curso*” (3.30). O aspecto valorado cunha puntuación máis baixa foi a distribución da carga de traballo (2.57). A este respecto, a iniciativa de calendarización dos traballos e a elaboración de táboas e cronogramas de actividades por parte da Facultade pretende solucionar este aspecto facilitando a xestión da carga de traballo, así como a planificación e organización das actividades a realizar fora do horario de aula. É importante resaltar que a taxa de participación nesta enquisa foi para o curso 22-23 do 6.55%, unha participación baixa, pero superior á do curso 21-22 (5.29%).

O alumnado de Dobre Itinerario puntúa cun 2.29 de promedio a súa satisfacción co título o que indica unha satisfacción baixa. Os aspectos mellor valorados foron: (a) “*A utilidade do campus virtual*” (3.33) e (b) “*A xestión dos trámites de matriculación*” (3.67). Os aspectos peor valorados, ambos con un 1.50, foron os horarios do curso e a organización do curso. É importante destacar que o alumnado de Dobre Grao, como xa vimos indicando neste informe, non cursa unha titulación de dobre grao como tal, senón que cursa simultaneamente dous itinerarios (en dereito e en RRL e RRHH) compartindo docencia de ambas titulacións, o que conleva unha serie de peculiaridades organizativas distintas ás do alumnado de grao. A facultade de Relacións Laborais é consciente desta situación e regularmente estanse levando a cabo reunións con este alumnado para coñecer a súas inquiredanzas e mellorar, na medida do posible, as súas condicións e que, por conseguinte, repercuta positivamente na súa satisfacción coa titulación. A taxa de participación foi do 19.35%, taxa maior que no curso inmediatamente anterior (no curso 21-22 a participación foi do 3.85%), aínda que segue a ser pouco representativa do colectivo.

O informe 23 (Inf.23_22-23) describe os resultados da satisfacción dos docentes coas titulacións. En canto aos docentes do Grao, obtívose unha cualificación de 3.90 en canto á satisfacción xeral co título, o que suxire que en termos promedio estes se encontran satisfeitos. De maneira específica, dos 19 aspectos avaliados, obtivéronse puntuacións iguais ou superiores a 4 en 8 deles. Os profesores están especialmente satisfeitos con: (a) “*A utilidade do campus virtual*” (4.30); (b) “*A atención prestada polo PAS*” (4.41); (c) “*O calendario das probas de avaliación*” (4.12); (d) “*Os recursos educativos dispoñibles*” (4.26); (e) (coa mesma puntuación de 4,11) “*O estado e adecuación das aulas e do equipamento*” e (f) “*A formación en competencias profesionais que recibe o alumnado*”. O aspecto peor valorado polos docentes do Grao foi a regularidade coa que o alumnado acude a clase (3.15), seguido da implicación que teñen ca titulación (3.22). A taxa de participación na enquisa e foi do 32.93%, dato moi similar ao do curso 21-22 (36.36%).

Finalmente, para o curso 23-24 implantouse unha medida dende o Decanato da Facultade de Relacións Laborais co obxecto de recoñecer a labor docente do profesorado que imparte clase nas titulacións do centro. Esta iniciativa consiste na creación duns premios anuais a excelencia académica. A medida foi proposta polo Decano da Facultade e aprobada pola Comisión Permanente da Facultade. A adxudicación dos premios baséase na valoración do estudantado nas enquisas anuais de satisfacción coa docencia recibida. Para poder optar ao premio, o profesorado debe acreditar unha docencia de polo menos seis créditos no caso dos estudos de Grao ou de, polo menos, tres créditos nos estudos de máster. Así mesmo, debe ter máis de 4 puntos nas enquisas das materias nas que imparte docencia e unha valoración dun mínimo de dous cursos académicos consecutivos, é dicir, ser valorado polo alumnado, durante polo menos 2 anos seguidos. Os premios son os seguintes:

- Premio á Excelencia Académica no Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos (Profesor do ano)

- Premio á Excelencia Académica no Grao en materias de psicoloxía, socioloxía e técnicas de investigación social
- Premio á Excelencia Académica no Grado en materias de economía, organización de empresas e informática aplicada
- Premio á Excelencia Académica no Grado en materias de disciplinas xurídicas e da historia das relacións laborais
- Premio á Excelencia Académica no Máster en Xestión e Dirección Laboral
- Premio á Excelencia Académica no Máster en Psicoloxía do Traballo e as Organizacións e Psicoloxía Xurídica-Forense, no marco da especialidade en Psicoloxía do Traballo

A finalidade destes premios é recoñecer a importante labor docente do profesorado, que contribúe a consolidación da titulación e a formación multidisciplinar do alumnado.

1.4.3 Satisfacción dos Estudantes Egresados

O valor do indicador (In42) mostra que os egresados do Grao están satisfeitos coa titulación. A puntuación para o curso 22-23 foi de 3.89 puntos, como se aprecia na táboa inferior. Os datos amosan que o dato subiu medio punto con respecto ao anterior curso académico (3.32 puntos) e pódese concluír que, en termos xerais, a satisfacción dos estudantes egresados mantense estable, incrementándose lixeiramente no curso 22-23.

In42 - Satisfacción xeral dos egresados coa titulación	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Grao en RRL e RRHH	2.90	-	3.39	3.32	3.89

O informe 9 (Inf.9_22-23) describe o grao de satisfacción xeral de tódolos egresados da titulación e da USC no primeiro e segundo cuatrimestre do curso 22-23. O promedio das puntuacións medias dos ítems foi de 3.63 ($N = 2$ participantes) no primeiro cuatrimestre e de 3.34 no segundo cuatrimestre ($N = 5$ participantes). Tamén cabe destacar que os egresados puntúan o título lixeiramente por enriba do promedio da universidade (3.29 e 3.27, respectivamente, para a USC). Dos egresados no primeiro cuatrimestre que participaron na enquisa, o 50% procede do Grao en RRL e RRHH do campus de Santiago (o outro 50% corresponde ao campus de Lugo). Dos egresados no segundo cuatrimestre que participaron na enquisa, o 20% son do Dobre Itinerario en Dereito e RRL e RRHH e un 80% do Grao impartido en Santiago. Non obstante, o tamaño da mostra é moi reducido como para poder xeneralizar estes resultados ao total do colectivo de estudantes egresados.

Por último, os indicadores 23 e 33, reportan información sobre o grao de satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible e os servizos, respectivamente. Concretamente, a satisfacción coa información pública da que dispoñen tivo unha puntuación promedio de 2.80 para o curso 18-19. Non se dispoñen de datos máis actualizados. En canto á satisfacción cos servizos, a puntuación promedio foi de 2.67 para o mesmo curso académico. Tampouco se dispoñen de datos máis actualizados.

1.4.4 Satisfacción do Persoal PAS

O informe 21 (Inf.21_22-23) reporta os datos de satisfacción do persoal de administración e servizos (PAS). No centro de Santiago, participou o 100% do colectivo ($N = 1$ xa que, no momento de obtención dos datos, a outra ocupante PAS estaba en atribución temporal de funcións e, polo tanto, non se tivo en conta á hora de confeccionar os indicadores). A puntuación do ítem “En xeral, sintome satisfeito co meu traballo” foi de 5.00 o que indica que a traballadora está altamente satisfeita. Dos ítems específicos do cuestionario despréndese un alto nivel de satisfacción con tódolos aspectos valorados. Os aspectos peor valorados foron as condicións do posto de traballo e a motivación co traballo (en ambos casos con 4 puntos). As demais puntuacións foron de 5.

1.4.5 Queixas e Suxestións

Respecto aos recursos, queixas e reclamacións presentadas no curso académico 2022-2023, a súa totalidade foi tramitada pola OAR (Oficina de Análise de Reclamacións) da Universidade de Santiago. En total, presentáronse 3 recursos administrativos e 2 queixas e suxerencias. Os recursos administrativos versaron sobre os seguintes motivos: (a) admisión na titulación; (b) recoñecemento de créditos e (c) pago de matrícula. Un deles non foi admitido e os outros dous foron desestimados. En canto ás queixas e suxestións, a totalidade das mesmas foi desestimada. Estas facían referencia aos procedementos para a expedición de certificados, polo que a responsabilidade non é atribuíble á Facultade nin aos procedementos relacionados coa titulación.

2. MÁSTER EN XESTIÓN E DIRECCIÓN LABORAL

2.1 *Coordinación da Titulación*

O título e o seu correspondente programa formativo, mantense actualizado en consonancia coa MVT e non experimentou modificacións no último curso académico. Así, o título persegue ofrecer ao alumnado formación multidisciplinar de contido teórico/práctico actualizada acerca dun aspecto moi concreto das relacións laborais na empresa ou na Administración Pública, a saber, os procedementos e os protocolos de actuación na toma e execución de decisións organizativas que incumben tanto ao ámbito privado como ao público. Así mesmo, o grao de actualización do título no plano profesional refórzase mediante a participación de docentes externos, profesionais de prestixio expertos nas diferentes temáticas, grazas á colaboración e achega económica (dende a primeira edición do Máster) da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, coa cal se renova anualmente o Convenio de colaboración que o permite.

O MXDL conta con diversos mecanismos de coordinación docente que permiten analizar o desenvolvemento do plan de estudos e a adquisición de novas competencias por parte do alumnado. Para ese efecto, cada unha das universidades integrantes do Máster conta cunha Comisión Académica na que se analizan todos os programas das diferentes materias. Ademais, existe a Comisión Interuniversitaria que está encargada, entre outras funcións, de coordinar o desenvolvemento do plan de estudos nas tres universidades. Non obstante, cabe aclarar que a Coordinación Xeral do Máster é asumida pola Coordinación Local da Universidade de Santiago de Compostela.

Neste sentido, nos últimos anos e como indicación da comisión de acreditación, desenvolvéronse accións para mellorar tal coordinación. Na Universidade de Santiago de Compostela optouse por descentralizar as funcións de coordinación das materias de contido transversal e que cuxa impartición involucra a un maior número de profesorado e titores, internos e externos. Por exemplo, a materia “Prácticas”, que é obrigatoria, conta a figura do/a Coordinador/a de Prácticas que asume a labor de coordinar de xeito máis específico os aspectos académicos e de planificación vinculados a xestión das prácticas. Así mesmo, a materia “Traballo Fin de Máster (TFM)” foi dotada tamén dun Coordinador/a propio co obxectivo de que esta persoa asuma de xeito máis específicos toda a xestión e supervisión vinculada ao TFM. Ambas coordinacións contan co apoio e están supervisadas pola Comisión Académica de cada centro e a Comisión Interuniversitaria. Adicionalmente, e respecto as restantes materias, as guías docentes son revisadas todos os anos, tanto polo coordinador do título como polos departamentos e áreas con docencia no Máster onde se enmarcan as materias impartidas nesta titulación, contando, a súa vez, cada unha das materias cunha coordinación propia.

Finalmente, con respecto á coordinación entre as materias comúns das tres universidades, é necesario advertir acerca da adopción de diversas medidas ca finalidade de acadar a equivalencia de contidos entre as materias comúns que se imparten nas 3 sedes universitarias. Tratouse a cuestión nas respectivas comisións de Máster das tres universidades, por unha banda, e na Comisión Interuniversitaria, por outra. A fin de logralo, enviáronse correos aos coordinadores das diferentes materias de cada universidade para que se puxesen en contacto entre si. En particular, na reunión da Comisión Interuniversitaria do 17 de decembro de 2019 aprobouse un sistema de rúbrica común ás tres Universidades para a avaliación dos TFM; e na do 17 de decembro de 2021, comezouse cos traballos para unificar os programas das materias comúns sen vulnerar a liberdade de cátedra. Consiste isto en definir os contidos xerais de cada materia dentro dos cales o docente organizará as súas leccións ou temas como considere. Como consecuencia, todos os programas contaron na parte común das tres universidades con contidos equivalentes para o curso 2022-23 (sendo aprobados nos respectivos departamentos e comisións na primavera de 2022). Temos que engadir aquí que, debido ao funcionamento autónomo de cada universidade en canto á organización en materia académica, alcanzar este resultado non resultou tarefa sinxela, entre outras razóns, porque os tempos de aprobación das programacións docentes e de asignación de profesores non coinciden e porque existe unha necesidade de consenso que chocaba coa liberdade de cátedra.

2.2 *Perfil Real do Alumnado*

2.2.1 *Perfil Real do Alumnado de Ingreso*

O número de prazas de novo ingreso ofertadas para cada curso académico (In01) axústase ao establecido na MVT e esta cifra mantense estable en 30 alumnos na actualidade na sede de Santiago, mesma cifra de prazas ofertada que nos outros dous itinerarios que compoñen o Máster. Na táboa, pódese observar que a oferta de 30 prazas mantense estable nos últimos cursos académicos.

In01 - Prazas ofertadas	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Media do MXDL	90	90	90	90	90
Sede de Santiago de Compostela	30	30	30	30	30

Respecto ao número de matriculados, no curso 22-23, o número total de alumnos matriculados no itinerario impartido de Santiago foi de 44 alumnos, dos que 24 foron de novo ingreso (In02). Interesa sinalar que o maior número de matriculados que continúan os seus estudos (sobre as praza ofertadas) garda relación co número de alumnos que non defende o seu TFM no curso académico que lle corresponde. Razóase que as retencias para a defensa do TFM (sobre cuxos estándares de calidade e de rigor insistiu moito a Coordinación do Máster xunto cos profesores que o imparten) poden ser a causa principal desta situación. Iso explica que, para o curso 2022-2023, a duración media dos estudos se situase en 1.14 anos. Neste sentido, dende a coordinación do máster creouse unha acción de mellora (**MXDL-AM8, 2022-2023**) mediante a que se realizarán varias tarefas para a mellora dos datos referidos á elaboración e defensa do TFM (xa que estes datos, como se verá, afectan a varios indicadores de resultados do aprendizaxe). A planificación específica desta acción é a seguinte:

1. Elaboración dun cuestionario que se enviará ao alumnado por medios telemáticos para que respondan a unha serie de cuestións relacionadas co desenvolvemento e planificación do Traballo Fin de Máster durante o segundo semestre do curso académico.
2. Organización dun taller orientado á adquisición das competencias necesarias para dominar a metodoloxía requirida nas diversas disciplinas das que se compón o Máster. No seu desenvolvemento participará, polo menos, profesorado especialista en ciencias xurídicas, ciencias económicas e psicoloxía do traballo. A fin de promover a participación do alumnado, impartirase en horario de tarde.
3. Redución dos prazos de asignación dos temas de TFM cando sexa posible.
4. Entrega ao inicio do curso académico de información relativa ás diversas liñas ofertadas polos Departamentos para o desenvolvemento do Traballo Fin de Máster, a fin de que o alumnado poida facerse unha idea dos diversos temas desenvolvidos no Máster con anterioridade ao momento no que deba cursarse a materia coa que estean relacionados.
5. Intensificación da labor de Coordinación do TFM mediante a programación de reunións individualizadas e periódicas (presenciais ou en liña) de orientación entre a Coordinación de TFM e o alumnado.
6. Entrega á Coordinación do Traballo Fin de Máster dun breve informe, durante o mes de febreiro, acerca do avance do traballo, as dificultades encontradas e as propostas nel desenvolvidas.

In02 – Matrícula Global	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
MXDL - Sede Santiago	39	46	42	41	44

Respecto ao número de estudantes que se matriculan por primeira vez neste título, en ningún momento a cifra descendeu dos 60 alumnos de novo ingreso no Máster, con leves variacións anuais dependendo da especialidade pola cal se decantaron. Centrándonos no itinerario impartido en Santiago, como indicamos, o número total de estudantes que se matricularon nos plans por primeira vez (In03), foi de 24 no curso 22-23. O que representa o 38% do total de alumnos matriculados no conxunto das especialidades. Este dato mostra a preferencia mostrada polo alumnado polo itinerario de Xestión Sociolaboral no curso académico 2022-2023. Ao observar a evolución dos últimos anos académicos neste itinerario, o número de matriculados de novo ingreso mantense bastante estable, descendendo só nunha persoa no curso 22-23. Polo que se trata dun descenso pouco relevante. É importante lembrar que en Santiago ofertáanse 30 prazos no itinerario de Xestión Sociolaboral (In01), polo que os datos reportados reflexan unha alta demanda do itinerario impartido no centro, cubríndose o 80% das prazos coa primeira matrícula.

In03 - Matrícula de acceso	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Media do MXDL	73	72	76	74	63
MXDL – Sede de Santiago	26	22	17	25	24

Os datos referidos á taxa de ocupación, é dicir, ao número de estudantes de novo ingreso por preinscripción entre as prazos ofertadas (In12) amosan unha estabilización no dato no curso 22-23, xa que se volve a situar no 80%, baixando apenas un 3.33% respecto ao curso 21-22.

In12 - Taxa de ocupación	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
MXDL - Sede Santiago	86.67	73.33	56.67	83.33	80

Segundo co indicador (In06), a nota media de acceso por preinscripción evolucionou á alza de maneira ininterrompida dende o

curso 19-20 acadando o 7.36 para o curso 22-23. Un dato sumamente positivo xa que, se consideramos a nota de expediente como unha medida do desempeño académico dos estudantes, este datos indica un bo nivel académico no alumnado que decide matricularse no itinerario da sede de Santiago.

In06 - Nota media de acceso por preinscripción	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
MXDL - Sede Santiago	6.94	6.88	7.09	7.20	7.36

Así mesmo, e de forma específica, a porcentaxe de alumnos que acceden á titulación cunha nota media superior a 6 (In07) mantense no 100% dende o curso 20-21 na sede de Santiago, o que indica que ningún alumno matriculado no itinerario de Xestión Sociolaboral ten menos dun 6 de nota media no seu expediente. Mostrando, de novo, o bo nivel académico do estudantado que cursa esta especialización do MXDL.

In07 - % estudantes que acceden á titulación con nota = o > a 6	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
MXDL - Sede Santiago	100	85.71	100	100	100

Centrándonos no perfil de ingreso do alumnado que accede ao título de MXDL, este axústase ao recomendado e formulado na MVT, destinado prioritariamente a Graduados en Relacións Laborais e Recursos Humanos, Graduados Sociais, Diplomados en Relacións Laborais e Licenciados en Ciencias do Traballo. No que respecta ao acceso ao Máster, ao non existir condicións ou probas de acceso especiais, tampouco un procedemento de adaptación, os graduados, diplomados ou licenciados ingresan seguindo o proceso ordinario de admisión. Isto provoca que, aínda que o alumnado proceda basicamente da rama de Ciencias Sociais e Xurídicas, tamén curse o título alumnado procedente doutras ramas afíns tales como Empresa, Economía, Políticas ou Socioloxía e está pensado, igualmente, para ser accesible a titulados nacionais como estranxeiros.

Así, concretamente, e centrándonos na titulación de procedencia do alumnado matriculado no curso 22-23, o informe I2 (Inf.I2_22-23) resume a titulación de procedencia do alumnado e indica que a maior parte deste procede da titulación de Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos da Universidade de Santiago de Compostela, con 9 alumnos matriculados. Non obstante, tamén mostra que hai alumnado procedente doutras titulacións enmarcadas dentro das Ciencias Sociais como periodismo ou pedagogía. O que reflexa o carácter multidisciplinar desta titulación de Máster.

En canto ó orixe xeográfico, o informe 16 (Inf.16_22-23) indica que o 90.09% dos matriculados na sede de Santiago proceden de España, sendo a Comunidade Autónoma de Galicia a de maior representación con 34 alumnos matriculados e tan só 6 persoas procedentes de fóra de Galicia. A porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados (In09), no curso 22-23 mostra unha leve diminución, dun 19.51% a un 13.64%, o que indica que se reduciu no número de estudantes pertencentes a este colectivo no Máster na sede de Santiago. De modo mais específico, matricularonse de fóra de Galicia, 4 persoas de Asturias, 1 persoa de Castela e León e 1 persoa de Canarias.

In09 - % de estudantes nacionais de fora de Galicia sobre matriculados	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
MXDL - Sede Santiago	7.69	8.70	9.52	19.51	13.64

No que respecta ao alumnado estranxeiro que decide cursar este Máster na sede de Santiago, o indicador 8 amosa a porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados (In08). Os datos indican un pequeno incremento do interese de persoas estranxeiras en acceder á titulación subindo do 7% ao 9.09%. Concretamente, no curso 22-23 matricularonse 4 persoas procedentes de América do Sur. Concretamente, 2 persoas de Arxentina, 1 persoa de Chile e 1 persoa de Perú. Aínda que as cifras son reducidas, especialmente se as comparamos con outros curso académicos (curso 19-20 ou 20-21), os datos reflexan un maior interese de persoas estranxeiras en acceder á esta titulación.

In08 - % de estudantes estranxeiros sobre matriculados	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
MXDL - Sede Santiago	15.38	19.57	19.05	7.32	9.09

2.2.2 Perfil Real do Alumnado de Egreso

En canto ao perfil do alumnado egresado, na Universidade de Santiago de Compostela dispónse do estudo de inserción laboral dos titulados/-as en másters do SUG 2013/2014 realizados pola ACSUG. Segundo a información aportada por esta enquisa o 64% dos egresados enquisados traballaba no momento de cubrir a enquisa e o 14,3% traballaron nalgunha ocasión, unha vez finalizados os seus estudos de Máster.

Situación Profesional dos Egresados	Porcentaxe
<i>Traballa na actualidade</i>	64.30
<i>Non traballa na actualidade, pero traballou tras finalizar o máster</i>	14.30
<i>Non traballa dende o fin do máster e está a buscar emprego</i>	7.10
<i>Non traballa dende o fin do máster e non está a buscar emprego</i>	14.30

O tempo medio transcorrido, dende que remataron o Máster e atoparon emprego, foi de 4.8 meses, distribuído como segue: O 27.3% continuou no seu posto de traballo, utilizándoo o Máster como vehículo para recibir unha formación continua necesaria para a actualización dos seus coñecementos. O 18.2% atopou emprego en menos de un mes, o 27.3% tardou entre 1 e 3 meses en atopar emprego, o 9.1% tardou entre 3 a 6 meses, o 9.1% entre 6 e 12 meses e o 9.1% tardou máis de 12 meses en atopar emprego.

En canto ao tempo que traballaron dende a finalización do Máster, conséntase un período medio de 21.82 meses, coa seguinte distribución:

- Persoas que traballasen durante menos de 6 mes: 0%
- Persoas que traballasen de 6 meses a 1 ano: 9.1%
- Persoas que traballasen de 1 a 2 anos: 45.5%
- Persoas que traballasen de 2 a 3 anos: 45.5%

Maior relevancia reviste o tempo ocupado nun emprego relacionado co Máster, cun promedio de 8.82 meses, que se distribúe do seguinte modo:

- Persoas que traballasen durante menos de 6 meses: 54.5%
- Persoas que traballasen de 6 meses a 1 ano: 9.1%
- Persoas que traballasen de 1 a 2 anos: 9.1%
- Persoas que traballasen de 2 a 3 anos: 27.3%

Excepto o primeiro parámetro que sitúa ao MXDL no 7º posto dos 10 másters analizados vinculados ás Ciencias Sociais e Políticas, o resto deles son moi positivos, colocándoo en cabeza do ranking respecto ao tempo que os seus titulados/as precisaron para conseguir un traballo, no 3º posto en canto á maior duración do emprego e no 4º na duración dun emprego relacionado coa titulación do Máster. Acerca da adquisición dos resultados propostos na MVT por parte dos/as titulados/as, non dispoñemos de datos específicos para o MXDL. Así, en resumo, dos datos descritos pódese deducir a aceptable empregabilidade do alumnado, aínda que cabe indicar a escasa duración do emprego obtido por unha porcentaxe significativa do alumnado egresado.

2.3 Resultados e Rendemento

No Máster, en xeral, os niveis alcanzados en todos os indicadores son satisfactorios. As competencias, xerais e específicas, que os estudantes adquiren durante os estudos axústanse ao establecido no Real Decreto 1393/2007 (derogado polo Real Decreto 861/2010) e aos descritores do Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior. O grao de satisfacción mostrado nas enquisas de satisfacción do alumnado e dos titulados sobre a formación recibida e a súa adecuación para desempeñar tarefas no ámbito profesional resulta positiva. A continuación, ofrécese unha visión conxunta e comparativa das principais taxas de rendemento respecto ao título e ao itinerario que se imparte na Facultade de Relación Laborais.

A taxa de graduación (In37) amosa os resultados relativos á eficacia do alumnado na finalización dos estudos para a titulación total e os específicos para a sede de Santiago. Como se pode ver na táboa, na sede de Santiago a taxa descendeu marcando no curso 22-23 o valor máis baixo dos últimos cursos académicos. Pode apreciarse que este valor está por debaixo do dato para o conxunto da titulación xa que apenas chega ao 44%. Isto implica que menos da metade do alumnado finaliza os estudos no tempo previsto no plan de estudos no itinerario de Xestión Sociolaboral. Unha das posibles causas deste dato é a baixa taxa de defensa do TFM que xa se mencionou anteriormente e que provoca que se arrastre a finalización dos estudos máis dun curso. Coa finalidade de mellorar os indicadores de resultados vinculados á materia TFM, deseñouse a acción de mellora **MXDL-AM8**

(2022-2023), anteriormente descrita.

In37 - Taxa de graduación	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Media do MXDL	70.50	70.30	78.59	62.94	60.45
Sede de Santiago de Compostela	66.67	65.38	77.27	58.82	44

Os datos sobre a duración media dos estudos (In38) indican que o alumnado tarda unha media 1.4 anos en terminar os estudos, polo tanto, a duración media dos estudos supera a anualidade. No obstante, este dato reduciuse en máis de medio punto na sede de Santiago, dun 1.93 no curso 21-22 a un 1.14 no curso 22-23.

In38 - Duración media estudos	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Media do MXDL	1.3	1.6	1.45	1.37	1.4
Sede de Santiago de Compostela	1.5	1.8	1.86	1.93	1.14

Os datos da taxa de abandono RD1393/2007 descritos polo indicador 41 (In41) para o MXDL e a sede en Santiago aparecen na táboa inferior. Como se pode comprobar, a taxa de abandono da sede de Santiago reducirse substancialmente no curso 22-23 do 11.76% ao 8%. Na MVT estableceuse unha taxa de abandono máxima do 10%, polo que, co dato obtido no curso 22-23 para a sede en Santiago estaría por debaixo do límite establecido, cumprindo o requirimento dentro da MVT. Isto na práctica mostra o interese do alumnado por finalizar a titulación na que se matriculou, un dato moi positivo para o itinerario e a sede de Santiago.

In41 - Taxa de abandono RD1393/2007	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Media do MXDL	15.20	5.20	5.58	6.58	12.40
Sede de Santiago de Compostela	6.67	7.69	4.55	11.76	8

A taxa de eficiencia ou rendemento dos egresados, indicador 53 (In53), mostra uns datos moi positivos, tanto na titulación como, especificamente, na sede de Santiago. En Santiago alcanzouse no curso 22-23 o dato de eficiencia máis alto dos últimos examinados, un 98.56%; valor tamén superior ao da titulación no seu conxunto, que se situou nun 96.88%. Así mesmo, respecto á titulación global, este dato mantense bastante estable e só se reduciu nun escaso 1% no curso analizado nesta memoria. Polo tanto, o valor da taxa de eficacia mantense moi satisfactorio.

In53 - Taxa de eficiencia (rdto. egresados)	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Media do MXDL	98	96.6	97.72	97.88	96.88
Sede de Santiago de Compostela	89.91	89.08	90.65	88.85	98.56

En resumo, podemos concluír dos datos examinados que os principais indicadores de demanda de título e de resultados son, en xeral, satisfactorios. Non obstante, hai certos aspectos nos que se debe seguir traballando, como por exemplo, aumentar a taxa de graduación e reducir a duración media dos estudos. Espérase que a acción de mellora **MXDL-AM8, 2022-2023** reverta positivamente nos indicadores no próximo curso académico.

2.4 Indicadores de Satisfacción, Necesidades e Expectativas, Queixas e Suxestións

2.4.1 Satisfacción de Alumnos e Profesores coa Docencia

En relación á información sobre a satisfacción do alumnado coa docencia recibida e do profesorado coa docencia impartida, analízanse os resultados dos indicadores 46, 48 e 47. O indicador sobre satisfacción do alumnado ca docencia recibida (In46) amosa unha elevada puntuación no curso 22-23, cun valor de 4.05 sobre 5, incrementándose notablemente respecto á do curso anterior. Así, a satisfacción do alumnado coa docencia recibida sitúese máis dun punto por riba da media da escala.

In46 - Satisfacción alumnado coa docencia recibida	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
MXDL - Sede Santiago	4.36	4.49	3.95	3.37	4.05

O informe 13 (Inf.13_22-23) desglosa as puntuacións específicas para cada unha das dimensións analizadas neste indicador no curso 22-23. Os aspectos mellor valorados polo alumnado foron: (a) “*A actitude dos docentes*” (4.29 puntos de promedio); (b) “*O*

cumprimento co programa de traballo previsto” (4.26 puntos); (c) *“O desenvolvemento dos contidos conforme ao cronograma temporal da materia”* (4.24 puntos) e (d) *“O coñecemento de antemán dos criterios que utiliza o/a docente para a corrección de exames e/ou traballos”* (4.13 puntos). No obstante, todas as dimensións valoradas acadan mellores resultados que no curso anterior (21-22), por tanto, os datos son máis positivos en tódolos casos. Tamén compre sinalar que a taxa de participación do alumnado na realización das enquisas de satisfacción coa docencia (In48) foi do 87.5%, un dato que indica unha ampla participación do mesmo e un aumento moi substancial respecto ao curso 21-22, onde apenas acadara o 10.34%. Como se pode observar na táboa, esta taxa de participación é o mellor dato dos últimos 5 anos.

In48 - Taxa resposta enquisa de satisfacción alumnado coa docencia	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
MXDL - Sede Santiago	31.03	40.74	83.33	10.34	87.50

O indicador 47, sobre a satisfacción do profesorado coa docencia impartida, (In47) informa duns resultados tamén moi positivos. O dato mantense estable nos últimos 5 anos e, en todos os casos, foi superior aos 4 puntos. Concretamente, para o curso 22-23 a satisfacción ascende a 4.06 puntos sobre 5. Dada a evolución dos datos pódese afirmar que a satisfacción do profesorado é alta e moi estable neste criterio.

In47 - Satisfacción do profesorado coa docencia impartida	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
MXDL - Sede Santiago	4.35	4.03	4.24	4.30	4.06

O informe 14 (Inf.14_22-23) desglosa as puntuacións de satisfacción para este indicador. Os datos mostran que os docentes están especialmente satisfeitos con: (a) *“A organización e estruturación das clases”* (4.70 puntos); (b) *“A información sobre os criterios de avaliación das materias”* (4.70 puntos); (c) *“A accesibilidade ao alumnado nas clases e titorías”* (4.60 puntos); (d) *“A existencia dun trato correcto cos estudantes”* (4.60 puntos) e (e) *“A satisfacción global coa labor docente”* (4.60 puntos). A puntuación máis baixa foi 3.30 para os ítems: (a) *“O meu alumnado está satisfeito co meu labor como docente”*; (b) *“A coordinación entre as distintas materias e/ou niveis do título é adecuada”* e (c) *“Estou interesada/o en recibir formación de apoio para a mellora da docencia”*.

2.4.2 Satisfacción de Alumnos e Profesores coa Titulación

A continuación, resúmense os resultados dos informes 22 e 23 que amosan o grao de satisfacción do alumnado e profesorado coa titulación de MXDL da sede de Santiago. En xeral, os indicadores de satisfacción e rendemento foron favorables, aínda que na sede en Santiago, onde as enquisas se realizan vía internet, ténese certa incidencia negativa en canto aos resultados derivada da baixa participación. Por parte dos docentes, unha posible explicación da baixa taxa de resposta é a sobrecarga de traballo que ten o colectivo, o que fai que non se converta nunha prioridade e, finalmente, en moitos casos, caía no esquecemento darlle resposta dentro tempo estipulado.

Especificamente, no caso do informe 22 (Inf.22_22-23) os resultados indican que os estudantes da sede de Santiago están satisfeitos ca titulación cursada, cunha puntuación promedio de 3.98 (sobre 5), manténdose practicamente igual a do curso anterior (3.86). Os aspectos cos que o alumnado amosou máis satisfacción foron: (a) *“A atractiva oferta de prácticas”* (5.00); (b) *“A adecuación dos recursos educativos dispoñibles”* (4.33); (c) *“A adecuación das infraestruturas e materias dispoñibles”* (4.33); (d) *“A utilidade do Campus Virtual”* (4.33); (e) *“O axeitado do calendario de probas de avaliación”* (4.33); e (f) *“A axeitada xestión do TFM”*. Sorprende este último dato, xa que parece que, a pesar de que haxa unha baixa taxa de defensa de TFM, o alumnado non achaca que o problema (polo menos en base a satisfacción obtida nesta enquisa) sexa a xestión do mesmo dende a titulación. Os aspectos peor valorados, en termos de satisfacción, foron a información dispoñible do título, o equilibrio entre os contidos teóricos e prácticos da titulación e a satisfacción xeral coa titulación. No obstante, en tódolos casos a valoración foi de 3.33 (sobre 5) o que indica, que a pesar de ser os puntos con menor satisfacción, esta situase igualmente por riba da media da escala. É importante resaltar que a taxa de participación nesta enquisa foi para o curso 22-23 do 12.50%, sendo unha participación baixa, pero superior a obtida para a mesma enquisa no curso 21-22 (10.34%).

Respecto aos resultados do informe 23 (Inf.23_22-23) sobre a satisfacción dos docentes coa titulación do MXDL, obtívoase unha cualificación de 3.84 en canto á satisfacción promedio, o que suxire que, en conxunto, o cadro docente está satisfeito co título. Dos 19 aspectos avaliados, os docentes puntuaron por riba de 4 (sobre 5) oito dos ítems e en ningún caso a valoración foi inferior a 3 puntos. De maneira específica, os docentes están especialmente satisfeitos cos seguintes aspectos: (a) *“O axeitado da información dispoñible da titulación”* (4.50) e (b) *“A asistencia a clase do alumnado”* (4.50). Os aspectos peor valorados polos docentes foron a distribución da carga de traballo, o equilibrio dos contidos teórico-prácticos da titulación e a organización da titulación, todos

eles cunha puntuación de 3.25. A taxa de participación na enquisa foi do 25%, aumentando case nun 10% a participación respecto do curso 21-22 (15.38%).

2.4.3 Satisfacción dos Estudantes Egresados

O indicador 42 (In42) mostra os resultados de satisfacción dos estudantes egresados coa titulación. Actualmente, non se dispón deste dato para o curso 22-23, sendo os datos máis actuais os correspondentes ao curso 21-22. Como amosan os datos, a satisfacción situouse nun 3.55, mentres que para o curso 20-21 acadou o 3.26. Polo tanto, pódese desprender dos datos que, a satisfacción dos egresados mantense bastante estable, polo que se esperaría obter un dato similar para o presente curso analizado.

In42 - Satisfacción xeral dos egresados coa titulación	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
MXDL - Sede Santiago	3.07	-	3.26	3.55	-

Seguindo coa satisfacción do alumnado egresado, os indicadores 23 e 33 reportan datos sobre o grao de satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible e cos servizos, respectivamente. Cabe indicar que os últimos datos reportados para estes indicadores correspóndense co curso académico 18-19 e non se dispoñen de datos máis actualizados sobre a satisfacción dos egresados da sede de Santiago. Así, analizando os últimos datos publicados, o indicador 23 (In23) informa que, en promedio, os estudantes egresados están satisfechos coa información pública da que dispoñen, cunha puntuación media de 3.00 para o curso 18-19. En canto á satisfacción cos servizos, o indicador 33 (In33) indica que a puntuación promedio da titulación foi de 3.33 para o mesmo curso académico.

2.4.4 Satisfacción do Persoal PAS

A valoración realizada polo persoal de administración e servizos do centro foi boa en todos os aspectos avaliados (Inf.21_22-23), non existindo ningún aspecto que merecese unha valoración inferior a 4. Todos os ítems recibiron unha puntuación de 5, e só se obtivo unha puntuación de 4 nos seguintes casos: “*O meu posto de traballo está en boas condicións*” e “*Síntome motivado/a no meu traballo*”. Cabe indicar que no centro de Santiago, participou o 100% do persoal PAS.

2.4.5 Queixas e Suxestións

Respecto ás queixas e reclamacións, non se presentou ningún recurso desta natureza vinculado ao MXDL na Facultade de Relacións Laborais (sede de Santiago), o que indica que o alumnado non amosou este ano desconformidade con desenvolvemento nin coa xestión dos procesos administrativos desta titulación no centro de referencia.

3. MÁSTER EN PSICOLOXÍA DO TRABALLO E AS ORGANIZACIÓNS E PSICOLOXÍA XURÍDICA-FORENSE

3.1 Coordinación da Titulación

A planificación da docencia levada a cabo no curso 2022-2023 respectou o establecido na MVT, de maneira que os estudantes puideron acadar as competencias previstas na mesma. Estas consideracións vense amparadas polos indicadores relativos aos resultados da aprendizaxe (ver Directriz 3).

No que atinxe á coordinación da titulación, na súa estrutura, o Máster conta cun Plan de Acción Titorial (PAT), reflectido na MVT. O PAT contempla accións dirixidas a tódolos estudantes do Máster que están supervisadas polo coordinador xeral. Os principais obxectivos do PAT son os seguintes:

- Incrementar a satisfacción persoal do estudante e asegurar o cumprimento das súas expectativas e preferencias.
- Incrementar as destrezas do estudante para optimizar o seu rendemento académico.
- Programar actividades que lle permitan ao estudante adquirir competencias transversais.
- Potenciar o desenvolvemento de actividades curriculares alternativas adaptadas ás preferencias e necesidades do estudante e que complementen a súa formación.

- e) Atender ás circunstancias persoais do estudante en canto a súa influencia no rendemento académico.

Toda esta labor de coordinación artículase, máis especificamente, en diferentes figuras clave, no rol de coordinadores, que posibilitan o desenvolvemento do plan de estudos e a detección de elementos para a mellora na xestión do Máster, concretamente:

- **Coordinación do Plan de Acción Titorial (PAT):** O PAT do título conta cun coordinador xeral e un coordinador por cada unha das especialidades (Psicoloxía do Traballo e as Organizacións e Psicoloxía Xurídica-Forense). A interlocución destes coordinadores co coordinador do máster fai posible a detección de incidencias a nivel integral, dado que a acción tutorial, ademais de levar a cabo accións colectivas, asume a abordaxe dos aspectos académicos, profesionais e persoais de cada un dos estudantes de xeito individual. Esta labor representa unha situación moi favorable para recoller e resolver incidencias (individuais e de grupo) e plantexar melloras.
- **Coordinación de especialidade:** o Máster conta cun profesor que asume a labor de coordinar os aspectos máis académicos e de planificación vinculados a cada unha das especialidades antes citadas.
- **Coordinador de prácticas externas:** en canto ás prácticas externas, esta titulación conta cunha materia de prácticas para cada especialidade, Psicoloxía Xurídica e Forense e Psicoloxía do Traballo e as Organizacións. A comisión académica valorou positivamente que se habilitase no Máster a figura dun coordinador por cada materia de prácticas externas, despois da experiencia adquirida nas primeiras promocións. Estes dous coordinadores son profesores da súa respectiva especialidade que contan cun alto coñecemento da mesma e con experiencia na interlocución cos titores profesionais. Os coordinadores veñen realizando esta labor de apoio e coordinación ao proceso dende o curso 2019-2020. Asimesmo, o Máster ofrece a posibilidade de que os estudantes poidan facer prácticas extracurriculares. Estes coordinadores de prácticas tamén asumen a coordinación das prácticas extracurriculares.
- **O representante de estudantes:** cada especialidade do Máster conta con un representante que forma parte da Comisión Académica do Máster (CAM). Estes representantes son elixidos por votación entre todo o alumnado ao principio de cada curso. Esta representación constitúe asimesmo un mecanismo áxil de análise da coordinación intra e intermaterias.

Por outra banda, tamén se contemplan accións contextualizadas segundo a especialidade elixida por cada estudante, incluíndo aspectos académicos e de inserción laboral, nun marco de confidencialidade e de respecto á súa autonomía. Polo tanto, dende o PAT lévanse a cabo actividades xerais que están dirixidas a todos os estudantes do Máster e outras máis específicas de cada especialidade:

- **Accións xerais:** son responsabilidade do coordinador xeral do PAT e son accións de interese para a totalidade dos estudantes do Máster. Por exemplo, son acción xerais: a difusión e publicidade do Máster, o asesoramento para a matriculación, a acollida e benvida aos estudantes, a difusión de información sobre bolsas de traballo e prácticas en empresas, a orientación xeral sobre o TFM ou a orientación e sensibilización dos estudantes na participación en congresos científicos, seminarios, xornadas ou cursos de formación complementaria.
- **Accións específicas de cada especialidade:** son responsabilidade dos coordinadores de cada especialidade do PAT, que desenvolven unha serie de tarefas en materia de acción tutorial, relacionadas coas accións xerais pero aplicadas a cada especialidade. Tamén levan a cabo unha orientación individualizada do alumnado tanto en aspectos académicos coma en relación á súa inserción profesional.

Na Directriz 3 (apartado 3.2) abórdase dun modo máis específico a labor de orientación académica e profesional que se realiza dende o PAT.

Por último, é preciso sinalar que dende a coordinación do Máster, elaborouse a acción de mellora **MPTOXF-AM2 (2022-2023)** coa que se pretende mellorar a transparencia dos procesos e na que se inclúe unha tarefa específica referida á elaboración dun regulamento sobre o funcionamento e labor do PAT.

3.2 Perfil Real do Alumnado

3.2.1 Perfil Real do Alumnado de Ingreso

O número de prazas de novo ingreso ofertadas mantívose en 25 nas pasadas edicións e en todas elas se cubriron. Por este motivo, a CAM aprobou solicitar para o curso 2022-2023 un número de prazas superior, 27, como mostra o indicador 1 (In01), para poder anticiparse á posible baixa dalgún estudante unha vez iniciado o período docente.

In01 - Prazas ofertadas	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
MPTOXF	25	25	25	27

No curso 22-23, o número total de alumnos matriculados no MPTOXF foi de 32 alumnos (In02), dos que 25 foron de novo ingreso (In04). Interesa sinalar que o maior número de matriculados (sobre as praza ofertadas) que continúan os seus estudos garda relación con que o alumnado pode cursar en dous anos as dúas especialidades, unicamente tendo que superar os créditos optativos de cada especialidade e presentando un Traballo Fin de Máster (TFM) para cada unha delas. Concretamente, no informe de seguimento do curso académico 2020-2019, propúxose unha acción de mellora de cara a promover a obtención de ambas especialidades, derivando no curso 2021-2022 en resultados altamente positivos e pasando de 24 estudantes matriculados no curso 2019-2020 a 37 no curso 2020-2021, a 38 no curso 2021-2022 e a 32 no curso 2022/2023. Estes datos reflicten o interese do alumnado en obter as dúas especialidades.

In02 - Matrícula Global	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
MPTOXF	24	37	38	32

O número total de estudantes que se matriculan nos plans por primeira vez (In03), ao igual que ocorre no anterior indicador, varía levemente en función do curso académico. Non obstante, obsérvase que se cubren todas as prazas ofertadas en todos os cursos académicos. Estes datos reflexan unha alta demanda do título. En relación aos datos de matrícula de novo ingreso por preinscripción (In04), o indicador sinala a mesma tendencia de alta demanda do título. Se nalgún curso a matrícula final quedou por debaixo (como é o caso dos cursos 2019-2020 ou 2021-2022), isto foi motivado pola baixa dalgún estudante por causas de forza maior.

In03 - Matrícula de acceso	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
MPTOXF	24	31	24	25

In04 - Matrícula de novo ingreso por preinscripción	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
MPTOXF	24	31	24	25

Os datos referidos á taxa de ocupación (In12) amosan que se cubre practicamente a totalidade das prazas ofertadas. No curso 22-23, a porcentaxe acadou o 92.59% que reflexa que se cubriron as 25 prazas ordinarias ofertadas. A restante porcentaxe (ata acadar o 100%) correspondería coas dúas prazas a maiores que se aprobaron dende a CAM para cubrir as posibles baixas que se puidesen dar entre o alumnado xa matriculado.

In12 - Taxa de ocupación	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
MPTOXF	96	124	96	92.59

Cabe resaltar que a CAM valorou positivamente a demanda da titulación, que se mantén moi alta ao longo das distintas edicións. Para o curso 2020-2021, a demanda triplicou á oferta de prazas, sendo ademais a titulación escollida de primeira opción. Así, ofertáronse 25 prazas, que acadaron unha taxa de ocupación do 124%. Na mesma dirección aconteceu no curso 2021-2022, onde se tivo unha demanda de 124 solicitudes (para 25 prazas). Finalmente, no curso 2022-2023 a demanda foi de 6.7 veces superior á oferta de prazas, 168 solicitudes, converténdose nun dos títulos de máster da USC con maior demanda.

No relativo ao indicador (In06), a nota media de acceso por preinscripción evolucionou á alza de maneira ininterrompida dende o curso 20-21 acadando o 7.92 para o curso 22-23. Un dato moi positivo, xa que indica que o alumnado que decide matricularse no Máster ten unha boa nota de acceso.

In06 - Nota media de acceso por preinscripción	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
MPTOXF	7.77	7.67	7.70	7.92

Así mesmo, a porcentaxe de alumnos que accede á titulación cunha nota media superior a 6 (In07) é do 100% nos últimos curso examinados, o que indica que ningún alumno matriculado no MPTOXF ten menos dun 6 de nota media no seu expediente. Mostrando, de novo, o bo nivel académico do alumnado que cursa esta titulación.

In07 - % estudantes que acceden á titulación con nota = o > a 6	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
MPTOXF	100	100	100	100

En canto ao perfil de ingreso do alumnado que cursou este Máster, este axústase ao referido na MVT. Prioritariamente, o máster está dirixido a graduados/as en Psicoloxía e en Relacións Laborais e Recursos Humanos, pero é convinte sinalar que se trata dun título onde, ademais dos criterios xerais de acceso establecidos pola USC, tamén hai uns criterios específicos que están obxectivados (ver Directriz 3, apartado 3.1). De maneira específica, para o curso académico 22-23, o informe I2 (Inf.I2_22-23) resume as titulacións de procedencia do alumnado de nova matrícula ($N = 25$) e indica que a maior parte deste procede da titulación de Psicoloxía, con 22 alumnos (12 da Universidade de Santiago de Compostela). Os restantes alumnos proceden do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos, con 3 alumnos matriculados, tamén todos procedentes da USC.

En relación ao orixe xeográfico, o informe 16 (Inf.16_22-23) indica que do total de matriculados no curso 22-23 (32 alumnos) o 65.62% proceden de España ($N = 29$), sendo a Comunidade Autónoma de Galicia a de maior representación con 18 alumnos matriculados. A porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados (In09) no curso 22-23 descendeu dun 55.26% a un 34.38%. De modo máis específico, matriculáronse no Máster 11 persoas de fóra de Galicia (3 de Andalucía, 3 de Castela e León, 2 de Cataluña, 1 de Extremadura, 1 do País Vasco e 1 de Cantabria). A CAM valorou positivamente a demanda de persoas que ingresan no Máster procedentes de fóra da comunidade autónoma xa que esta non se sustenta en ningún programa de mobilidade (a taxa de alumnos/as en programas de mobilidade é cero fundamentalmente por tratarse dun título anual), senón que xorde do propio interese do alumnado de fóra de Galicia por cursar esta titulación.

In09 - % de estudantes nacionais de fora de Galicia sobre matriculados	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
MPTOXF	25	43.24	55.26	34.38

O indicador 8 (In08) amosa a porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados, que pasou do 0% ao 6.25% para o curso 22-23. Concretamente, matriculáronse 3 persoas procedentes de América do Sur (2 de Colombia e 1 de Uruguay). Así, os datos reflicten un maior interese de persoas estranxeiras en acceder á titulación respecto ao curso 21-22. A accións de difusión de información pública, en coordinación coa oficina USC Internacional, podería estar contribuíndo a impulsar estas accións de divulgación do título fóra da Comunidade e fóra do país.

In08 - % de estudantes estranxeiros sobre matriculados	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
MPTOXF	12.5	16.22	0	6.25

3.2.2 Perfil Real do Alumnado de Egreso

Neste punto reiteramos o sinalado nos informes de cursos anteriores, dado que non se conta con datos actualizados de inserción laboral. Así, na Universidade de Santiago de Compostela dispónse dos datos do Estudo de Inserción Laboral do SIIU (Fonte: Variables e Indicadores de Seguridad Social. Análisis transversal. SIIU, Ministerio de Educación), que corresponde á cohorte de egresados no curso 2013-2014. Os datos recollidos neste informe, indican que a taxa de afiliación dos egresados do MPTOXF acada un 42% un ano despois de rematar (cunha porcentaxe do 64.30% no grupo de cotización universitario) e que ascende ata o 67.7% dous anos despois de finalizar o Máster (cunha porcentaxe dun 76.20% no grupo de universitarios). Polo tanto, os resultados existentes sobre inserción laboral son satisfactorios.

Por outra banda, o Informe dos Másters no Sistema Universitario de Galicia, publicado no 2019 e en cuxa mostra se inclúe a titulación, sinala que un 46.5% dos titulados afirma que o seu traballo actual está bastante ou moi relacionado co máster que cursaron, que un 92.6% dos titulados traballaron dende a finalización do máster, dos cales un 61.1% comezou a traballar nun novo emprego e o 38.9% restante continuou no emprego que tiña antes de rematar o máster, que un 46.0% dos titulados valora o máster como bastante ou moi útil tendo en conta a súa traxectoria laboral e que un 77.1% afirma que o volvería cursar se tivese que tomar novamente a decisión. Así mesmo, indica que soamente un 11.2% dos titulados que traballa o fai por conta propia e que o 88.8% restante traballa por conta allea. Concretamente, o 36.9% dos titulados que traballa faino na Administración Pública ou en empresas públicas, mentres que un 32.2% traballa en empresas privadas con máis de 50 empregados.

Finalmente, este informe sinala que o motivo principal que leva os titulados de máster a cursalo é para complementar a formación académica e para adquirir unha maior especialización no mercado de traballo (cun 64.3%). O segundo motivo en importancia é para complementar a formación académica co obxecto de poder realizar o doutoramento e adicarse á investigación, cun 25.4%.

O carácter mixto do título, profesionalizante e investigador, daría resposta ás dúas principais motivacións do alumnado.

Nos obstante, é importante indicar que este máster desagregouse doutro máster que estaba composto de tres itinerarios: itinerario de Psicoloxía do Traballo e as Organizacións, itinerario de Psicoloxía Xurídica-Forense e itinerario de Intervención Comunitaria e estes datos de egresados correspóndense a cando aínda incluía o itinerario de Intervención Comunitaria, que se extinguiu no curso 18-19. Polo tanto, neste momento non se dispón de indicadores e evidencias para valorar a relevancia e actualización do actual perfil dos egresados. Isto é aplicable a calquera outro aspecto relacionado cos egresados, por tratarse dunha titulación que se iniciou como tal no curso 2019/20.

3.3 Resultados e Rendemento

No que respecta aos resultados de rendemento do MPTOXF pódese concluír que, en conxunto, os niveis alcanzados en todos os indicadores son satisfactorios. A continuación, desglósanse as principais taxas de rendemento respecto ao título.

Os resultados sobre a taxa de graduación (In37) amosan unha alta eficacia do alumnado na finalización dos estudos. Como se pode ver na táboa, a taxa sitúase en case un 92% e, aínda que descendeu levemente respecto ao curso anterior, este dato indica que case a totalidade do alumnado finaliza a titulación no tempo previsto no plan de estudos ou máximo nun ano académico máis.

In37 - Taxa de graduación	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
MPTOXF	-	91.30	96.77	91.67

Os datos sobre a duración media dos estudos (In38), indican que o alumnado do MXDL tarda unha media 1.21 anos en rematar os estudos, polo tanto, a duración media dos estudos supera a anualidade. No obstante, este dato pode deberse a que unha parte dos alumnos defenden o seu TFM na convocatoria do curso académico seguinte.

In38 - Duración media estudos	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
MPTOXF	1	1.07	1.19	1.21

Os datos da taxa de abandono RD1393/2007 descritos polo indicador 41 (In41) indican un leve aumento da taxa de abandono do 3.23% ao 8.33% para o curso 22-23. A pesar disto, o dato reflicta que máis do 90% do alumnado finaliza a titulación na que se matriculou, un dato moi positivo para o MPTOXF.

In41 - Taxa de abandono RD1393/2007	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
MPTOXF	-	0	3.23	8.33

Respecto á taxa de eficiencia dos egresados, o indicador 53 (In53) mostra un 96.46% de eficiencia, o que implica que practicamente o 100% dos egresados superou os créditos nos que se matriculou. Este dato mantense bastante estable so reducíndose en torno a un 3% nos últimos anos. Polo tanto, o valor da taxa de eficacia mantense moi positivo.

In53 - Taxa de eficiencia (rdto. egresados)	2019-20	2020-21	2021-23	2022-23
MPTOXF	100	98.82	96.09	96.46

En resumo, podemos concluír que os principais indicadores de demanda e de resultados do título son, en xeral, satisfactorios para o curso 22-23 e van na liña do previsto na MVT.

3.4 Indicadores de Satisfacción, Necesidades e Expectativas, Queixas e Suxestións

3.4.1 Satisfacción de Alumnos e Profesores coa Docencia

Neste apartado examínanse os resultados dos indicadores 46, 48 e 47 sobre a satisfacción do alumnado e o profesorado ca docencia no MPTOXF. No relativo á satisfacción do alumnado coa docencia recibida (In46) obtívose un valor de 3.40 (sobre 5) para o curso 22-23. Aínda que este valor foi diminuindo progresivamente nos último anos, segue situándose por riba da media

da escala, polo que o alumnado, en conxunto, está satisfeito coa docencia recibida.

In46 - Satisfacción alumnado coa docencia recibida	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
MPTOXF	4.60	4.55	3.92	3.40

Desglosando as puntuacións (Inf.13_22-23) os aspectos mellor valorados polo alumnado foron: (a) “*A explicación por parte dos docentes da programación da materia e os criterios de avaliación*” (3.67 puntos); (b) “*O coñecemento dos criterios que utiliza o docente para a corrección de exames e/ou traballos*” (3.83 puntos) e (c) “*A utilidade da axuda recibida nas titorías*” (3.63 puntos). En ningún caso os ítems tiveron puntuacións inferiores a 3 puntos. Aínda así, cabe resaltar que a taxa de participación do alumnado na realización das enquisas de satisfacción coa docencia (In48) foi baixa, reducíndose do 36.36% no curso 21-22 ao 10.71% no curso 22-23.

In48 -Taxa resposta enquisa de satisfacción alumnado coa docencia	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
MPTOXF	48	34.29	36.36	10.71

Con respecto á satisfacción do profesorado coa docencia impartida, o indicador 47 (In47) amosa uns resultados máis positivos. Para o curso 22-23 a satisfacción ascende a 4.82 puntos sobre 5. Polo que se pode concluír que o cadro docente do MPTOXF está altamente satisfeito coa docencia impartida e, tendo en conta a evolución dos datos, pódese afirmar que a satisfacción do profesorado é, tamén, bastante estable neste criterio.

In47 - Satisfacción do profesorado coa docencia impartida	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
MPTOXF	5	4.75	4.69	4.82

Atendendo de modo máis específico as puntuacións en cada un dos aspectos avaliados na enquisa de satisfacción coa docencia impartida (Inf.14_22-23), os docentes están especialmente satisfeitos con: (a) “*A organización e estruturación das clases*”; (b) “*A información proporcionada sobre os criterios de avaliación das materias*”; (c) “*A accesibilidade ao alumnado nas clases e titorías*” e (d) “*A existencia dun trato correcto cos estudantes*”, cunha valoración de 5 puntos en todos os casos. Tamén indican unha ampla satisfacción (4.91 puntos) no relativo á satisfacción global coa labor docente. Nos restantes ítems, a valoración non baixou dos 4.77 puntos. Por tanto, o cadro docente mostra unha alta satisfacción coa docencia impartida no MPTOXF en todos os aspectos avaliados. É importante, tamén, resaltar que a participación nesta enquisa foi do 60%.

3.4.2 Satisfacción de Alumnos e Profesores coa Titulación

Os informes 22 e 23 resumen os resultados relativos ao grao de satisfacción do alumnado e profesorado coa titulación de MPTOXF. En xeral, os indicadores reflicten un maior grao de satisfacción entre os docentes que entre o alumnado coa titulación. No obstante, é importante sinalar a baixa taxa de resposta do alumnado, sendo esta só do 10%. En cambio, case a metade do profesorado participou activamente cubrindo as enquisas de satisfacción coa titulación, o que se debe valorar moi positivamente.

No caso da satisfacción do alumnado coa titulación, o resultados do informe 22 (Inf.22_22-23) indican unha satisfacción de 2.92 puntos (sobre 5). Este dato reflicta que o alumnado non se sente especialmente satisfeito coa titulación cursada e, aínda que o valor roza o 3, está lixeiramente por debaixo do promedio da escala. Non obstante, hai unha ampla diversidade de puntuacións se atendemos aos aspectos específicos avaliados, oscilando as puntuacións entre o 2 (a máis baixa) e o 4.33 (a máis alta). Concretamente, o alumnado amosou unha maior satisfacción con: (a) “*A atención prestada polo persoal de administración e servizos*” (4.33); (b) “*A idoneidade dos horarios*” (3.67); (c) “*A idoneidade do calendario de probas de avaliación*” (3.67) e (d) “*A tramitación da matriculación*”. Non obstante, como indicamos, é importante resaltar que a taxa de participación nesta enquisa para o curso 22-23 foi do 10.71%, sendo unha participación baixa, aínda que mellora lixeiramente o dato na mesma enquisa no curso 21-22, onde apenas acadou o 6.06%.

No caso da satisfacción dos docentes coa titulación (Inf.23_22-23), obtívose unha cualificación promedio de 4.85, o que indica que o cadro docente está moi satisfeito co título. Ningún dos 19 aspectos avaliados recibiu puntuacións por debaixo de 4 puntos (sobre 5) e catro aspectos foron valorados ca puntuación máxima (5), en concreto: (a) “*O axeitado da información dispoñible da titulación*”; (b) “*A atención prestada polo persoal de administración e servizos*”; (c) “*A utilidade docente do Campus Virtual*” e (d) “*A asistencia do alumnado ás clases*”. A taxa de participación na enquisa foi do 46.67%, aumentando lixeiramente a participación respecto do curso anterior (42.86%).

3.4.3 Satisfacción dos Estudantes Egresados

En relación aos resultados de satisfacción dos estudantes egresados coa titulación (In42), a satisfacción situouse nun 4.45 para o curso 22-23. Se comparamos este dato co obtido no curso 21-22, un 3.55, pódese comprobar que a cifra incrementouse en case un punto. Este resultado valórase de modo moi positivo, xa que, ademais, a satisfacción deste colectivo ascendeu progresivamente dende o curso 20-21 ata acadar neste curso case o 4.50. Finalmente, no que respecta aos egresados, non se dispoñen de datos actualizados dos indicadores 23 e 33 sobre a satisfacción coa información pública dispoñible e cos servizos.

In42 - Satisfacción xeral dos egresados coa titulación	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
MPTOXF	-	3.26	3.55	4.45

3.4.4 Satisfacción do Persoal PAS

O persoal PAS é compartido por todas titulacións examinadas nesta memoria de calidade (ver Directriz 4, punto 2). Polo tanto, a valoración realizada polo mesmo para a titulacións de Grao, Dobre Itinerario e do MXDL aplícanse tamén para o MPTOXF. Así, como xa se indicou nos apartados análogos das outras titulacións examinadas, as valoracións emitidas polo PAS foron boas en todos os aspectos avaliados, non existindo ningún aspecto que merecese unha valoración inferior a 4. Todos os ítems recibiron unha puntuación de 5 e só obtiveron unha cualificación de 4 os ítems: “*O meu posto de traballo está en boas condicións*” e “*Síntome motivado/a no meu traballo*”.

3.4.5 Queixas e Suxestións

Respecto ás queixas e reclamacións, no relativo a este título, rexistrouse un recurso no que un estudante solicitaba a anulación dunha matrícula nunha materia optativa do segundo semestre, en concreto, na materia *P3421210-Intervención en psicoloxía xurídica e forense*, alegando habela cursado nun anterior título. Aínda que este recurso foi inadmitido en primeira instancia, finalmente a petición foi estimada baseándose en motivos académicos e no informe do coordinador do Máster co obxecto de que o alumno puidese adaptar a súa matrícula ás materias necesarias para concluír os seus estudos de Máster.

Por último, co obxectivo de incrementar a taxa de participación nas enquisas de satisfacción, especialmente, no caso dos colectivos cunha menor participación, creouse a acción de mellora **MPTXF-AM3 (2022-2023)** que busca continuar coa difusión da cultura de calidade para acadar participación dos grupos de interese do centro e da titulación (profesorado, estudantes, egresados, PAS, etc.) na realización de enquisas. Esta acción materialízase nas seguintes tarefas específicas:

1. Analizar as datas mais axeitadas para realizar as enquisas e a súa difusión, ademais de analizar a evolución da participación.
2. Promover e fomentar a participación nas enquisas dos grupos de interese.
3. Realizar charlas informativas para concienciar sobre a importancia e a utilidade nas enquisas de satisfacción para o correcto funcionamento do SGIC.

Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado

Estándar: o centro ten implantados procedementos para garantir que as accións que emprende ao impartir as súas titulacións teñen como finalidade fundamental favorecer a aprendizaxe do alumnado, así como permitirlles tomar un papel activo no deseño e desenvolvemento do proceso de aprendizaxe, e que a avaliación do alumnado reflicte este enfoque.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado:
 - Aplicación de normativas predefinidas que cobren todo o ciclo de vida do alumnado (admisión, progresión, recoñecemento e certificación)
 - Admisión do alumnado (acción de captación)
 - Complementos formativos, curso de adaptación ou de nivelación, se procede
 - Orientación académica (plan de acción tutorial) e profesional
 - Mobilidade
 - Metodoloxía de ensinanza e avaliación da aprendizaxe (adaptación a necesidades específicas de Aprendizaxe)
 - Avaliación da aprendizaxe
 - Prácticas externas
 - Traballos fin de grao/máster (asignación, supervisión, avaliación)
 - Resultados da aprendizaxe nas materias do título
 - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A Facultade de Relacións Laborais desenvolve os seus programas formativos no marco da organización xeral da USC e da normativa vixente. A maiores, a Universidade dispón de directrices para a xestión académica que regulan os aspectos máis esenciais do proceso formativo. Algunhas delas son xerais, mentres que outras conforman marcos regulamentarios susceptibles de adaptación para cada Centro ou Título. A principal normativa, que se apunta de seguido, pode consultarse no enderezo web <https://www.usc.gal/es/normativa/>

- Resolución do 20 de marzo de 2019, da Secretaría Xeral de Universidades, pola que se ditan instrucións para a determinación da oferta de prazas nas titulacións oficiais de grao e máster nas universidades do SUG.
- Resolución do 13 de decembro de 2022 pola que se ordea a publicación do Regulamento das titulacións oficiais de grao e mestrado universitario e do procedemento de aseguramento da súa calidade (aprobada en Consello de Goberno [CG] de 28/10/2022, DOG 22 de decembro).
- Normativa sobre permanencia nas titulacións de grao e máster na USC (CG 15/06/2011 e 25/05/2012; Consello Social 05/06/2012)
 - Resolución do 3 de decembro de 2014 pola que se acorda a publicación da modificación da normativa sobre permanencia nas titulacións de grao e máster (Consello Social de 3/11/2014).
- Normativa de transferencia e recoñecemento de créditos (CG 14/03/2008)
- Procedemento para o recoñecemento de competencias nas titulacións de grao e máster (RR 15/04/2011)
 - Acreditación do nivel de coñecemento dunha lingua estranxeira (acordo de CG de 28/05/2019)
 - Acordo do CG sobre recoñecemento de créditos nos estudos de Grao ao abeiro do art. 12.8 do RD 1393/2007 (CG 05/07/2016, modificado por CG 12/05/2017)
- Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión das cualificacións (aprobada en CG 15/06/2011).
 - Modificación da normativa de avaliación do rendemento académico (CG 05/04/2017)
- Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos traballos fin de grao e fin de máster (acordo CG 10/03/2016)
- Regulamento de acceso e admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de grao para persoas maiores de 40 anos que acrediten experiencia profesional ou laboral (CG 23/03/2011)
- Normativa de asistencia a clase nas ensinanzas adaptadas ao EEES (CG 25/03/2010)
- Regulamento de prácticas académicas externas (CG 29/07/2015)

- Regulamento de Intercambios Interuniversitarios de estudantes da USC (CG 26/10/2012), modificado para as titulacións dobres ou programas de simultaneidade académica por acordo do CG de 18/07/2019.
- Normativa sobre recoñecemento de estudos realizados en réxime de intercambio (CG 03/03/2017), modificado en CG de 24/05/2018.
- Convocatoria de fin de carreira para as titulacións adaptadas ao EEES (CG 24/09/2013)
Modificación do punto segundo da Convocatoria de Fin Carreira para as titulacións adaptadas ao EEES (CG 08/10/2015)
- Regulamento sobre dobres titulacións e simultaneidade de ensinanzas oficiais na USC (CG 27/03/2015)
- Entre a normativa propia da Facultade de Relacións Laborais directamente relacionada coa organización dos procesos de ensino/aprendizaxe e que desenvolve ou concreta as normas xerais da USC no seu ámbito de competencia atópanse:
 - Regulamento de réxime interno da Facultade de Relacións Laborais (CG 8/05/2015)
 - Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos Traballos Fin de Grao da Titulación de Relacións Laborais e Recursos Humanos da USC (CG 31/01/2017)
 - Regulamento do Traballo Fin de Máster do Máster Interuniversitario en Dirección e Xestión Laboral da Universidade de Santiago de Compostela (CG 31/01/2017)
 - Memoria para a implantación do Programa integrado de Grao en Dereito e Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos da USC (Xuntas de Facultade de ambos centros de 10/04/2014) [Actualmente en fase de modificación].

Este marco normativo regula os procedementos e condicións formais para o acceso, progresión e terminación dos programas formativos.

Os procesos do SGC da Facultade de Relacións Laborais máis directamente relacionados coa garantía de aprendizaxe son os cinco procesos chave que o configuran:

- 1. PC-01. Análise do perfil de ingreso e captación** sobre a definición e revisión do perfil de ingreso e do plan de captación do alumnado en cada unha das titulacións que oferta o centro e sobre o desenvolvemento de accións de captación acordadas co perfil definido e coa oferta de prazas de cada titulación.
- 2. PC-02. Planificación das ensinanzas** sobre a garantía de que as ensinanzas oficiais se planifican de acordo ao establecido nas memorias de verificación das titulacións impartidas no centro, tendo en conta a dispoñibilidade de medios docentes (recursos humanos e materiais).
- 3. PC-03. Apoio aos estudantes** sobre o establecemento do procedemento de acollida, orientación e tutela, por parte do centro, do alumnado na súa incorporación á universidade e durante todo o período de estudos, coa finalidade de favorecer a aprendizaxe, o seu desenvolvemento e a orientación laboral.
- 4. PC-04. Desenvolvemento das ensinanzas** sobre a garantía de que as ensinanzas oficiais que se imparten no centro se desenvolven de acordo á planificación anual, asegurando a súa calidade e favorecendo a aprendizaxe do alumnado.
- 5. PC-05. Análise de resultados e mellora dos programas** sobre o establecemento de como o centro realiza a análise dos resultados dos programas formativos que se imparten nel e como se emprega esta información, para a mellora das titulacións e para a consecución da súa política e obxectivos.

As Comisións de Título, en primeira instancia, e a Comisión de Calidade do Centro, en segunda, analizan anualmente o desenvolvemento destes procesos e dos indicadores que dan conta dos resultados e da satisfacción asociados ao ensino, aprendizaxe e avaliación. A continuación, preséntanse as principais conclusións derivadas da análise dos indicadores e informes correspondentes a ditos aspectos para cada un dos títulos.

1. GRAO EN RELACIÓNS LABORAIS E RECURSOS HUMANOS E DI EN DEREITO E RELACIÓNS LABORAIS E RECURSOS HUMANOS

1.1 Admisión e Captación do Alumnado

Tal e como se especifica na MVT, non existe ningunha formación específica previa para o ingreso no Grao en RRL e RRHH. Precisamente, isto constitúe un dos atractivos e fortalezas da titulación, sendo posible que estudantes das distintas modalidades e ramas de bacharelato poidan acceder aos estudos. Non obstante, a formación previa que maior similitude garda co contido de Grao e Dobre Itinerario é o de perfil de Ciencias Sociais (RD1467/2007, BOE de 6 de novembro, polo que se establece a estrutura de bacharelato e se fixan as súas ensinanzas mínimas). Por este motivo,

nos primeiros anos da titulación fortalécese a formación complementaria das diferentes traxectorias previas, por exemplo, en Técnicas de Investigación Social ou Economía para aqueles estudantes que proceden dun perfil relacionado coas humanidades e as ciencias sociais ou en Historia Política e Social Contemporánea ou Socioloxía para os que proceden da rama de ciencias e tecnoloxía. O mesmo é aplicable aos estudantes que acceden ao título dende cursos de formación profesional. No caso particular do Curso Ponte ou Curso de Adaptación, o alumnado si debe contar cun perfil específico previo. En concreto, todo alumno que desexe acceder ao curso de adaptación debe contar coa Diplomatura en Relacións Laborais ou ser Graduado Social. Outra particularidade é a referida ao acceso de maiores de 40 anos mediante a validación da experiencia profesional previa, en cuxo caso se terán en conta os perfís profesionais idóneos e os resultados dunha entrevista de carácter persoal, tal e como se reflexa na MVT.

No referido ao curso de adaptación, cabe sinalar que o alumnado matriculado nel é totalmente exíguo no Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos. É importante indicar que a adquisición de competencias e coñecementos por parte deste alumnado específico é completamente análoga á dos seus compañeiros matriculados na titulación de Grao e, como tal, segue o disposto na memoria do título. Os diplomados en Relacións Laborais deben cursar 30 créditos en materias obrigatorias e 10 do TFG. Os Graduados Sociais cursan 57 créditos en materias obrigatorias e 6 de TFG. Dado o carácter residual do Curso Ponte e, considerando que o título de Grao foi o último da Comunidade Autónoma de Galicia en ofrecelo, acordouse reducir paulatinamente o número de prazas e finalizar a oferta do mesmo por entender que o seu obxectivo se acadou con éxito. Deste xeito, no curso académico 2022-2023 só se ofertaron dúas prazas e no curso académico 2023-2024 xa non se ofertou ningunha praza. De calquera forma, isto non supón ningunha limitación para aquelas persoas que nun futuro desexen equiparar os seus estudos de Graduado/a Social ou de Diplomado/a en RRLI aos de Graduado/a en Relacións Laborais e Recursos Humanos. En tal caso, procederíase ao correspondente recoñecemento de créditos e á matriculación destes alumnos no TFG e nas materias restantes que sexan necesarias para a obtención do Título.

En canto á captación de novos estudantes, é importante sinalar que o título conta cunha elevada demanda na Facultade de Santiago (a pesar de impartirse en cinco centros do sistema universitario galego), superando o número de estudantes que se matriculan no plan por primeira vez ao número de prazas ofertadas, de maneira ininterrompida, nos últimos anos. Por exemplo, no curso académico 2022-2023, o centro ofertou 90 prazas e rexistráronse 107 estudantes que se matricularon no plan por primeira vez. Aínda que os datos cuantitativos describen un escenario moi favorable, dende o centro véñense desenvolvendo iniciativas que teñen por obxecto seguir mantendo os niveis de interese descritos, ao mesmo tempo que se trata de reducir as taxas de abandono rexistradas. Así, no curso académico 2022-2023 elaborouse unha iniciativa consistente na creación de material audiovisual enfocado a proporcionar información sobre o título de Grao e sobre as súas saídas académicas e profesionais. A elaboración deste vídeo foi incluído nunha acción de mellora específica (**Acción de Mellora GRL-AM1 Santiago – 2020-2021 Diferida**) e está dispoñible na páxina web do centro <https://www.usc.gal/es/centro/facultad-relaciones-laborales> e no link https://drive.google.com/file/d/14HzOyePdFpCr5JGv5JeONxV_dk2D4cX/view. Os indicadores obtidos para o curso académico 2022-2023 (descritos na directriz 1) reflexan unha melloría tanto na taxa de abandono do 1º curso como na taxa de estudantes preinscritos en primeira opción matriculados por primeira vez.

Ademais, no marco do programa “A Ponte”, dende o centro desenvólvense varias actividades de promoción e orientación da universidade e da titulación dirixidas ao colectivo de estudantes de ensino medio. O obxectivo deste programa é dar a coñecer os estudos de Grao e ofrecer información sobre o contexto investigador, social, cultural e espacial da USC. A execución deste programa materializouse no caso do Grao en RRLI e RRHH no curso académico 2022-2023 en dúas actividades específicas. Por un lado, o acompañamento do alumnado de educación secundaria nos encontros programados ao centro. Estes encontros consisten nunha visita guiada polo centro na que este alumnado recibe información sobre os estudos de Grao en RRLI e RRHH. Nestas visitas guiadas tamén se involucra aos representantes dos estudantes de Grao así como aos alumnos acollidos á iniciativa do “Programa de Tutores” da USC. A segunda actividade consiste na realización de encontros online entre calquera alumno de ensino medio e profesorado do centro para dar resposta ás dúbidas e inquiredanzas relacionadas co estudo da titulación na USC.

1.2 Orientación Académica e Profesional e Formación en Competencias Transversais

A orientación académica e profesional do alumnado matriculado no Grao da comezo cronoloxicamente coa Xornada de Acolida realizada ao inicio de cada curso académico. Tanto o equipo decanal como parte do corpo docente recibe presencialmente ao novo alumnado nunha xornada de presentación na que se imparte unha charla informativa que aborda unha variedade de cuestións referidas á vida académica na Facultade e na universidade. A estrutura desta xornada de benvida organízase nos seguintes bloques:

1. Presentación dos colectivos de interese:

- Membros de equipo decanal
- Coordinación do título e coordinación dos cursos
- Persoal PAS do centro
- Representantes do alumnado
- Alumnos titores

2. Características do título:

- Estrutura do título (créditos ECTs, carácter básico, obrigatorio e optativo das materias, docencia expositiva e interactiva, horarios, distribución por grupos, calendario académico, TFG)
- Saídas profesionais da titulación
- Órganos colexiados (Xunta de Facultade, Comisión Permanente, Comisión do Título, Comisión de Calidade, Comisión de TFG e Comisión de Xénero)
- Xestións comúns (solicitud de dispensa, recoñecemento de créditos e cambio de grupo)

3. Canles de comunicación:

- Páxina web do centro (e intranet)
- Campus virtual das materias e campus virtual de Coordinación do Título
- Uso do correo electrónico institucional (@rai.usc.es)
- Plataforma Microsoft TEAMS

Co obxecto de facilitar o acceso a esta información a aqueles alumnos que non poden asistir á xornada de benvida, o contido desta presentación ponse a disposición do alumnado a través do Campus Virtual de Coordinación.

Outro recurso do que o centro se beneficia neste sentido é a figura do “Alumno Titor” dirixida especialmente ao alumnado de 3º e de 4º curso que se convoca anualmente baixo o “Programa de Titores” da USC. O alumnado que voluntariamente se decide acoller a esta figura é formado nas competencias necesarias para exercer de titor co alumnado de novo ingreso. Para o desenvolvemento das súas funcións, dispónse dun horario e da utilización dun espazo no centro cando a actividade en cuestión o require. Entre as funcións que o alumnado titor debe realizar destacan: (1) participar na recepción do alumnado de novo ingreso; (2) participar nas actividades de información sobre a oferta de servizos da universidade e sobre a organización e funcionamento da Facultade; (3) colaborar nas actividades que organiza o programa “A Ponte” dirixidas ao alumnado de educación secundaria. Na actualidade, hai 3 alumnos titores no centro.

Outro dos recursos de apoio co que conta o Título é o Apoio Titorial Extraordinario pensando para aqueles alumnos cuxa situación particular requira de axuda adicional para poder superar aquelas materias que para eles presentan especiais dificultades, tal e como establece a universidade.

No que respecta á orientación profesional, a Facultade de Relacións Laborais leva a cabo un conxunto de iniciativas que teñen por obxecto achegar ao alumnado de Grao á realidade laboral actual. Debido ao carácter multidisciplinar do título, profesionais que representan ás distintas ramas de ocupación relacionadas co título expoñen cuestións relevantes de cara á súa futura incorporación laboral. Entre eles, podemos citar a traballadores do sector xudicial, especialistas en prevención de riscos laborais, profesionais do sector dos recursos humanos ou investigadores e docentes en materia de relacións laborais e recursos humanos. En primeiro lugar, o centro mantén unha estreita colaboración co Colexio de Graduados Sociais de A Coruña e Ourense. Este Colexio é o encargado de financiar o premio anual “Javier Marañón” á excelencia do alumnado de Grao, unha iniciativa que trata de fomentar o esforzo e a boa actuación dos estudantes, valores que deben caracterizar aos profesionais das relacións laborais e os recursos humanos. En segundo lugar, dende o centro organízanse distintas actividades enfocadas á orientación do alumnado en canto ao seu futuro profesional.

Dende a facultade, tamén se organizan outras actividades de interese para o alumnado de Grao e Dobre Itinerario coas que se pretende fortalecer certas competencias transversais de relevancia para o desempeño dos seus futuros postos de traballo. Así, no curso académico 2022-2023 realizáronse as seguintes actividades:

- Conferencia sobre “*O Futuro das Relacións Laborais con respecto ás Saídas Profesionais*” impartida polo Presidente do Consejo General de Graduados Sociales de España e organizada pola Facultade de Relacións Laborais (USC)

- Actividade *PowerYou Xperience* organizada polo Human Age Institute e a Facultade de Relacións Laborais (USC) sobre os retos do futuro emprego e para o desenvolvemento de competencias altamente demandadas no actual contexto de cambio e transformación dixital.
- Seminario internacional *La reforma de la formación profesional en España: Un nuevo modelo para el siglo XXI*, organizado por varios docentes da titulación.
- Xornadas 2023 sobre a *Violencia e o Acoso nas Relacións Laborais 360º*, impartidas na Facultade e organizadas en colaboración co Colexio Oficial de Graduados Sociais de A Coruña e Ourense.

Outras charlas e xornadas relacionadas con temas de interese profesional que se impartiron e se publicitaron foron:

- Charla informativa sobre as oposicións ao Corpo Superior de Técnicos e do Corpo de Xestión Administrativa da Seguridade Social (Ministerio de Facenda).
- “*Xornadas de Orientación Profesional*” organizadas pola Área de Orientación Laboral e Emprego da Vicerreitoría de Estudiantes e Cultura da USC.
- Xornadas online de Orientación Técnica Interempresarial en materia de Prevención de Riscos Laborais organizadas pola Mutua Universal.
- Difusión do Curso de Formación en Competencias Informacionais da USC (nivel básico e avanzado) organizado pola Biblioteca Concepción Arenal da USC.
- Información sobre a Feira de Outono das Emprendedoras no Rural (Concello de Lugo, USC, Xunta de Galicia).

Ademáis, publicitouse información referida ás seguintes bolsas e prácticas profesionais:

- Información sobre as bolsas “*Creando Mellora*” da Unión de Cooperativas Galegas Espazocoop para menores de 30 anos.
- Información sobre as bolsas “*Rethinking Digital*” do Human Age Institute
- Información sobre a convocatoria de prácticas profesionais extracurriculares do Consello Social (USC).

Por último, o centro leva apostando activamente durante os últimos anos pola vertente científica dos Recursos Humanos como unha importante saída académica e profesional dispoñible para os estudantes que se gradúan no título. A este respecto, creouse un Laboratorio de Recursos Humanos como instrumento para garantir o mellor posicionamento do título en Santiago neste ámbito de coñecemento. Ademais, no curso académico 2022-2023 creouse o primeiro Programa de Doutoramento en Relacións Laborais e Recursos Humanos, que abre ao alumnado do Grao a posibilidade de acceder a estudos de doutoramento e de desenvolver unha carreira investigadora relacionada directamente coa titulación. Esta iniciativa supón novas oportunidades para los alumnos de Relacións Laborais, para quenes, ata ese momento, as saídas profesionais estaban vinculadas ao exercicio aplicado da profesión en empresas privadas e administracións públicas.

1.3 Prácticas Profesionais Externas

O título de Grao ofrece prácticas curriculares en entidades e institucións que reflicten os distintos tipos de organizacións nas que o alumnado poderá desempeñar a súa profesión na súa futura incorporación laboral. De forma análoga ao carácter multidisciplinar do título, as entidades ofertadas son moi diversas. Por exemplo, colabórase mediante o convenio correspondente con sindicatos, asesorías xurídicas, administracións públicas, empresas de traballo temporal, consultoras de recursos humanos, mutuas e con unha ampla variedade de empresas do sector privado pertencentes aos distintos sectores económicos, nas que os estudantes desenvolven as súas competencias nos departamentos ou áreas de persoal, contabilidade, asesoría, financeiras ou da administración pública, entre outras. O listado de entidades proporcionado polo centro revísase e actualízase anualmente. Estas entidades atópanse distribuídas entre as catro provincias de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra. Delas, A Coruña é a provincia na que máis entidades se sitúan, por cuestións de proximidade coa Facultade. Ademais, existen outros centros de traballo en distintas comunidades autónomas como Asturias ou as Illas Canarias, lugares onde se levan firmado convenios con entidades particulares a petición do alumnado (prácticas profesionais propiciadas). Na actualidade, a Facultade de Santiago conta con aproximadamente 230 convenios en vigor. O plan formativo das prácticas académicas resúmese nas seguintes tarefas e funcións:

- Asesoramento a clientes no ámbito laboral, fiscal e da Seguridade Social.
- Asistencia a actos de conciliación e xuízos no Xulgado do Social.
- Elaboración de contratos, elaboración de nóminas, cálculos de liquidacións, tramitación de despidos, etc.

- Xestión de altas e baixas na Seguridade Social, cotizacións e pensións.
- Realización de trámites ante a TGSS, INSS, SEPE e Mutuas.
- Tarefas de contabilidade e facturación.
- Xestión e liquidación de taxas e impostos.
- Labores administrativas, de arquivo e de atención ao cliente.
- Participación en procesos de selección, programas de formación, deseño de sistemas de compensación e outras tarefas relacionadas coa xestión de recursos humanos.
- Xestión de seguros: tramitación de sinistros laborais, información e relación co asegurado.
- Tarefas relacionadas coa prevención de riscos laborais.

Para a coordinación das prácticas profesionais, cóntase coa figura do/a Coordinador/a de Prácticas, que se encarga da xestión específica das mesmas. Para solicitar a realización de prácticas, o alumnado conta con dúas alternativas entre as que escoller: (1) realizar as prácticas nunha das entidades ofertadas polo centro ou (2) realizar as prácticas nunha organización proposta (prácticas propiciadas). En ambos casos, o procedemento e os sistemas de coordinación co alumnado e cos titores é o mesmo. No curso académico 21-22, procedeuse á revisión do procedemento de coordinación e xestión das prácticas. Concretamente, actualizáronse os seguintes documentos:

1. Menú de tarefas estándar a realizar nas prácticas profesionais en función do tipo de entidade receptora de alumnos, diferenciando entre: (a) tarefas de asesoría laboral, (b) tarefas relacionadas coa xestión de organizacións e dos recursos humanos, (c) tarefas económico-fiscais, mercantís e administrativas e (d) tarefas interdisciplinares.
2. Estrutura e contido do documento de memoria de prácticas a cubrir polo alumnado unha vez rematadas as prácticas.
3. Sistema de avaliación por parte dos titores académicos.

De forma análoga, actualizouse o proceso de xestión das prácticas co obxecto de homoxeneizar os prazos e o procedemento entre o alumnado e os titores académicos, de forma que:

- Unha vez publicadas as listaxes definitivas de asignación do centro, o alumno/a debe pórse en contacto co titor académico nun prazo máximo de 10 días hábiles para reunirse de maneira presencial co mesmo.
- Nesta reunión, o titor académico informa ao alumno sobre cuestións como o funcionamento e a xestión das prácticas profesionais, o sistema de avaliación, as obrigas e os dereitos do estudante ou sobre a documentación necesaria. Ademais, o titor académico suxire ao alumno a elaboración dun rexistro diario das tarefas a realizar co obxectivo de facilitar a redacción da memoria final de prácticas.
- Para garantir unha boa coordinación entre o titor académico e o alumno en prácticas, este último debe contactar periódicamente co titor académico para informar do transcurso das prácticas, das funcións e tarefas que realiza e da existencia de posibles incidencias. O alumno debe comunicarse un mínimo de 3 veces co titor académico durante o período de prácticas.
- O alumno dispón de 10 días, ampliables a 15 en caso de motivo xustificativo, para acudir á entidade, reunirse co titor profesional e cubrir a documentación necesaria (anexos de prácticas).
- A continuación, o alumno volverá a reunirse co titor académico para que este proceda a revisar o contido da documentación (datas de realización de prácticas, horario, tarefas a realizar) e esta se tramite no centro.

Una vez rematada a realización das prácticas profesionais, o alumno debe elaborar unha memoria de prácticas na que inclúa, entre outros aspectos, unha descrición detallada das tarefas e funcións realizadas durante o período de prácticas e unha valoración das mesmas.

Toda a documentación referida á tramitación das prácticas, así como as convocatorias, listaxes de alumnos, formato de memoria e demais información relevante, atópase dispoñible para todo o alumnado na intranet da Facultade nunha carpeta dedicada exclusivamente ás prácticas de Grao. A intranet constitúe un apartado de acceso restrinxido ás persoas vinculadas ao Grao e ao Dobre Itinerario (persoal PDI, PAS e alumnado).

No curso académico 2022-2023, houbo un total de 49 solicitudes para a realización de prácticas profesionais por parte do alumnado. Destas, 34 solicitudes foron para a realización das prácticas en organizacións ofertadas polo centro. As restantes, 15, foron solicitudes para a realización de prácticas propiciadas en organizacións suxeridas polo alumnado. As asignacións efectivas de prazos adoita ser inferior ao número de solicitudes realizadas. O motivo máis frecuente é que o alumnado non cumpre algún dos requisitos necesarios para poder realizar as prácticas (p. ex., non haber

superado o número de créditos mínimo para poder matricularse nas mesas, haber realizado a solicitude fóra de prazo ou por renuncia voluntaria). En total, no curso 2022-2023 houbo 45 prazas de prácticas asignadas, 30 en organizacións ofertadas polo centro e 15 en organizacións suxeridas polo alumnado (prácticas propiciadas). Estes datos aparecen reflexados na seguinte táboa:

Curso académico 2022-2023 – Grao RRL e RRHH	
OFERTA DE PRACTICAS	
<i>Ofertadas polo centro</i>	34 solicitudes para 90 prazas
<i>Propiciadas por el alumnado</i>	15
TOTAL	49
ASIGNACION DE PRACTICAS	
<i>Asignacións prácticas ofertadas polo centro</i>	30
<i>Asignacións prácticas propiciadas polo alumnado</i>	15
TOTAL	45

A boa xestión das prácticas externas do Grao reflíctese nos datos de satisfacción coas mesmas por parte do alumnado, dos titores académicos e dos titores profesionais. Así, en canto á satisfacción do alumnado coas prácticas profesionais realizadas no curso académico 2022-2023, o indicador 19 (In19) reflexa unha boa taxa de satisfacción coas mesmas. Ademais, tal e como se reflexa na táboa, a cualificación para o curso 2022-2023 supera en case un punto a obtida no curso académico previo, de 4.25, ademais de superar así mesmo o promedio para a USC (4.20).

In19 - Satisfacción estudantes coas prácticas externas	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Grao en RRL e RRHH	4.33	-	4.33	3.44	4.25
D.I. en Dereito e RRL e RRHH	-	-	-	-	-

O informe 6 desglosa os datos de satisfacción do alumnado por ítems e indica que os aspectos das prácticas externas mellor valorados son (1) “*A orientación prestada polos titores académicos*”, cun promedio de 4.56 puntos e (2) “*Os materiais e medios prestados polas organizacións*” cun promedio de 4.78 puntos.

Os datos de satisfacción dos titores profesionais, recollidos no indicador 20 (In20) e no informe 7 (Inf.7_22-23), describen así mesmo unha situación moi positiva para o curso 2022-2023. O promedio (nunha escala de 1 a 5) foi de 4.37 puntos (promedio da USC = 4.36). Ningunha das cuestións valoradas obtivo unha puntuación inferior aos 4 puntos. Ademais, o 100% dos titores que responderon á enquisa sinalan que volverían a ofertar esa praza para futuras prácticas profesionais.

In20 - Satisfacción titores profesionais coas prácticas externas	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Grao en RRL e RRHH	4.27	-	4.44	4.54	4.38
D.I. en Dereito e RRL e RRHH	-	-	-	-	-

En canto á satisfacción dos titores académicos, os datos volven a reflexar unha moi elevada satisfacción cos distintos aspectos relacionados coas prácticas externas, alcanzando una puntuación promedio de 4.59 no curso académico 2022-2023. De novo, todos os ítems obtiveron unha valoración superior ao 4, sendo os aspectos mellor valorados, ámbolos dous cun 5.00: (1) “*A coordinación e planificación das prácticas*” e (2) “*A comunicación e coordinación coa organización onde se realizan as prácticas*”.


In21 - Satisfacción titores académicos coas prácticas externas	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Grao en RRL e RRHH	-	-	4.50	5.00	4.59
D.I. en Dereito e RRL e RRHH	-	-	3.50	4.50	-

1.4 Programas de Mobilidade

O informe sobre a procedencia e destino dos estudantes participantes en programas de mobilidade (Informe 3; Inf.3_22-


23) sinala que no curso académico 2022-2023 houbo 9 persoas que participaron en programas de mobilidade saínte. A maior parte deles (7 estudantes) participou no programa SICUE (78% da mobilidade saínte). O alumnado restante acolleuse ao programa ERASMUS (el 22% da mobilidade saínte). Polonia foi o destino escollido polos 2 estudantes. A comparativa destes datos cos datos de cursos previos (ver gráfico) indica unha tendencia á alza da preferencia polo programa SICUE e unha menor preferencia polo programa ERASMUS. Os datos de satisfacción coa mobilidade saínte (informe 4) indican que o alumnado está altamente satisfeito cunha cualificación promedio de 4.03 puntos que supera a media da USC (3.74 puntos). Os aspectos mellor valorados, todos eles coa máxima puntuación (5) foron: (1) “O nivel de integración cos compañeiros da universidade receptora”, (2) “A atención, recepción e acollida pola universidade receptora” e (3) “A experiencia en xeral”.

Mobilidade Saínte de Grao



En canto á mobilidade entrante, o informe 3 indica que 3 alumnos se acolleron ao programa SICUE para cursar parte dos seus estudos de Grao na facultade de Santiago, procedentes dous deles da Universidade de Sevilla e un da Universidade de Salamanca. Por outra parte, houbo un estudante procedente de México que se acolleu ao programa de mobilidade baixo convenios bilaterais con outras universidades.

Mobilidade Entrante de Grao



No que respecta á mobilidade do alumnado de Dobre Itinerario (Informe 3), no curso académico 2022-2023 non houbo ningún alumno de mobilidade entrante. No caso da mobilidade saínte, 3 alumnos se acolleron ao programa Erasmus con destino Francia, Italia e Polonia e 1 se acolleu ao programa SICUE. En canto á satisfacción deste colectivo coa mobilidade saínte, o informe 4 proporciona unha cualificación promedio de 4.2 puntos, de novo superior á media da USC (3.8 puntos). Os aspectos mellor valorados, todos eles cunha cualificación de 5, foron: (1) “As infraestruturas”, (2) “A calidade do profesorado”, (3) “A calidade da formación recibida”, (4) “As xornadas de acollida” e (5) “A atención, recepción e acollida pola universidade receptora”.

Por último, é importante sinalar que tanto no título de Grao como no caso do Dobre Itinerario, se imparte un contido altamente relacionado co sistema xurídico autonómico galego e estatal español, cuxa aplicabilidade noutros territorios é distinta e que pode ser un condicionante para o alumnado á hora de realizar intercambios. Outro aspecto a sinalar é que non existe en Europa ningunha titulación universitaria que sexa equivalente á do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos, aspecto que pode supor unha limitación práctica no mesmo sentido.

1.5 Avaliación e Resultados do Aprendizaxe

A diferenza de cursos académicos anteriores, no curso 2022-2023 a docencia impartiuse sen ningún tipo de restrición relacionada coa pandemia, de forma que as limitacións de aforo e de presencialidade, que poderían haber tido no pasado algún impacto nos resultados do aprendizaxe, elimináronse por completo. Non obstante, si houbo unha

modificación que se acordou manter no período post-pandemia por resultar ser máis eficiente en termos organizativos. Así, as clases expositivas e interactivas procederon a alternarse semanalmente, de forma que cando o alumnado de 1º e 3º curso reciben a semana de clases expositivas, o alumnado de 2º e 4º recibe a semana de clases interactivas e ao revés. Ademais, a presencialidade convive na actualidade coa posibilidade de que as titorías se realicen a través da aplicación MS TEAMS adquirida pola universidade con motivo do COVID-19, tanto para o alumnado presencial como para o alumnado con dispensa de asistencia.

Por outra parte, a MVT non ten sufrido ningunha modificación recente que afecte ao aprendizaxe. Os módulos e materias ofertadas seguen sendo os mesmos e séguense aplicando os mesmos criterios de ensinanza e avaliación que garanten, xunto coas actividades formativas organizadas polo centro, a correcta adquisición de competencias por parte do alumnado. O único cambio producido na memoria do título afecta á materia optativa de “*Historia das Relaciones Laborais do século XX*”. Esta materia pasou de impartirse no primeiro cuatrimestre do terceiro curso ao segundo cuatrimestre do mesmo curso co obxecto de igualar a carga lectiva do alumnado entre os dous cuatrimestres. Este cambio implantouse no curso académico 21-22.

Co obxecto de manter un nivel de excelencia en termos de aprendizaxe e dos resultados do aprendizaxe, unha das accións de mellora que se levou a cabo dende a dirección do centro foi a xa citada acción de mellora **GRL-AM1 (Santiago 2021-2022)** consistente na realización de reunións cos representantes do estudantado e cos delegados de curso. Simultaneamente, deseñouse e administrouse unha enquisa dirixida ao estudantado de tódolos cursos de Grao coa finalidade de detectar posibles disfuncionalidades relacionadas co título (p. ex., causas de abandono ou causas da reducida taxa de defensa de TFGs). Recibíronse un total de 115 respostas sobre aspectos relacionados co título en xeneral e 35 respostas relacionadas con problemas vinculados á realización e defensa dos TFG. Un dos problemas detectados foi o grao de solapamento de contido entre materias específicas. Para a súa abordaxe, deseñouse unha acción de mellora específica (**GRL-AM2 Santiago 2021-2022**) que deu comezo cunha minuciosa análise dos programas das materias de Grao co obxecto de identificar os contidos que potencialmente se puidesen solapar. Unha vez tratada esta cuestión na Comisión de Título, realizouse unha reunión cos coordinadores das materias afectadas. Posteriormente, os coordinadores das materias reuníronse para realizar as modificacións pertinentes nos programas docentes que foron, a posteriori, aprobados pola Comisión do Título.

Outra forma de garantir a excelencia dos resultados do aprendizaxe é mediante a calendarización dos picos de traballo que o alumnado debe asumir fóra do horario de clase. A estes efectos, dende a coordinación do título, solicítase ao profesorado de cada cuatrimestre información detallada sobre as actividades que o alumnado deberá realizar fóra da aula. Concretamente, realízase un rexistro dos seguintes aspectos: nome da materia, curso en que se imparte, carácter cuatrimestral ou anual da materia, profesor/a responsable ou coordinador/a da materia, número de tarefas, traballos, proxectos ou actividades a realizar fóra da aula, título descritivo de cada actividade, carácter individual ou colectivo da tarefa, tempo aproximado requirido para completar a tarefa, data de inicio e finalización da tarefa e fracción de estudantes que deben completar a tarefa (todo o grupo, grupo de mañá, grupo de tarde). Unha vez elaboradas, as táboas confeccionadas son subidas ao campus virtual de coordinación de forma que, tanto o alumnado como o profesorado poden consultalas. A creación desta ferramenta cumpre dúas funcións adicionais á de facilitar ao alumnado a organización das súas obrigas. Por un lado, permite á Coordinación do Título garantir a adecuación da distribución da carga de traballo por cursos e cuatrimestres, de tal forma que, no caso de detectarse picos de traballo excesivos, estes poderían corrixirse. Por outro, permite aos docentes comprobar a carga de traballo dos seu alumnado de maneira semanal, o que tamén facilita a este colectivo unha boa xestión e planificación das actividades académicas programadas.

Nos seguintes apartados, descríbense pormenorizadamente os resultados de aprendizaxe do alumnado de Grao e de Dobre Itinerario (taxa de rendemento, taxa de éxito e taxa de avaliación).

1.5.1 Taxa de Rendemento

A taxa de rendemento equivale á relación, en termos de porcentaxe, entre o número de créditos ordinarios superados e o número de créditos ordinarios nos que o alumno se matriculou. O indicador 34 (In34) reporta esta información. Como se aprecia na táboa inferior, no caso do Grao a taxa de rendemento incrementouse no curso académico 2022-2023 ata un 69.28% con respecto ao ano anterior (66.46%). O dato para o Dobre Itinerario é moi positivo, acadando

un 80.73%. Non obstante, as taxas referidas ao Dobre Itinerario contemplan non só as materias do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos, senón tamén as do Grao en Dereito.

In34 - Taxa de rendemento	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Grao en RRL e RRHH	68.48	81.52	72.22	66.46	69.28
D.I. en Dereito e RRL e RRHH	84.61	89.84	80.24	76.84	80.73

Na seguinte táboa descríbense os resultados da taxa de rendemento en función de curso de Grao (1º, 2º, 3º e 4º) para os cursos académicos 2021-2022 e 2022-2023. Tal e como se aprecia, os datos reflexan unha tendencia á alza de maneira que as taxas dos últimos dous cursos de Grao son máis elevadas que as dos dous primeiros cursos. No primeiro curso prodúcese, ademais, unha mellora da taxa entre os dous anos analizados, aumentando dun 53.33 no 21-22 ata un 68.37 no 22-23. As diferencias entre anos nos restantes cursos do Grao son de menor magnitude. O mellor dato para o curso 2022-2023 é a taxa de rendemento promedio obtida no terceiro curso de Grao, cun resultado do 77.88%.

Taxa de rendemento 1º de Grao	21-22	22-23
Socioloxía do Traballo	36.30	60.69
Psicoloxía do Traballo	71.43	77.67
Historia Social das RRL	47.24	73.50
Introdución ao Dereito	42.57	33.57
Empresa e Organizacións	72.73	86.73
Dereito Societario	42.25	50.61
Planificación e Dereito Organizativo	68.14	76.58
Dereito do Traballo I	41.60	78.52
Dereito Administrativo I	57.69	77.48
Taxa de rendemento media 1º curso	53.33	68.37

Taxa de rendemento 2º de Grao	21-22	22-23
Economía	31.03	36.62
Técnicas de Investigación Social	70.48	65.56
Informática Aplicada	89.29	88.41
Dereito do Traballo II	76.70	70.89
Comportamento Organizacional	54.81	69.23
Dereito Administrativo II	75.22	82.95
Dereito Sindical	68.61	46.15
Dirección e Xestión de RRHH	85.71	60
Organización do Traballo	86.42	88.31
Taxa de rendemento media 2º curso	70.92	67.57

Taxa de rendemento 3º de Grao	21-22	22-23
Dereito da Seguridade Social I	79.57	83.70
Deseño de Procesos de Traballo	93.02	91.36
Facenda Pública	65.67	54.02
Selección, avaliación e desenvolvemento de persoal	75	89.69
Dereito da Seguridade Social II	42.24	46.26
Dereito Tributario	90.22	90
Técnicas de Apoio á Dirección	80.22	67.50
Dereito Concursal e Cambiario	95	97.01
Contabilidade Financieira	75	83.33
Dereito de Contratos e Responsabilidade Civil	76	81.82
Historia das RRL na Europa do s. XX	88.46	91.89
Institucións e Política Social da UE	85.71	76.92
Facenda Autonómica e Local	83.33	50
Psicoloxía dos Grupos e Equipos de Traballo	96.88	93.33
Dereito Procesual Laboral	65.82	71.43
Taxa de rendemento media 3º curso	79.48	77.88

Taxa de rendemento 4º de Grao	21-22	22-23
Prácticas de Dereito do Traballo e da SS	78.57	66.33
Economía Laboral	62.61	65.09

Prevenção de Riscos Laborais II	93.88	90.14
Planificación e Valoración de Plantillas	93.27	84.62
TFG	50	51.97
TFG - Curso Ponte	18.75	40
Dirección de Op., Progr. e Ctról do Traballo	76.92	69.23
Réxime Xurídico do Emprego Público	95.24	92.86
Contabilidade: Interpretación e Análise da Info Contable	100	50
Avaliación Riscos Psicosociais e Saúde Ocup.	100	91.30
Economía do Terceiro Sector	50	100
Política de Persoal na Empresa	92.86	60.71
Internacionalizada		
Prácticas en empresa	98.41	100
Prevenção de Riscos Laborais I	88.89	93.51
Prácticas Extracurriculares	43.90	71.23
Programa de titores	100	-
Taxa de rendemento media 4º curso	77.71	75.13

A táboa que se presenta a continuación reflexa a taxa de rendemento do alumnado de Dobre Itinerario nas materias que deben cursar do Grao en RRLI e RRHH. Como se pode observar, os datos alcanzan unha magnitude moi positiva, cun resultado de case o 90% tanto no curso académico 2021-2022 coma no curso 2022-2023.

Taxa de rendemento materias de Dobre Itinerario	21-22	22-23
Socioloxía do Traballo	100	100
Psicoloxía do Traballo	77.27	80.95
Historia Social das RRLI	76.19	85.71
Planificación e Dereito Organizativo	77.27	76.19
Dereito do Traballo I	68	83.33
Economía	83.33	100
Técnicas de Investigación Social	100	100
Dereito do Traballo II	80	100
Comportamento Organizacional	75	85.71
Dereito Sindical	80	71.43
Dirección e Xestión de RRHH	100	100
Organización do Traballo	100	100
Dereito da Seguridade Social I	85.71	83.33
Deseño de Procesos de Traballo	100	100
Selección, avaliación e desenvolvemento de persoal	100	100
Dereito da Seguridade Social II	83.33	50
Dereito Concursal e Cambiario	100	-
Historia das RRLI na Europa do s. XX	-	-
Psicoloxía dos Grupos e Equipos de Traballo	100	-
Dereito Procesual Laboral	83.33	85.71
Prácticas de Dereito do Traballo e da SS	100	66.67
Economía Laboral	100	100
Prevenção de Riscos Laborais II	85.71	100
Planificación e Valoración de Plantillas	100	100
TFG	-	87.50
Réxime Xurídico do Emprego Público	-	-
Prácticas en empresa	100	-
Prevenção de Riscos Laborais I	85.71	85.71
Taxa de rendemento media das materias de Dobre Itinerario	89.63	88.79

1.5.2 Taxa de Éxito

A taxa de éxito expresa a relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que superaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron. Esta información é a reportada polo indicador 35 (In35) e, tal e como se pode ver na táboa inferior, os datos mantéñense relativamente estables nos últimos cursos académicos de Grao, alcanzando unha magnitude aproximada do 80%. No caso do Dobre Itinerario, tal e como ocorría coa taxa de rendemento, os datos non son directamente interpretables por estar calculados tendo en conta as materias que deben cursar do Grao en Dereito.

In35 - Taxa de éxito	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Grao en RRLl e RRHH	78.55	89.37	81.56	78.88	79.84
D.I. en Dereito e RRLl e RRHH	91.23	93.77	87.87	89.79	88.30

Na seguinte táboa desglósase a taxa de éxito das materias de Grao para os cursos 21-22 e 22-23. Como se aprecia, a taxa evoluciona á alza dende o 1º ata o 4º curso de maneira ininterrompida en ámbolos cursos académicos. No curso 2022-2023, partindo dun 75.12% en primeiro, alcanza un 92.54% en cuarto. Destaca tamén de maneira positiva o incremento producido no promedio das materias de primeiro curso entre os dous anos académicos analizados (67.07% no 21-22 vs. 75.12% no 22-23).

Taxa de éxito materias de 1º de Grao	21-22	22-23
Socioloxía do Traballo	63.64	72.13
Psicoloxía o Traballo	75	78.43
Historia Social de las RRLl	50.42	74.78
Introdución ao Dereito	48.46	38.71
Empresa e Organizacións	82.47	90.43
Dereito Societario	57.66	63.36
Planificación e Dereito Organizativo	90.59	85
Dereito do Traballo I	55.43	85.48
Dereito Administrativo I	80	87.76
Taxa de éxito media de 1º curso	67.07	75.12

Taxa de éxito materias de 2º de Grao	21-22	22-23
Economía	47.37	52
Técnicas de Investigación Social	85.06	80.82
Informática Aplicada	97.40	98.39
Dereito do Traballo II	83.16	77.78
Comportamento Organizacional	59.38	77.42
Dereito Administrativo II	86.67	87.95
Dereito Sindical	75.20	52.17
Dirección e Xestión de RRHH	89.36	64
Organización del Traballo	90.91	97.14
Taxa de éxito media de 2º curso	79.39	76.41

Taxa de éxito materias de 3º de Grao	21-22	22-23
Dereito da Seguridade Social I	86.05	88.51
Deseño de Procesos de Traballo	98.77	94.87
Facenda Pública	83.02	78.33
Selección, avaliación e desenvolvemento de persoal	79.31	92.55
Dereito de la Seguridade Social II	55.28	62.96
Dereito Tributario	93.26	94.74
Técnicas de Apoio á Dirección	87.95	77.14
Dereito Concursal e Cambiario	100	100
Contabilidade Financieira	100	100
Dereito de Contratos e Responsabilidade Civil	95	90
Historia das RRLl na Europa del s. XX	100	100
Institucións e Política Social da UE	87.5	88.24
Facenda Autónoma e Local	100	100
Psicoloxía dos Grupos e Equipos de Traballo	96.88	100
Dereito Procesual Laboral	73.24	82.35
Taxa de éxito media do 3º curso	89.08	89.98

Taxa de éxito materias de 4º de Grao	21-22	22-23
Prácticas de Dereito do Traballo e da SS	90.72	82.35
Economía Laboral	66.67	76.47
Prevención de Riscos Laborais II	97.87	74.19
Planificación e Valoración de Plantillas	97	95.52
TFG	98.59	89.19
TFG - Curso Ponte	100	100

Dirección de Operacións, Programación e Control do Traballo	83.33	100
Réxime Xurídico do Emprego Público	100	81.82
Contabilidade: Interpretación e Análise da Info. Contable	100	100
Avaliación dos Riscos Psicosociais e Saúde Ocup.	100	100
Economía do Terceiro Sector	100	100
Política de Persoal na Empresa Internacionalizada	100	100
Prácticas en empresa	100	100
Prevenición de Riscos Laborais I	93.62	96
Taxa de éxito media de 4º curso	94.84	92.54

No caso do Dobre Itinerario, a taxa de éxito nas materias que este alumnado debe cursar do Grao en RRLL e RRHH acada un valor para o curso 22-23 é lixeiramente inferior ao do 21-22. Aínda así, en ámbolos casos se pode afirmar que a taxa de éxito é excelente.

Taxa de éxito das materias de Dobre Itinerario	21-22	22-23
Socioloxía do Traballo	100	100
Psicoloxía do Traballo	89.47	85
Historia Social das RRLL	88.89	90
Planificación e Dereito Organizativo	100	94.12
Dereito do Traballo I	85	95.24
Economía	83.33	100
Técnicas de Investigación Social	100	100
Dereito do Traballo II	92.31	100
Comportamento Organizacional	85.71	92.31
Dereito Sindical	92.31	83.33
Dirección e Xestión de RRHH	100	100
Organización do Traballo	100	100
Dereito da Seguridade Social I	85.71	83.33
Deseño de Procesos de Traballo	100	100
Selección, avaliación e desenvolvemento de persoal	100	100
Dereito da Seguridade Social II	100	50
Dereito Concursal e Cambiario	100	-
Historia das RRLL na Europa do s. XX	-	-
Psicoloxía dos Grupos e Equipos de Traballo	100	-
Dereito Procesual Laboral	83.33	85.71
Prácticas de Dereito do Traballo e da SS	100	100
Economía Laboral	100	100
Prevenición de Riscos Laborais II	100	100
Planificación e Valoración de Plantillas	100	100
TFG	-	100
Réxime Xurídico do Emprego Público	-	-
Prácticas en empresa	100	-
Prevenición de Riscos Laborais I	100	100
Taxa de rendemento media das materias de Dobre Itinerario	95.44	93.87

1.5.3 Taxa de Avaliación

A taxa de avaliación reflicte a relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios nos que se matricularon. O indicador 36 (In36) mostra uns datos para o Grao que rompen a tendencia ao descenso producida dende os cursos máis afectados pola pandemia, conseguindo no curso 22-23 superar a magnitude da taxa do ano previo por primeira vez cun valor de 86.78%.

In36 -Taxa de avaliación	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Grao en RRLL e RRHH	87.18	91.22	88.54	84.25	86.78
D.I. en Dereito e RRLL e RRHH	92.75	95.82	91.32	85.58	91.42

Na seguinte táboa aparecen as taxas de avaliación para as materias de Grao dos distintos cursos dos anos 21-22 e 22-23. Aínda que en todos os cursos a magnitude das porcentaxes é favorable, no ano 22-23 pódese comprobar que os

datos promedio presentan unha tendencia ao descenso dende 1º ata 4º. Non obstante, un dato moi positivo é o acadado no primeiro curso, superando ao dato do ano 21-22 en máis de 10 puntos porcentuais (79,58% no 21-22 vs. 90,47% no 22-23).

Taxa de avaliación materias de 1º de Grao	21-22	22-23
Socioloxía do Traballo	57.04	84.14
Psicoloxía do Traballo	95.24	99.03
Historia Social das RRL	93.70	98.29
Introdución ao Dereito	87.84	86.71
Empresa e Organizacións	88.18	95.92
Dereito Societario	73.26	79.88
Planificación e Dereito Organizativo	75.22	90.09
Dereito do Traballo I	73.60	91.85
Dereito Administrativo I	72.12	88.29
Taxa de avaliación media de 1º curso	79.58	90.47

Taxa de avaliación materias de 2º de Grao	21-22	22-23
Economía	65.52	70.42
Técnicas de Investigación Social	82.86	81.11
Informática Aplicada	91.67	89.86
Dereito do Traballo II	92.23	91.14
Comportamento Organizacional	92.31	89.42
Dereito Administrativo II	83.33	94.32
Dereito Sindical	91.24	88.46
Dirección e Xestión de RRHH	95.92	93.75
Organización do Traballo	95.06	90.91
Taxa de avaliación media de 2º curso	87.79	87.71

Taxa de avaliación materias de 3º de Grao	21-22	22-23
Dereito da Seguridade Social I	92.47	94.57
Deseño de Procesos de Traballo	94.19	96.30
Facenda Pública	79.10	68.97
Selección, avaliación e desenvolvemento de persoal	94.57	96.91
Dereito da Seguridade Social II	76.40	73.47
Dereito Tributario	96.74	95
Técnicas de Apoio á Dirección	91.21	87.50
Dereito Concursal e Cambiario	95	97.01
Contabilidade Financieira	75	83.33
Dereito de Contratos e Responsabilidade Civil	80	90.91
Historia das RRL na Europa do s. XX	88.46	91.89
Institucións e Política Social da UE	97.96	87.18
Facenda Autonómica e Local	83.33	50
Psicoloxía dos Grupos e Equipos de Traballo	100,00	93.33
Dereito Procesual Laboral	89.87	86.73
Taxa de avaliación media do 3º curso	88.95	86.20

Taxa de avaliación materias de 4º de Grao	21-22	22-23
Prácticas de Dereito do Traballo e da SS	86.61	86.73
Economía Laboral	93.91	87.74
Prevenición de Riscos Laborais II	95.92	94.37
Planificación e Valoración de Plantillas	96.15	94.87
TFG	50.71	51.97
TFG - Curso Ponte	18.75	40
Dirección de Operacións, Programación e Control do Traballo	92.31	84.62
Réxime Xurídico do Emprego Público	95.24	92.86
Contabilidade: Interpretación e Análise da Info. Contable	100	50
Avaliación dos Riscos Psicosociais e Saúde Ocupacional	100	91.30
Economía do Terceiro Sector	50	100
Política de Persoal na Empresa Internacionalizada	92.86	60.71
Prácticas en empresa	98.41	100
Prevenición de Riscos Laborais I	94.95	97.40
Taxa de avaliación media de 4º curso	83.27	80.90

Por último, a taxa de avaliación das materias do Grao en RRL e RRHH que debe cursar o alumnado de Dobre Itinerario mantén, ao igual que ocorre coas taxas de rendemento e éxito, unha magnitude extraordinaria, superando o 90% nos dous cursos académicos analizados.

Taxa de avaliación das materias de Dobre Itinerario	21-22	22-23
Socioloxía do Traballo	100	100
Psicoloxía do Traballo	86.36	95.24
Historia Social das RRL	85.71	95.24
Planificación e Dereito Organizativo	77.27	80.95
Dereito do Traballo I	80	87.50
Economía	100	100
Técnicas de Investigación Social	100	100
Dereito do Traballo II	86.67	100
Comportamento Organizacional	87.50	92.86
Dereito Sindical	86.67	85.71
Dirección e Xestión de RRHH	100	100
Organización do Traballo	100	100
Dereito da Seguridade Social I	100	100
Deseño de Procesos de Traballo	100	100
Selección, avaliación e desenvolvemento de persoal	100	100
Dereito da Seguridade Social II	83.33	100
Dereito Concursal e Cambiario	100	-
Historia das RRL na Europa do s. XX	-	-
Psicoloxía dos Grupos e Equipos de Traballo	100	-
Dereito Procesual Laboral	100	100
Prácticas de Dereito do Traballo e da SS	100	66.67
Economía Laboral	100	100
Prevenção de Riscos Laborais II	85.71	100
Planificación e Valoración de Plantillas	100	100
TFG	-	87.50
Réxime Xurídico do Emprego Público	-	-
Prácticas en empresa	100	-
Prevenção de Riscos Laborais I	85.71	85.71
Taxa de rendemento media das materias de Dobre Itinerario	93.79	94.67

As principais conclusións que se poden extraer dos resultados do aprendizaxe descritos son que, en liñas xerais, prodúcese un decremento das taxas de rendemento, éxito e avaliación a partir do curso académico 19-20, coincidente co momento máis álxido da pandemia. Non obstante, é por primeira vez no curso 22-23 no que as taxas aumentan en termos de magnitude con respecto ao ano precedente. En xeral, as taxas son moi positivas para as materias cursadas polo alumnado de Grao e, especialmente, polo alumnado de Dobre Itinerario. Aínda así, séguese comprobando que unha das materias nas que as taxas de rendemento e avaliación teñen unha das magnitudes máis reducidas é o TFG. A este respecto, os datos de matrícula e defensa de TFG descríbense na táboa inferior:

Curso académico 2021-2022	
GRAO EN RRL E RRHH	
<i>Alumnado de Grao matriculado no TFG</i>	148 (104 novos, 33 repetidores)
<i>Alumnado de Curso Ponte matriculado no TFG</i>	17 (8 novos, 9 repetidores)
Total matrículas TFG	165
Total TFG defendidos	73
DOBRE ITINERARIO EN DEREITO E RRL E RRHH	
<i>Alumnado de Dobre Itinerario matriculado no TFG</i>	9
Total TFG defendidos	8
Curso académico 2022-2023	
GRAO EN RRL E RRHH	
<i>Alumnado de Grao matriculado en el TFG</i>	127 (62 novos, 65 repetidores)
<i>Alumnado de Curso Ponte matriculado en el TFG</i>	10 (3 novos, 7 repetidores)

Total matrículas TFG	137
Total TFG defendidos	71
DOBRE ITINERARIO EN DEREITO E RRLLE E RRHH	
<i>Alumnado de Dobre Itinerario matriculado no TFG</i>	9 (8 novos, 1 repetidor)
Total TFG defendidos	8

Como se pode observar, o número de TFGs defendidos é, tanto para o curso académico 21-22 como para o curso 22-23, inferior ao número de matrículas na materia. Non obstante, no curso 22-23, a porcentaxe de TFGs que se defendeu foi considerablemente superior á do ano previo. Así, no curso 21-22 defendeuse un 44,24% dos TFGs de alumnado de Grao, mentres que no 22-23 esta porcentaxe aumentou ata o 51.82%. Aínda que este dato é moi positivo, dende o centro lévanse deseñado accións de mellora específicas para tratar de incrementar o máximo posible a taxa de defensa do TFG. Trátase das accións antes mencionadas **GRL-AM2 (Santiago 2020-2021 Diferida)** e a **GRL-AM3 (Santiago 2021-2022)**.

2. MÁSTER EN XESTIÓN E DIRECCIÓN LABORAL

2.1 Admisión e Captación do Alumnado

Pese á diversa formación do alumnado matriculado no máster, non existen condicións ou probas de acceso especiais. Tampouco un proceso de adaptación que os graduados, diplomados ou licenciados deben realizar para poder ser admitidos. Sobre esta cuestión, constatouse a dificultade de algúns estudantes procedentes de ramas afíns ás relacións laborais e recursos humanos para cursalo e, en especial, para encarar a realización do TFM. Isto pode dar lugar no futuro á necesidade de realizar complementos formativos para que o alumnado alcance un nivel estándar que lle permita un desempeño máis acertado. A este respecto, na reunión extraordinaria da Comisión Académica do Máster, celebrada o 25 de novembro de 2022, propúxose consultar ás restantes universidades participantes na oferta e impartición do máster a posibilidade de incluír dúas materias que serviran como complementos formativos, se ben orientadas ao actual programa de doutoramento, unha de contido metodolóxico xurídico e outra relativa ao ámbito dos recursos humanos. Ofrecer este reforzo formativo parece ser unha opción idónea, dada a imposibilidade de vetar o acceso ao máster a uns titulados que encaixarían sen dificultade dentro do ámbito de coñecemento “*ciencias sociais, traballo social, relacións laborais e recursos humanos, socioloxía, ciencia política e relacións internacionais*”, ao que, xa no curso académico 2023-2024, se adscribiu o título en virtude do disposto no Real Decreto 822/2021, de 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade. A única excepción a esta regra xeral é o criterio adoptado pola comisión do título na súa sesión do 13 de marzo de 2019, na que se acordou esixir o nivel B1 de español ou o Celga 2 no caso do galego para paliar o problema detectado da dificultade idiomática de parte do estudantado estranxeiro, principalmente aqueles de orixe chinesa.

Respecto á captación de novo alumnado, dende a coordinación do máster téñense desenvolvido no pasado accións de mellora que teñen como obxecto incrementar o número de estudantes de novo ingreso. Concretamente, o Plan de Mellora PM5, executado no curso académico 2020-2021 cun resultado exitoso, consistiu na realización de campañas de difusión, baseadas na edición de trípticos, anuncios nas redes sociais, difusión do título en feiras nacionais e internacionais de estudos de postgrao, en xornadas de orientación de mestrados que se organizan nalgunhas facultades e mediante contacto con representantes de universidades estranxeiras (especialmente latinoamericanas). Esta acción de mellora tamén estivo encamiñada a garantir un perfil de ingreso adecuado.

2.2 Orientación Académica e Profesional e Formación en Competencias Transversais

A orientación académica e profesional é ofrecida aos/as estudantes polos servizos xerais da USC, como a Oficina de Información Universitaria e a área de Orientación Laboral do Servizo de Apoio ao Emprendemento e ao Emprego. A información relativa a cuestións de índole académica, flúe a través de diferentes canles de difusión: o perfil de estudantes da web da USC, o sitio web da Facultade de Relacións Laborais e o propio da titulación. O intercambio de información tamén se realiza a través de correos electrónicos, mensaxes notificadas a través do Campus Virtual do Máster e do campus virtual de cada unha das materias que o integran, do taboleiro de anuncios específico do máster,

das pantallas de información do centro ou directamente mediante a convocatoria de reunións cos estudantes.

Polo que se refire aos programas de acollida e apoio ao alumnado de novo ingreso, a comisión do título organiza, o día que se inicia o curso, unha reunión de recepción onde se proporciona información sobre a organización docente, recursos, horarios, características xerais das materias e outras cuestións de interese para o alumnado. Ademais, pódese consultar toda a información relevante para o desenvolvemento do curso na Guía do Máster, tamén publicada na páxina web.

Dende a coordinación do Máster infórmase ao longo do curso, das convocatorias de bolsas, período de cambio de matrícula das materias optativas, prazos de publicación e revisión de cualificacións, períodos de cobertura de enquisas de satisfacción, etc. A orientación profesional, garántese a través dos diferentes ciclos de conferencias organizados pola Facultade. Ademais, a coordinación do Máster convida a profesionais a impartir charlas sobre distintos ámbitos de actuación de interese para o alumnado, a información máis xeral sobre bolsas e ofertas de emprego é facilitada co recurso ás redes sociais, facebook da Facultade e LinkedIn. O alumnado do máster tamén se beneficia neste aspecto a través da participación no máster de docentes externos, profesionais de prestixio que son expertos nas diferentes temáticas gracias á colaboración e á aportación económica da *Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade* coa que se renova anualmente o Convenio de colaboración que o permite.

Consignar, por último, a programación de diversas actividades destinadas a completar e ampliar a formación do alumnado. Neste sentido, ao marxe das conferencias impartidas polo profesorado invitado ao amparo do antes citado Convenio de colaboración coa Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade que, pola súa temática, se integran no programa docente de cada materia, o alumnado de Máster foi animado a participar nas varias actividades realizadas pola Facultade de Relacións Laborais cuxo propósito estribou na actualización dos coñecementos en materia preventiva e no desenvolvemento de competencias transversais clave para a mellora da empregabilidade. De entre elas, destaca a xa mencionada Xornada Formativa sobre “*Violencia e Acoso nas Relacións Laborais 360º*”, celebrada no centro en colaboración co Colexio Oficial de Graduados Sociais de A Coruña e Ourense, na que interviñeron a profesora Lourdes Mella Méndez, a maxistrada Dalila Dopazo Blanco e a Inspectora de Traballo Mónica González Otero, así como representantes da CIG, SN de CCOO de Galicia, UGT-Galicia e da CEG. Tamén a Xornada “*PowerYou Xperience*”, unha das xornadas técnicas antes citadas organizada pola Facultade de Relacións Laborais, na que participa Manpower Group, un dos grupos empresarias de referencia internacional en Recursos Humanos, o Taller de Desenvolvemento Profesional sobre Competencias Clave e Técnicas na Comunicación Interpersoal Efectiva (celebrado os días 17 e 24 de novembro de 2023) e o Proxecto Mentoring da USC de Desenvolvemento Profesional, organizado pola USC e aberto á participación do alumnado do centro. Este último persegue iniciar ao estudantado universitario nun programa de apoio individual para la toma de decisións e a planificación do seu futuro profesional. Nel proporcióname o contacto cun profesional experimentado da mesma área profesional que ofrece ao alumno/a en cuestión asesoramento, información e apoio para que poidan identificar dunha forma máis eficaz as súas fortalezas, definir o seu proxecto profesional e aproveitar as oportunidades do seu entorno, coa finalidade de mellorar as súas posibilidades de acceso ao mundo laboral.

2.3 Prácticas Profesionais Externas

En canto as prácticas profesionais externas realizadas polo alumnado do máster, é importante sinalar que na memoria de verificación indicábase que a distribución da carga de 6 créditos das prácticas consistía en 120 horas de prácticas presenciais na empresa/institución, 25 horas de traballo e estudo do alumno eran para a elaboración da memoria final de prácticas e 5 horas estaban destinadas á asistencia a titorías personalizadas. Tendo en conta o manifestado polo alumnado, a Comisión Interuniversitaria do Máster acordou que, dende o curso académico 2015-2016, respectando os 6 créditos, se dedicaran as 150 horas das que consta a materia a horas efectivas presenciais de prácticas na empresa ou entidade. Pola súa parte e, co obxecto de dinamizar a xestión das prácticas, creouse a figura de Coordinador de Prácticas, cuxas funcións se completan coas das propias comisións académicas do máster en cada unha das tres universidades, coa Comisión Interuniversitaria e coas comisións de calidade dos respectivos centros.

No que respecta de maneira exclusiva á sede de Santiago de Compostela, na actualidade están vixentes 230 convenios con empresas e outras organizacións nas que o alumnado de máster pode realizar as súas prácticas profesionais externas en entidades e empresas. No curso 2022-2023, houbo 17 asignacións definitivas de prácticas (16 ofertadas polo centro e 1 propiciadas polo alumnado con outras entidades). Estes datos supoñen un descenso en comparación cos 20 alumnos que realizaron as prácticas durante el curso 2021-2022, no que se observou por primeira vez a

preferencia de algúns alumnos por realizalas no ano natural seguinte a aquél no que cursaron o máster. Nesa ocasión, 16 alumnos elixiron realizalas a través das entidades ofertadas e 4 propiciaron eles mesmos con outras entidades.

Curso académico 2022-2023 – Máster en Xestión e Dirección Laboral

OFERTA DE PRACTICAS

<i>Ofertadas polo centro</i>	17 solicitudes para 31 prazas
<i>Propiciadas por el alumnado</i>	1
TOTAL	18

ASIGNACION DE PRACTICAS

<i>Asignacións prácticas ofertadas polo centro</i>	16
<i>Asignacións prácticas propiciadas polo alumnado</i>	1
TOTAL	17

Como todos os anos, o procedemento de asignación de prácticas conclúe coa emisión de sendas resolucións da Coordinación do Máster que, nesta ocasión, tiveron lugar o 11 de novembro de 2022 e o 17 de novembro de 2022. Nunha, figuran os alumnos que propiciaron as prácticas e, noutra, os que as solicitaron de entre as entidades ofertadas polo centro.

Os datos de satisfacción dos estudantes coas prácticas externas son os que aparecen na táboa inferior (In19). No seu desglose por ítems, consideraron moi positivo, cun 5, a “*Información, orientación e atención prestada polo titor académico na universidade*”. Tamén se obtivo un promedio de 4 puntos sobre 5 na valoración da “*Información previa sobre o procedemento recibida en canto a requisitos, prazas ofertadas, horarios, etc.*” Por outra parte, recibiu unha valoración satisfactoria, de 3.5, a “*Adecuación entre as actividades desenvolvidas durante as prácticas e a formación recibida*”. Na mesma liña, cunha puntuación promedio de 3, figura a “*Duración das prácticas*”, “*Os medios dispoñibles na institución de destino*”, “*A atención recibida polo titor profesional asignado pola institución*” e “*O contacto co mercado laboral propiciado pola realización das prácticas*”. Merece a pena subliñar que en ningún dos aspectos valorados polo alumnado a puntuación foi inferior a 3.

In19 - Satisfacción estudantes coas prácticas externas	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
MXDL - Sede Santiago	3.98	-	2.67	-	3.33

Sobre a satisfacción dos titores profesionais, os datos figuran na táboa inferior (In20). Como se pode apreciar, o nivel de satisfacción diminúe no curso 2019-2020, sobre todo se se compara cos resultados do curso anterior, 2018-2019, para chegar no 2021-2022 á puntuación máis alta da serie cun 4.8. Considérase como causa principal, non tanto un cambio no perfil do estudante, senón que as medidas adoptadas durante a declaración do primeiro estado de alarma pola pandemia do COVID levaron a suspender moitas prácticas no curso e/ou a aprazar a súa realización a partir do mes de xuño de 2020 e, con iso, á incerteza dos estudantes sobre onde, como e cando se reorganizaría o seu período de prácticas. Superada esta situación, queda constancia duns bos resultados que se mantiveron, cun leve descenso, durante o curso académico 2022-2023.

In20 - Satisfacción titores profesionais coas prácticas externas	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
MXDL - Sede Santiago	4.83	4	4.75	4.80	4.65

2.4 Programas de Mobilidade

No caso do MXDL non existen programas de mobilidade destinados ao alumnado dende a súa primeira edición. A súa duración, de un ano, imposibilita dita mobilidade. Por outro lado, no segundo semestre o alumnado asume a carga específica de realizar o TFM e as prácticas profesionais, actividade que deben realizar sempre na universidade de orixe. Por todo isto, na USC, as convocatorias Erasmus só prevén mobilidade para o alumnado matriculado en másteres de máis de 60 créditos ECTS, polo que queda excluído o alumnado de este título. De igual modo, a convocatoria SICUE de mobilidade saínte en territorio nacional tampouco é de aplicabilidade ao alumnado deste título, xa que se trata dunha convocatoria dirixida aos estudos de Grao. Non obstante, en cursos pasados tense aceptado, mediante a firma de convenios específicos con universidades estranxeiras, a recepción de estudantes baixo programas de mobilidade entrante. No curso 2022-2023 non se recibiu a ningún estudante.

A pesar de todo o anterior, o máster conta con estudantes procedentes doutras universidades nacionais e estranxeiras que se matriculan cada ano na titulación, tal e como é descrito no perfil de ingreso do título. Así mesmo, tamén existe unha mobilidade dentro do propio título entre as universidades participantes. Así, o alumnado pode optar por realizar a especialidade nunha universidade diferente de aquela na que se matriculou inicialmente.

2.5 Avaliación e Resultados do Aprendizaxe

As competencias, xerais e específicas que os estudantes adquiren durante os estudos de máster axústanse ao establecido no Real Decreto 1393/2007 (derogado polo Real Decreto 861/2010) e aos descritores do *Marco Español de Cualificaciónes para la Educación Superior* (MECES). A titulación persegue a especialización profesional ou a iniciación en tarefas de investigación. O grao de satisfacción mostrado nas enquisas de satisfacción do alumnado, dos titulados e das organizacións profesionais sobre a formación recibida e sobre a súa adecuación para desempeñar tarefas no ámbito profesional resulta positiva.

A principal dificultade atópase, como xa se veu comentando en apartados anteriores, na baixa taxa de estudantes que defende o Traballo Fin de Máster. Pese a isto, o problema é maior nalgunhas sedes que noutras. Ao respecto, leváronse a cabo diferentes accións de mellora para aumentar a taxa de avaliación desta materia que, como se verá, afecta a varios dos indicadores de resultados do aprendizaxe analizados. Entre elas, destaca a realización de talleres e de seminarios de TFM, a modificación, regulación e abreviación dos prazos para a asignación de traballo e de titor aos alumnos. Aínda así, non se teñen alcanzado os resultados esperados, por iso, de cara ao curso académico 2023-2024, tratouse de reforzar a coordinación de dita materia co propósito de identificar a tempo as dificultades que puideran entorpecer a defensa do mesmo durante ese período, apoio que engloba, non só ao alumnado, senón tamén a persoal docente encargado da súa titorización. Neste sentido, dende o máster creouse a acción de mellora (**MDXL-AM8 2022-2023**), xa descrita anteriormente.

A continuación, ofrécese unha análise das principais taxas de resultados do aprendizaxe, tanto do alumnado no seu conxunto, como do alumnado específico da sede de Santiago de Compostela.

2.5.1 Taxa de Rendemento

In34 - Taxa de Rendemento	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Media do MXDL	89	92.90	89.20	84.90	76.96
Sede de Santiago de Compostela	86.19	89.78	82.39	86.64	79.08

Como se pode ver na táboa superior (In34), os resultados relativos á relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios superados polo alumnado e o número total de créditos nos que se matriculou alcanza datos elevados aínda que sofren un descenso no curso académico 2022-2023 tanto no Máster, en promedio, como de maneira específica na sede de Santiago de Compostela.

2.5.2 Taxa de Éxito

In35 - Taxa de Éxito	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Media do MXDL	99.50	98.90	98.80	91.85	88.36
Sede de Santiago de Compostela	98.38	99.12	97.66	99.57	95.89

A taxa de éxito ou a relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que superaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron (In35) é superior no caso da sede de Santiago (95.89) que no caso do promedio do máster (88.36). Aínda así, en ámbolos dous casos a magnitude foi inferior á obtida no curso académico 2021-2022.

2.5.3 Taxa de Avaliación

In36 - Taxa de Avaliación	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Media do MXDL	92.20	94.90	92.28	93	82.35
Sede de Santiago de Compostela	87.60	90.58	84.36	87.01	82.47

Os datos da taxa de avaliación ou relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios nos que se matricularon (In36M) supera o 80% tanto no promedio das tres sedes como na sede de Santiago. Aínda así, a magnitude desta taxa diminuíu en comparación co curso académico anterior. Esta taxa, xunto coa taxa de rendemento, son dous dos principais indicadores que se ven afectados directamente polo escaso número de defensas dos TFM, que fai que a súa magnitude sexa inferior ao desexado. En concreto, os datos que describen os resultados do alumnado no TFM para os últimos cursos académicos preséntanse na seguinte táboa:

2018-19		2019-20		2020-21		2021-22		2022-23	
Cualificación	N	Cualificación	N	Cualificación	N	Cualificación	N	Cualificación	N
Aprobado	20	Aprobado	21	Aprobado	42	Aprobado	36	Aprobado	14
Suspense	0	Suspense	3	Suspense	4	Suspense	1	Suspense	0
Non presentado	4	Non presentado	22	Non presentado	1	Non presentado	1	Non presentado	23
Renuncia	15	Renuncia	0	Renuncia	0	Renuncia	0	Renuncia	6
TOTAL	39	TOTAL	46	TOTAL	47	TOTAL	38	TOTAL	43

Como xa se comentou, a acción de mellora dirixida a promover a realización e defensa dos TFM (**MXDL-AM8 2022-2023**) ten como obxectivo indirecto a mellora das taxas de rendemento, avaliación, graduación e duración media dos estudos na sede de Santiago.

3. MÁSTER EN PSICOLOXÍA DO TRABALLO E AS ORGANIZACIÓNS E PSICOLOXÍA XURÍDICA-FORENSE

3.1 Admisión e Captación do Alumnado

En relación á captación e admisión do alumnado, o MPTOXF está principalmente dirixido a graduados/as en Psicoloxía e en Relacións Laborais e trátase dun título que, ademais, dos criterios xerais de acceso establecidos pola USC (<https://www.usc.gal/gl/admision/master>), conta cuns criterios específicos de acceso. Estes criterios son:

- Expediente académico (60%)
- Experiencia profesional (15%)
- Experiencia investigadora (15%)
- Coñecemento de inglés (5%)
- Outros méritos (5%)

Os membros da CAM reúnen cada curso académico, seguindo aos prazos establecidos pola USC, para levar a cabo o proceso de selección do alumnado. Estes criterios están obxetivados para entender cada un destes apartados e a nota promedio do expediente académico multiplícase por un coeficiente en función do grao de preferencia das distintas titulacións de procedencia. Os coeficientes multiplicadores son:

- Grao/licenciatura en Psicoloxía e en Relacións Laborais e Recursos Humanos: **x3**
- Grao/licenciatura en Ciencias Empresariais, Educación Social, Traballo Social, Administración e Dirección de Empresas, Ciencias do Traballo, Xestión e Administración Pública, Ciencias Políticas e da Administración, Criminoloxía, Dereito, Investigación e Técnicas de Mercado, Pedagogía, Psicopedagogía e Socioloxía: **x2**
- Demáis titulacións de licenciatura ou grao enmarcadas no campo das Ciencias Sociais e Xurídicas e Ciencias da Saúde: **x1**

Así mesmo, no relativo á captación do alumnado de fóra de Galicia, lévanse a cabo accións de difusión de información pública, en coordinación coa oficina USC Internacional, para impulsar a divulgación do título fora da Comunidade e

fóra do país.

3.2 Orientación Académica e Profesional e Formación en Competencias Transversais

A adaptación ás necesidades específicas de aprendizaxe materialízase no PAT (os principais obxectivos do PAT xa foron brevemente abordados na directriz 2), que recolle información nas entrevistas individuais realizadas ao alumnado, sobre cuestións tales como responsabilidades familiares, cargas de traballo, ou diversidade funcional. Nestas situacións propóñense algunhas medidas encamiñadas á igualdade de oportunidades. Preténdese incidir con esta práctica na orientación persoal e no apoio ao estudantado, para compensar eventuais situacións de desigualdade no acceso á titulación, na planificación das convocatorias para a presentación do TFM, na posible adaptación e/ou flexibilización, cando sexa necesario, do horario das clases prácticas na modalidade grupal (mañá ou tarde), no reforzo en materias obrigatorias e optativas, segundo o caso, na adaptación das actividades de avaliación continua (p. ex., para o cumprimento de certos prazos) ou fomentando o contacto continuado coa persoa titora. Tamén se contemplan accións contextualizadas segundo a especialidade elixida por cada estudante, incluíndo aspectos académicos e de inserción laboral, nun marco de confidencialidade e de respecto á súa autonomía. Así, pódese diferenciar entre:

- *Accións xerais.* Son responsabilidade do coordinador xeral do PAT e caracterízanse por ser de interese para a totalidade dos estudantes do Máster. Por exemplo, son acción xerais as seguintes: a difusión e publicidade do máster, o asesoramento para a matriculación sobre o máster (con información relativa ao programa, requisitos de matriculación, plan de estudos, saídas profesionais, etc.), a acollida e benvida aos estudantes de modo tanto grupal coma individualmente (entrevistas), a orientación e titoría aos estudantes con algún tipo de necesidade específica ou que sexan doutros países ou comunidades, a identificación de necesidades no grupo e a planificación da atención ás mesmas, a distribución dos estudantes por especialidades e a coordinación e planificación da atención ás mesmas, a organización de actividades xerais que complementen a formación (competencias trasversais, preparación de curriculum, presentación a entrevistas de traballo, busca de emprego, etc.), a orientación sobre posibilidades de mobilidade e intercambio de estudantes (bolsas, etc.), a difusión de información sobre bolsas de traballo e prácticas en empresas, a orientación xeral sobre o TFM, a orientación e sensibilización dos estudantes na participación de congresos científicos, seminarios, xornadas ou cursos de formación complementaria.
- *Accións específicas de cada especialidade.* Son responsabilidade dos coordinadores de cada especialidade do PAT. Estes coordinadores de especialidade desenvolven una serie de acometidos en materia de acción tutorial relacionados coas accións xerais, pero que se relacionan de modo concreto con cada especialidade. Así mesmo, levarán una orientación individualizada do alumnado tanto en aspectos académicos coma en relación á inserción profesional. Concretamente, cada coordinador de especialidade ofrece atención especializada ao alumnado para orientar e axudar a incrementar o rendemento académico, a ampliar o horizonte formativo ou a orientar de cara a inserción profesional. Igualmente, se orienta aos estudantes que estén interesados na carreira científica.

Respecto á formación do alumnado, o Máster non conta con complementos de formación xeito oficial. Non obstante, destaca a labor desenvolvida dende o PAT, ofrecendo actividades formativas (*seminarios formativos*) que contribúen á nivelación de competencias formativas e informacionais. Por exemplo, como acción xeral aos estudantes de ambas especialidades, o seminario sobre *Busca avanzada en bases de datos científicas* (impartido cada curso polos técnicos da Biblioteca Concepción Arenal) de interese para o desenvolvemento do TFM ou, por exemplo, o seminario de *Introdución ao dereito* (impartido cada curso por un profesional de dereito), específico para os estudantes da especialidade de Psicoloxía Xurídica-Forense.

A avaliación do PAT lévase a cabo a través de indicadores de tipo cuantitativo a nivel académico (ratio alumnos aprobados/alumnos matriculados, taxas de resultados académicos, taxa de defensa de TFM) que se examinan exhaustivamente ao longo desta memoria (Directriz 2 e 3). Ademais, faise unha valoración mediante a realización de enquisas aos estudantes, a través das que se recollen accións e suxerencias de mellora da titulación. Por exemplo, a táboa inferior describe o grao de satisfacción do estudantado co PAT, que no curso 2022-2023 foi de 8.63 puntos (sobre 10).

Valoración do PAT	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
MPTOXF	8.95	9.45	8.71	8.63

En suma, a existencia dunha alta interlocución e unha boa comunicación entre alumnado e as figuras de coordinación posibilita unha axeitada coordinación horizontal e vertical do título.

3.3 *Prácticas Profesionais Externas*

En canto ás prácticas externas, esta titulación conta cunha materia dentro de cada especialidade, Psicoloxía do Traballo e as Organizacións e Psicoloxía Xurídica-Forense. A comisión académica valorou positivamente que se habilitase no Máster a figura dun coordinador por cada materia de prácticas externas, despois da experiencia adquirida nas primeiras promocións. Polo tanto, existen dous coordinadores/as para as materias de prácticas que realizan este labor de apoio e coordinación ao proceso para cadansúa especialidade. Como xa se sinalou na Directriz 2 (punto 3.1), os coordinadores de prácticas son profesores dentro de cada área que teñen unha ampla experiencia na interlocución cos titores profesionais. Os coordinadores veñen realizando esta labor de apoio e coordinación ao proceso dende o curso 2019-2020.

No que respecta á asignación de prazas, no curso 2022-2023 houbo 26 prazas de prácticas asignadas en total, 8 na especialidade de Psicoloxía do Traballo e as Organizacións e 18 na especialidade de Psicoloxía Xurídica-Forense. Estes datos aparecen reflexados na seguinte táboa:

Curso académico 2022-2023	
Máster en Psicoloxía do Traballo e as Organizacións e Psicoloxía Xurídica-Forense	
ASIGNACIÓN DE PRÁCTICAS	
<i>Especialidade de Psicoloxía do Traballo e as Organizacións</i>	8 (7 ofertadas polo centro, 1 propiciadas)
<i>Especialidade en Psicoloxía Xurídica-Forense</i>	18
TOTAL ASIGNACIÓNS	26

Ademais das prácticas curriculares, o Máster ten activada a posibilidade de que os estudantes poidan facer prácticas extracurriculares e, concretamente, no curso 22-23 dous alumnos da especialidade de Psicoloxía Xurídica-Forense completaron a súa formación con esta modalidade de prácticas.

En canto á satisfacción do alumnado coas prácticas profesionais realizadas no curso académico 2022-2023, o indicador 19 (In19) reflexa unha alta taxa de satisfacción cunha puntuación media de 4.44 (sobre 5 puntos). Esta cualificación mantense moi similar a do curso previo, no que situaba nos 4.56 puntos. Este dato reflexa, entre outros aspectos, a boa xestión das prácticas externas realizada tanto pola coordinación do Máster como polos titores académicos e titores profesionais.

In19 - Satisfacción estudantes coas prácticas externas	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
MPTOXF	-	4.41	4.56	4.44

O informe 6 (Inf.6_22-23) desglosa os datos de satisfacción do alumnado por ítems e reflexa unhas puntuacións promedio de 4 e 5 puntos para todos os aspectos valorados. Só obtén unha puntuación inferior o ítem “*A duración das prácticas foi axeitada*”, que obtivo un promedio de 3.00 puntos.

O indicador 20 (In20) e o informe 7 (Inf.7_22-23) reflicten os datos de satisfacción dos titores profesionais e describen de novo unha valoración moi positiva para o curso 2022-2023, cun valor promedio de 4.31 puntos sobre 5.

En canto ás cuestións específicas valoradas (Inf.7_22-23), todos os ítems obtiveron puntuacións promedio superiores aos 4 puntos. Ademais, o 100% dos titores que responderon á enquisa sinalan que volverían a ofertar esa praza para futuras prácticas profesionais. Finalmente, sobre o indicador 21 (In21M), que reflexa os resultados da satisfacción dos titores académicos cas prácticas externas, non hai datos actualizados dende o curso 19-20.

In20 - Satisfacción titores profesionais coas prácticas externas	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
MPTOXF	-	4.33	5	4.31

Por último, é preciso sinalar que a xa citada acción de mellora **MPTOXF-AM2 (2022-2023)** coa que se pretende mellorar a transparencia dos procesos prácticas externas, de elaboración e defensa do TFM e do PAT, contempla a próxima elaboración dun regulamento específico de prácticas externas.

3.4 Programas de Mobilidade

O MPTOXF, por tratarse dun máster cunha duración de un único curso académico, non contempla a participación do estudiantado en programas de mobilidade. Para que a mobilidade fose operativa, no caso de titulacións de máster de 60 créditos, o intercambio tería que circunscribirse a un semestre. Neste sentido, na CAM debateuse esta posibilidade ao cursar ambas especialidades en dous cursos. Se esta opción prospera, sería factible iniciar accións de mobilidade no segundo ano, dado que contarían cun primeiro período sen docencia (de setembro ata decembro). Neste sentido e, tal e como xa se recolleu no autoinforme de seguimento do curso 2021-2022 (p. 7), a CAM ven reflexionando sobre a “a posibilidade de que os estudantes que cursen a dobre especialidade poidan iniciar accións de mobilidade no segundo ano, ao contar con un primeiro período sen docencia (de setembro ata decembro), e mesmo debería considerarse a este respecto o perfil de alumnado do máster, xa que posiblemente debido á elevada especialización da formación que se imparte, constátase unha importante demanda de estudantes de fóra de Galicia e mesmo de estranxeiros. O Máster ven amosando en tódalas edicións un efecto “chamada” para alumnado alleo á nosa comunidade autónoma e mesmo país. Por exemplo, no curso 2019-2020 houbo un 37.5% de estudantes de fóra de Galicia (dos que un 25% eran nacionais e un 12.5% de Latinoamérica). No curso 2020-2021 estes datos ascenderon a un 59.46% no caso dos estudantes de fóra da Comunidade Autónoma (dos que o 16.22% eran de Latinoamérica e o 43.24% eran nacionais). No curso 2021-2022, houbo un 55.26% de estudantes de fóra de Galicia. Finalmente, no curso 2022-2023, un 34.38% eran alumnos de fóra de Galicia e un 6.25% eran estranxeiros.

3.5 Avaliación e Resultados do Aprendizaxe

O sistema de avaliación da aprendizaxe de cada unha das materias deste título recóllese nos programas das materias/guías docentes. Igualmente. Para garantir o axeitado desenvolvemento das actividades formativas e o cumprimento das metodoloxías de aprendizaxe e dos sistemas de avaliación, a CAM verifica periodicamente a adecuación á MVT, ben como as actualizacións resultantes do seguimento.

O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución dos resultados de aprendizaxe previstos. Dos indicadores e evidencias dispoñibles dedúcese practicamente o 100% do alumnado supera con éxito todas as materias (excepto no caso do TFM no que houbo dous estudantes non presentados). Os datos referidos á defensa dos TFM serán descritos con máis detalle ao final deste apartado. En xeral, a porcentaxe de estudantes que acada unha cualificación de notable ou sobresaínte nas materias da titulación é elevada. Ademais, os estudantes optan por presentarse ás probas de avaliación preferentemente en primeira convocatoria, de maneira que o número de non presentados é irrelevante en todas as materias.

3.5.1 Taxa de Rendemento

Como se pode ver na táboa inferior, os resultados relativos á taxa de rendemento (In34M) alcanzan datos moi elevados dende o curso 19-20, sempre superiores ao 90%. Centrándonos no curso académico 22-23 este dato sitúase no 94.64% un dato que é lixeiramente superior ao acadado no curso anterior, o que indica unha melloría no rendemento do alumnado neste curso. En todo caso, se analizamos o conxunto de datos e a súa evolución, a taxa de rendemento mantéñense moi positiva e estable nos últimos cursos académicos.

In34 - Taxa de rendemento	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
MPTOXF	98.32	96.77	92.38	94.64

3.5.2 Taxa de Éxito

A taxa de éxito do MPTOXF (In35) ten unha magnitude estable de practicamente o 100% dende o curso académico 19-20. Se ven é certo que no curso 22-23 o valor descendeu ata o 99.62% esta leve oscilación ten apenas implicacións en termos de redución do éxito académico acadado no Máster.

In35 - Taxa de éxito	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
MPTOXF	100	100	99.64	99.62

3.5.3 Taxa de Avaliación

Os datos da taxa de avaliación (In36) para esta titulación amosa que a relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios nos que se matricularon alcanza o 95% para o curso académico 22-23, dato que incrementa lixeiramente a magnitude obtida no curso anterior 21-22, cun valor do 92.71%.

In36 -Taxa de avaliación	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
MPTOXF	98.32	96.77	92.71	95

Na táboa inferior, aparecen os datos que describen as taxas de matrícula e defensa na materia de TFM. No curso 2022-2023 defenderon o TFM 26 dos 32 estudantes que estaban matriculados. Isto indica que máis do 80% do alumnado defendeu e superou o seu traballo. Como xa indicamos, neste Máster os estudantes teñen a posibilidade de cursar en dous anos as dúas especialidades do Máster. Para iso deben superar os créditos optativos de cada especialidade e presentar dous TFM.

Curso académico 2022-2023

MÁSTER EN PSICOLOXÍA DO TRABALLO E AS ORGANIZACIÓNS E PSICOLOXÍA XURÍDICA-FORENSE

MATRÍCULAS

Especialidade de Psicoloxía do Traballo e as Organizacións 13 (10 novos e 3 repetidores)

Especialidade de Psicoloxía Xurídica-Forense 19 (18 novos e 1 repetidor)

DEFENSAS

Especialidade de Psicoloxía do Traballo e as Organizacións 10

Especialidade de Psicoloxía Xurídica-Forense 16

Total matrículas TFG 32

Total TFG defendidos 26

Por último, é preciso sinalar que a citada acción de mellora **MPTOXF-AM2 (2022-2023)** coa que se pretende mellorar a transparencia dos procesos prácticas externas, de elaboración e defensa do TFM e do PAT, tamén contempla a elaboración futura dun regulamento específico de TFM.

Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos

Estándar: o centro ten implantados procedementos que garanten a mellora da calidade do persoal académico e de apoio á docencia (capacitación, competencia e cualificación)

Aspectos a contemplar:

- **Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal académico:**
 - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
 - Tipoloxía do profesorado que imparte docencia nos distintos niveis da titulación (por exemplo, primeiro curso, docencia teórica versus práctica, materias optativas, supervisión de traballos finais, etc.), distinguindo entre titulacións de grao e máster.
 - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal académico relativos ao contorno de traballo.
 - Formación do profesorado e mobilidade.
 - Actividade investigadora.
 - Detección de necesidades de persoal académico.
- **Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal de apoio**
 - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
 - Accións para promover a formación do persoal de apoio á docencia.
 - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal de apoio en relación co seu traballo.
 - Detección de necesidades de persoal de apoio á docencia


Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

1. GARANTÍA E MELLORA DA CALIDADE DO PERSOAL ACADÉMICO

1.1 Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos e DI en Dereito e Relacións Laborais e Recursos Humanos

O persoal PDI da Facultade de Santiago que imparte docencia no Grao e no Dobre Itinerario está formado por 67 docentes. A composición, en función da súa categoría profesional, aparece reflexada no Gráfico 1:

Gráfico 1. Porcentaxe de persoal PDI en función da categoría



Como se pode observar, a categoría máis numerosa está formada por profesores titulares de universidade, un 19.12% (que ascendería a un 22.06% se se suma o persoal titular de Escola Universitaria), seguida da categoría de axudantes doutores e de persoal interino de substitución, cada unha representando un 16.18% do total de persoal PDI da titulación. Os profesores que imparten docencia no Grao pertencen a 11 departamentos e a 15 áreas de coñecemento. O departamento máis representado, é dicir, cun maior número de docentes, é o de Dereito Público Especial e da Empresa, concretamente, a área de Dereito do Traballo e da Seguridade Social. Entre os 67 docentes da titulación acumulan un total de 154 quinquenios de docencia e 60 sexenios de investigación (Inf.E15_22-23).

É importante ter en conta que o pasado da Facultade de Santiago como Escola Universitaria e as características do corpo docente facía que os docentes fosen, na súa maior parte, profesionais que complementaban o exercicio da súa profesión coa docencia na Escola. É por iso polo que os datos referidos aos sexenios de investigación son, quizáis, inferiores a outras titulacións. Non obstante, na actualidade a situación estase revertendo ao contar con persoal non só docente senón tamén investigador nas distintas áreas vinculadas á titulación de Grao e Dobre Itinerario.

Pola súa parte, os indicadores 24, 25, 26 permiten facer inferencias sobre a composición do corpo docente dos profesores de Grao. As próximas tres táboas describen, respectivamente, a porcentaxe de persoal PDI con sexenios sobre o PDI total (In24), a porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total (In25) e a porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total (In26). Nestas táboas só aparecen descritos os datos referidos aos docentes do Grao, xa que os datos referidos ao Dobre Itinerario inclúen tamén aos docentes da Facultade de Dereito.

In24 -% PDI con sexenios sobre PDI total	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Grao en RRL e RRHH	73.81	64.86	65.71	68.97	78.57

In25 - % de PDI doutor sobre PDI total	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Grao en RRL e RRHH	68.25	67.86	63.93	66.07	64.52

In26 - % PDI funcionario sobre PDI total	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Grao en RRL e RRHH	44.44	41.07	31.15	37.50	32.26

Así, en relación ao Grao en RRL e RRHH, o 78.57% do PDI conta con sexenios de investigación (In24), un dato moi positivo xa que se trata da porcentaxe máis alta dos últimos cursos académicos e aumenta en case un 10% o dato do curso anterior. Ademais, esta porcentaxe está por riba da media da área de coñecemento na que se enmarca a titulación (68.85%) e cada vez está máis próximo ao promedio da USC (85.20%).

Seguindo coa composición do corpo de docentes, un 64.52% dos mesmos son doutores (In25), unha cifra que diminúe lixeiramente no curso 22-23, pero que, en comparativa cos últimos cursos académicos, sufriu poucas variacións co paso dos anos, situándose sempre ao redor do 65%. Non obstante, é unha cifra que se segue a situar por debaixo da media da área de coñecemento da titulación (74.11%) e da media da USC (81.31%).

Finalmente, un 32,26% do PDI é persoal funcionario (In26), unha porcentaxe máis reducida que a obtida no curso 21-22 (37.50) pero que supera o dato do 20-21. Aínda así, a súa magnitude situándose en valores similares aos obtidos para a media da área (32.69%), pero inferiores á media da USC (50.70%). O leve descenso na porcentaxe de PDI doutor e PDI funcionario podería explicarse polos cambios producidos no cadro de persoal PDI, motivados principalmente a xubilacións e á incorporación de novo persoal cuxa categoría laboral pode diferir con respecto á situación de anos previos o que pode provocar este leve descenso nos indicadores citados.

Respecto á formación do PDI, o informe I6-I7 indica que o 18.06% do persoal docente e investigador que imparte docencia no Grao participou nalgún programa de formación no curso 22-23, dato que descendeu lixeiramente respecto ao do curso anterior (23.44%). Sobre o nivel de satisfacción dos docentes coas actividades formativas, o informe 10 indica que a puntuación promedio na enquisa é de 4.58 sobre 5, o que describe un nivel de satisfacción moi elevado do profesorado nas actividades formativas (cursos PFID). Non obstante, cabe aclarar que este dato refírese ao global de toda a universidade, non podendo analizar por separado os resultados do profesorado das titulacións do centro.

En canto á mobilidade do persoal docente e investigador, o informe I10 amosa que, no curso académico 22-23, o 1.49% do persoal PDI que imparte docencia no Grao participou en programas de mobilidade. Este dato descende


respecto ao curso académico 21-22 (6.90%).

Por último, no que respecta aos indicadores de satisfacción e das necesidades do persoal académico relativas ao entorno de traballo, os resultados da enquisa de satisfacción do profesorado ca titulación indican unha satisfacción por enriba dos 4 puntos (sobre 5) nos aspectos referidos ao entorno de traballo, concretamente, á atención prestada polo persoal de administración e servizos (4.41). Tamén valoran positivamente a coordinación entre docentes na organización do título (3.81) e as vías existentes para participar nas melloras da calidade (3.81). Extráese destes datos que existe un contento xeneralizado co contorno de traballo do profesorado vinculado a titulación de Grao e Dobre Itinerario.

1.2 Máster en Xestión e Dirección Laboral

O persoal PDI da Facultade de Santiago que imparte docencia no MXDL está formado por 16 docentes. A composición en función da categoría refléxase no Gráfico 2.

Gráfico 2. Porcentaxe de persoal PDI en función da categoría - MXDL



A categoría máis numerosa está formada por profesores titulares de universidade, un 31.25% (que ascendería a un 37.50% se sumamos o persoal titular de EU), seguida da categoría axudantes e contratados doutores, ambas representando un 18.75% do total de persoal PDI da titulación. Os profesores que imparten docencia no MXDL pertencen a 4 departamentos e a 6 áreas de coñecemento. O departamento cun maior número de docentes no Máster é o de Dereito Público Especial e da Empresa e, concretamente, a área de Dereito do Traballo e da Seguridade Social, con 6 PDI que imparten docencia no Máster desta área. Os 16 docentes da titulación acumulan un total de 46 quinquenios de docencia e 25 sexenios de investigación (Inf.E15_22-23).

Os datos dos indicadores 24, 25, 26, sobre a composición do corpo docente dos profesores do MXDL na sede de Santiago, refléxanse nas seguintes tres táboas. Primeiro, a porcentaxe de persoal PDI con sexenios sobre o PDI total (In24), a continuación, a porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total (In25) e, finalmente, a porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total (In26).

In24 - % PDI con sexenios sobre PDI total	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Máster Xestión e Dirección Laboral - Sede Santiago	83.33	77.78	77.78	91.67	90

In25 - % de PDI doutor sobre PDI total	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Máster Xestión e Dirección Laboral - Sede Santiago	70.59	69.23	61.11	78.95	68.75

In26 - % PDI funcionario sobre PDI total	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Máster Xestión e Dirección Laboral - Sede Santiago	58.82	53.85	38.89	57.89	43.75

En base a estes datos, un 90% del PDI conta con sexenios de investigación (In24), un dato moi positivo xa que, practicamente, se mantén o dato curso precedente (curso 21-22) e segue a ser unha das porcentaxes mais altas dos últimos anos. Esta porcentaxe está por riba da media da área de coñecemento na que se sitúa a titulación (82.79%) e iguala ao promedio da USC (90.34%).

Respecto a composición do corpo de docentes deste Máster na sede de Santiago, un 68.75% dos mesmos son doutores (In25), unha cifra que cae lixeiramente neste curso, pero que mantén certa estabilidade nos últimos cursos académicos, situándose sempre superior ao 60%. Sen embargo, é unha cifra que se segue a situar por debaixo da media da área de coñecemento da titulación (82.65%) e da media da USC (90.37%).

Por último, e tal e como reflexa o indicador 26, un 43.75% do PDI é persoal funcionario, descendendo esta porcentaxe respecto ao curso 21-22 (57.89%), pero situándose máis dun 10% por riba da media da área (29.53%) e, practicamente, igualando a media da USC (45.61%). Igual que no caso do Grao, o leve descenso na porcentaxe de PDI doutor e PDI funcionario podería explicarse, tamén, polos cambios de profesorado no cadro de persoal, debido principalmente a xubilacións e á incorporación de novo persoal cuxa categoría laboral pode diferir con respecto á situación de anos previos o que pode provocar este leve descenso nos indicadores mencionados.

Respecto a formación do PDI, no curso 22-23 un 18.75% do persoal docente e investigador que imparte docencia no MXDL participou en algún curso de formación, dato que ascendeu en máis dun 10% respecto ao curso anterior. En canto ao nivel de satisfacción dos docentes nas actividades formativas, como xa se sinalou, só hai datos referidos ao corpo docente de toda a USC no seu conxunto, non podendo analizar especificamente os resultados do profesorado pertencente exclusivamente a esta titulación de Máster.


En canto á mobilidade do persoal docente e investigador, os datos amosan que, no curso académico 22-23, o 12.5% do persoal PDI que imparte docencia no MXDL en Santiago, participou en programas de mobilidade. Este dato ascende respecto ao curso académico 21-22 (7.69%) o que implica un aumento de case un 5% na mobilidade entre o persoal PDI no curso académico examinado neste informe.

Por último, no que respecta aos indicadores de satisfacción e das necesidades do persoal académico relativas ao contorno de traballo, os resultados da enquisa de satisfacción do profesorado ca titulación indican unha satisfacción alta (4.25 sobre 5 puntos) nos aspectos referidos ao contorno de traballo, concretamente, á atención prestada polo persoal de administración e servizos. Tamén valoran positivamente a coordinación entre docentes na organización do título (3.33) e as vías existentes para participar nas melloras da calidade (3.75), polo que existe unha ampla satisfacción co contorno de traballo no profesorado do MXDL da sede de Santiago.

1.3 Máster en Psicoloxía do Traballo e as Organizacións e Psicoloxía Xurídica-Forense

Na gráfica 3 refléxase a composición do persoal PDI do Máster en Psicoloxía do Traballo e as Organizacións e Psicoloxía Xurídica-Forense (Inf.E15_22-23).

Gráfico 3. Porcentaxe de persoal PDI en función da categoría - MPTOXF



O corpo docente deste Máster está conformado por 15 PDI, sendo a categoría máis numerosa os catedráticos de universidade, seguida da categoría profesores titulares de universidade que representan, respectivamente, un 33.33% e un 26.67% do total de persoal PDI da titulación. Os profesores que imparten docencia no MPTOXF pertencen a 3 departamentos e a 3 áreas de coñecemento. O departamento cun maior número de docentes no Máster é o de Ciencia Política e Socioloxía é, especificamente, a área de Psicoloxía Organizacional e Xurídico-Forense, con 13 PDI que imparten docencia neste Máster. O total de 15 docentes da titulación acumulan un total de 55 quinquenios de docencia e 45 sexenios de investigación.

Os datos dos indicadores 24, 25, 26, sobre a composición do corpo docente dos profesores do MPTOXF, refléxanse nas seguintes tres táboas.

In24 -% PDI con sexenios sobre PDI total	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
MPTOXF	100	100	92.31	100

In25 - % de PDI doutor sobre PDI total	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
MPTOXF	100	100	100	93.33

In26 -% PDI funcionario sobre PDI total	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
MPTOXF	76.92	73.33	78.57	60

En base a estes datos, un 100% do PDI conta con sexenios de investigación (In24), mellorando o dato do curso anterior (curso 21-22) e alcanzando o pleno de porcentaxe posible. Así mesmo, esta porcentaxe está por riba da media da área de coñecemento na que se enmarca a titulación (82.79%) e do promedio da USC (90.34%). Polo tanto, é un resultado tremendamente positivo.

Respecto a composición do corpo de docentes neste Máster, un 93.33% dos mesmos son doutores (In25), unha cifra que cae lixeiramente neste curso, pero que se mantén moi alta. Ademais, está por riba da media da área de coñecemento da titulación (82.65%) e da media da USC (90.37%). Por último, o indicador 26 (In26) mostra que un 60% do PDI é persoal funcionario, sendo a porcentaxe máis baixa dos últimos anos. Aínda así, dobra a media da área (29.53%) e sitúase case un 15% por riba da media da USC (45.61%).

No que respecta á formación do PDI non temos datos da titulación de MPTOXF para o curso 22-23, sendo o último dato actualizado o do curso 21-22 no que un 20% do PDI participou nos plans de formación docente. Tampouco hai datos actualizados da mobilidade do persoal docente e investigador desta titulación para o curso 22-23.

Finalmente, os indicadores de satisfacción e sobre as necesidades do persoal académico relativas ao contorno de traballo, indican unha satisfacción total (5 sobre 5 puntos) nos aspectos referidos ao contorno de traballo (á atención

prestada polo persoal de administración e servizos). Tamén valoran positivamente a coordinación entre docentes na organización do título e as vías existentes para participar nas melloras da calidade, ambos aspectos valorados cun 4.86 sobre 5 puntos. Extráese destes datos que existe unha alta satisfacción co contorno de traballo no profesorado do MPTOXF.

Cabe indicar neste apartado que, co obxectivo de seguir incentivando as actividades formativas dirixidas ó PDI e PAS da Facultade de RRLL de Santiago (e, por conseguinte, ao PDI e PAS de todas a titulacións ofertadas no centro), celébranse no centro diferentes cursos e xornadas formativas. Por exemplo, durante o curso 22-23, celebrouse a xornada formativa “*Violencia e Acoso nas Relacións Laborais 360º*” cunha duración de 4 horas. Esta actividade tivo moi boa acollida por parte do persoal do centro. Ademais, para o curso 23-24, acordouse a impartición do curso de formación específica “*Saúde Laboral e Condicións de Traballo*”, durante os meses de setembro a novembro de 2023 na Facultade (curso 23-24). Este curso realízase en colaboración co Consello Galego de Relacións Laborais (quen promociona e subvenciona o mesmo) e está orientado a toda a comunidade universitaria (alumnado, PDI e PAS), así como como a personal responsable de áreas de RRHH, prevención de riscos laborais, responsables de relacións laborais, persoal asesor ou persoal de organizacións sindicais e empresariais.

2. GARANTÍA E MELLORA DA CALIDADE DO PERSOAL DE APOIO

Todas as titulacións examinadas nesta memoria de calidade impártense no mesmo centro, a Facultade de Relacións Laborais de Santiago, polo tanto, o persoal de apoio (PAS) e compartido por todas elas. Concretamente, o centro conta con 2 ocupantes pertencentes ao colectivo de persoal PAS; unha secretaria de Decanato (en atribución temporal de funcións durante o curso 22-23) e unha xestora administrativa. Ambos postos son imprescindibles para o bo desenvolvemento da actividade académica do centro, pero son manifestamente insuficientes para os máis de 550 estudantes matriculados só na titulación de Grao e de Dobre Itinerario, aos que hai que sumar os 76 alumnos matriculados nos dous máster que se imparten no centro (44 alumnos do MXDL e 32 alumnos do MPTOXF).

En canto á participación nos plans de formación do colectivo PAS, o informe I6-I7 indica que o 100% do persoal PAS da Facultade participou nas actividades formativas. Por exemplo, no curso 22-23, a Xestora do centro realizou as seguintes actividades formativas:

- Mellora da calidade na produción de normativa da USC (novembro de 2022 – USC)
- Boas prácticas no uso da enerxía (decembro de 2022 - xaneiro de 2023 – USC)
- Ferramentas básicas de Office 365 para o traballo colaborativo (xuño de 2023 – USC)
- Xestión da web e da intranet de centros e departamentos (xuño-xullo de 2023 – USC)

Así mesmo, respecto a satisfacción cas actividades formativas, o informe 10 reflexa unha puntuación promedio de 8,29 (sobre 10), o que indica un nivel de satisfacción moi alto do PAS cas actividades formativas. Non obstante, de novo, cabe aclarar que este dato refírese ao global de todo o PAS da universidade e non se poden extraer os resultados do PAS pertencente exclusivamente a este centro.

Finalmente, en relación á satisfacción e ás necesidades do persoal académico PAS co contorno laboral, o informe 21, que recolle os resultados da enquisa de satisfacción do persoal PAS da Facultade para o curso 22-23, mostra unha valoración media na satisfacción de 4,87. Isto indica unha satisfacción moi elevada do PAS do centro (superior a 4 puntos en todos os casos) con tódolos aspectos relativos ao contorno de traballo (coordinación e comunicación con outras unidades da universidade, condicións de traballo, recursos dispoñibles, accesibilidade...).

Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos

Estándar: o centro ten implantados procedementos que garantan a mellora da calidade dos recursos materiais e servizos para o axeitado desenvolvemento da aprendizaxe do alumnado.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e os servizos:
 - Mantemento, polo menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación e dos compromisos incluídos nelas, de ser o caso.
 - Disposición de accesibilidade universal e de medios que garantan a saúde e a seguridade no desenvolvemento das actividades de aprendizaxe.
 - Xestión e mantemento dos recursos materiais e servizos: equipamento científico-técnico, asistencia e artístico; campus virtual; TIC; aulas; salas de estudo; aulas de informática; salas de reunión; laboratorios; talleres; postos de lectura en biblioteca; servizos reprográficos; bibliografía recomendada, etc.
 - Detección de necesidades de novos recursos ou servizos.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento...) e orientación profesional postos a disposición do alumnado son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de Xestión académica (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao alumnado oriéntano no funcionamento da institución.
- No caso de que os títulos contemplan a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.
- Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos aos recursos materiais e os servizos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

1. INFRAESTRUTURAS E SERVIZOS

As infraestruturas e recursos materiais postos a disposición do alumnado e do seu proceso formativo son, en xeral, suficientes para atender ás necesidades das titulacións adscritas á Facultade, e foron mellorados notablemente a raíz da pandemia da COVID-19. Debido ás restricións do momento e á necesidade de impartir docencia telemática nos cursos 20-21 e 21-22, instalouse na práctica totalidade das aulas do centro equipamento informático e audiovisual específico en forma de packs integrados por cámaras, micrófonos, altosfalantes e auriculares, que supuxeron un coste moi elevado, requirindo de, a lo menos, dous meses de traballo e de un importante esforzo de aprendizaxe para o seu uso. Actualmente, todas as aulas e equipos informáticos do profesorado están renovados.

Os espazos físicos (aulas, seminarios docentes e laboratorio de RRHH) son, en xeral, apropiados para o desenvolvemento das diversas metodoloxías docentes empregadas nas materias dos títulos que se imparten no centro. Aínda así e, pese aos esforzos levados a cabo polos diversos equipos decenais ao longo dos últimos anos, o centro conta con problemas de carácter estrutural que causan malestar e incomodidade na totalidade dos usuarios do edificio. Quizais o de maior gravidade sexa o deficiente illamento do edificio, que provoca unha excesiva calor no verán, un excesivo frío no inverno, a filtración de auga en aulas e despachos en época de choivas e a existencia de humidades en teitos, paredes e outras superficies. Dende o equipo decanal xa se trasladou esta situación aos equipos directivos da universidade. Non obstante, o elevado custo económico e a prioridade dada a outras obras e construcións da universidade que teñen un carácter máis urxente fixeron que, ata o de agora, non se puidera poñer solución á situación descrita.

Nas seguintes táboas, descríbese de maneira pormenorizada as instalacións do centro. A Facultade de Relacións Laborais comparte o edificio coa facultade de Ciencias Políticas e Sociais. Así, existen espazos físicos propios ou específicos de cada facultade e espazos comúns. Á Facultade de Relacións Laborais correspóndelle unha superficie de 4500m² do edificio. As instalacións distribúense do seguinte modo:

INSTALACIÓNS DA FACULTADE DE RELACIÓNS LABORAIS

Planta Baixa	Decanato Secretaría / Vicedecanato Despacho do Xestor/a Académico Despachos de profesores (2) Sala de Xuntas Sala de estudos /Local do alumnado Aula 1 Aula Joaquín Vidal Portabales (antes Aula 2) Aula 3 Aula 4 Aula 5 Aula 6 Seminario Laboratorio de Recursos Humanos
Planta Soto	Aula Marañón Aula 7 Aula 8 Aula 9 Aula 10 Aula 11 Aula informática I Aula informática II Punto de lectura con conexións eléctricas Arquivo
Primeira Planta	Despachos de profesores (18) Sala de profesores

INSTALACIÓNS COMPARTIDAS COA FACULTADE DE CIENCIAS POLÍTICAS E SOCIAIS

Planta Baixa	Conserxería Despacho do Responsable Asuntos Económicos Punto lectura con conexións eléctricas
Planta Soto	Almacén
Edificio novo (Soto)	Salón de Actos Salón de Graos

Na planta baixa, concretamente no *hall* de entrada, os estudantes dispoñen de máquinas expendedoras de bebidas e de alimentos. No mesmo lugar, hai unha área de taquillas habilitada para que o alumnado poida gardar as súas pertenzas mentres se encontran nas instalacións. En total, hai 40 taquillas dispoñibles. Tamén existe unha máquina de reprografía que proporciona, mediante o uso da tarxeta TUI, autoservicio de impresión de documentos dende calquera ordenador e en calquera momento. Tamén permite fotocopiar e escanear documentación. A continuación, móstrase unha relación da capacidade dos espazos e do seu equipamento:

FACULTADE DE RELACIÓNS LABORAIS	CAPACIDADE (nº de postos)	SUPERFICIE (m ²)	PROXECTOR + ORDENADOR	EQUIPO DE SONIDO + MICRÓFONO INALÁMBRICO	CONEXIÓN A RED LAN + WIFI
Aula 1	55	85	Si	-	Si
Aula Joaquín Vidal	40	74	Si	Si	Si
Sala de Xuntas	26	37	Si	-	Si
Aula 3	85	131	Si	Si	Si
Aula 4	25	50	Si	-	Si
Laboratorio de RRHH	20	50	Si	Si	Si
Aula 5	136	131	Si	Si	Si

Aula 6	118	119	Si	Si	Si
Seminario	16	22	Si	-	Si
Aula Marañón	54	75	Si	Si	Si
Aula 7	40	65	Si	-	Si
Aula 8	98	95	Si	Si	Si
Aula 9	25	46	Si	Si	Si
Aula 10	72	75	Si	Si	Si
Aula 11	25	48	Si	Si	Si
Aula informática 1	24	73	Si	-	Si
Aula informática 2	30	70	Si	-	Si
Salón de Grados	128	150	Si	Si	Si
Salón de Actos	256	265	Si	Si	Si

A Biblioteca do centro é **Biblioteca Concepción Arenal**, que se comparte coa Facultade de Ciencias Políticas e Socioloxía e a Facultade de Dereito. A biblioteca está localizada nun edificio propio, ao lado da Facultade de Dereito, a 200 metros da Facultade de Relacións Laborais. Dadas as especiais características de este centro, a continuación, se lle dedica un apartado específico.

A Biblioteca Concepción Arenal forma parte da Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela (BUSC) e reúne os recursos bibliográficos indispensables na rama de coñecemento de Ciencias Xurídicas e Sociais. Conta cunha rede wifi en tódalas instalacións e ocupa unha superficie de 7410 m², distribuídos en seis plantas, sendo a súa distribución a seguinte:

- **Área de estudio:** Distribuída en tres pisos (plantas -1, -2 e -3). Nela, atópanse as coleccións actuais de libros e manuais de uso máis frecuente e 956 postos de lectura.

- **Planta de acceso/entrada.** Nesta zona sitúase a área de acollida ás persoas usuarias, na que se atopa o mostrador de información e préstamo, a zona de reprografía e servizos administrativos, así como unha zona de exposicións e actividades culturais. Tamén conta con **3 aulas de formación** de distinta capacidade. A Aula Luisa Cuesta está dotada de equipamento informático e de proxector e adoita ser utilizada para a formación de persoas usuarias (p. ex., alumnado do Grao en RRLL e RRHH) no emprego dos recursos e servizos de la biblioteca. Existen ademais **5 salas de traballo** destinadas á realización de traballos grupais académicos en equipo polo alumnado.

- **Área de Investigación:** Situada nas plantas 1 e 2, está dotada de 73 postos e a súa finalidade é a realización de actividades relacionadas coa investigación e coa consulta de fondo especializado (monografía e publicacións periódicas) en diversas áreas entre as que se atopa relacións laborais.

De forma específica, na planta 1 encóntrase a Oficina de Información e Servizos á que pode acudir calquera persoa que busque información relacionada coa busca de recursos ou co asesoramento no uso dos servizos da biblioteca (competencias en información, metodoloxía de busca en bases de datos, préstamo interbibliotecario, obtención de documentos, repositorio da USC, etc.). Na planta 2 está a Oficina de Proceso Técnico que conta con 4 postos de uso prioritario para a etapa investigadora, incluída a etapa de realización de TFG. Repartidos entre as distintas áreas da biblioteca, existen terminais para o acceso ao catálogo automatizado (Capel), lectores de microformas e ordenadores con acceso a internet e ás bases de datos.

As coleccións, de libre acceso na súa práctica totalidade, comprenden máis de 190.000 volúmenes de monografía e case 5000 títulos de revistas (4782 cerradas e unhas 200 en curso). As principais áreas de coñecemento representadas nestes fondos reflicten a investigación e a docencia impartida nas facultades de Relacións Laborais, Dereito e Ciencias Políticas e Sociais. Os fondos bibliográficos están diferenciados en: libros de apoio á docencia, situados nos pisos inferiores de la Sala de Lectura e libros de investigación, nos pisos 1º e 2º. O único fondo bibliográfico que está en depósito é o fondo antigo e o de especial valor (fondos dende o século XVI). Na Hemeroteca poden consultarse os números do último ano dos títulos de revistas que se reciben en papel e, ademais, a través dos ordenadores, poden consultarse as revistas electrónicas e as principais bases de datos.

Na páxina web de la biblioteca (<https://www.usc.gal/gl/servizos/area/biblioteca-universitaria>) proporciona unha ampla cantidade de información sobre a BUSC a accédese ao catálogo automatizado, a coleccións dixitais e a outros servizos vía web. A comezos de cada curso académico impártense cursos de formación sobre os servizos bibliotecarios ao alumnado de novo ingreso así como outros cursos máis especializados (manexo de bases de datos,

etc.) a demanda do profesorado ou de usuarios ao longo do curso.

A Biblioteca Concepción Arenal aposta ademais polo uso de distintas redes sociais para dar a coñecer os recursos dispoñibles a disposición da comunidade universitaria, algúns de eles dirixidos especificamente ao colectivo de alumnos da Facultade de Relacións Laborais:

- Web propia: <https://www.usc.gal/gl/servizos/area/biblioteca-universitaria>
- Blog Fonte Limpia: <https://carenal.wordpress.com/>
- Facebook: <https://www.facebook.com/biblioteca.concepcion.arenal>
- Pinterest (<https://www.pinterest.es/buscarenal/>), rede na que ademais existe un apartado enfocado ás novas adquisicións da biblioteca relacionadas con as relacións laborais e os recursos humanos: <https://www.pinterest.es/buscarenal/relacions-laborais/>
- Instagram: https://www.instagram.com/busc_usc/
- Flickr: <https://www.flickr.com/photos/concepcion-arenal/>
- Issuu (servizo que permite a visualización de material dixitalizado como libros, revistas, etc.): <https://issuu.com/biblioteca.concepcion.arenal>

O horario de apertura é o seguinte:

1. *Horario habitual*: De luns a venres, de 8:30 a 21:30 horas / Fins de semana e festivos: de 10.00 a 19.30.
2. *Horario extraordinario*: Durante o período de exames, o horario habitual amplíase.

O servizo BUSC e, especialmente a Biblioteca Concepción Arenal, ofrece todos os anos ao alumnado de Grao e de Dobre Itinerario formación específica dende nivel básico a nivel avanzado en competencias informacionais para a mellora de coñecementos e capacidades o uso dos servizos da biblioteca, os servizos TIC da USC, sobre a busca de información académica na web, sobre como realizar traballos académicos (p. ex., TFG) e sobre estilos de citación, entre outros.

O alumnado da Facultade de Relacións Laborais e Recursos Humanos conta ademais, xunto coa máquina de reprografía dispoñible na entrada da Facultade, dos servizos dun centro de reprografía, edición e impresión dixital situado a 220 metros da facultade (Casa Gradín, Praza do Seminario de Estudos Galegos, s/n), con horario de 8.30 a 19.30 de luns a venres. A súa páxina web é <https://servizosdixitais.fundacionusc.gal/>

O centro cumpre coa normativa de prevención de riscos laborais correspondente e trata de mellorar o nivel de universalidade e accesibilidade ao centro e aos servizos proporcionados polo mesmo ás persoas de tódolos grupos de interese. O centro facilita o acceso e a mobilidade a aquelas persoas que así o necesiten. Por exemplo, conta con ascensor, os accesos están dotados de ramplas, as portas de acceso á facultade son de apertura e peche automático, os baños están adaptados ao acceso de persoas con mobilidade reducida e dispón de equipos de emerxencia (extintores e desfibrilador). Xestionado a través dun Servizo de Prevención Propio, a Facultade conta cun Plan de Autoprotección/Emerxencia dotado de medios humanos que están identificados e descritos nun documento visible na primeira planta do centro. Neste documento descríbense os compoñentes dos distintos equipos, con nome e apelidos e extensión telefónica de contacto. Os integrantes son o xefe de emerxencia, o xefe de intervención, o equipo de primeira intervención, o equipo de alarma e evacuación, o equipo de primeiros auxilios e o equipo de alerta. Ademais, todos os anos este persoal acude aos programas de formación sobre prevención de riscos proporcionados polo Servizo de Vixilancia á Saúde da USC.

2. ACOLLIDA, ORIENTACIÓN E XESTIÓN ACADÉMICA

O proceso de acollida do estudiantado comeza antes de que se matriculen nos estudos de Grao, mediante a participación dos mesmos no Programa “A Ponte” descrito anteriormente, mediante o que non só se difunde a oferta de títulos da USC, senón que tamén orienta académicamente aos estudantes de educación secundaria de acordo ás súas preferencias.

Existen outros servizos da propia USC que contribúen de maneira activa á acollida e asesoramento académico e profesional dos mesmos. No eido académico, a Área de Xestión de Servizos Académicos localizada no mesmo campus que a Facultade e cuxa información se pode consultar tamén mediante a web <https://www.usc.gal/es/servicios/area/gesstion-servicios-academico>, pon á disposición do estudante que o necesite

toda a información referida aos procesos de admisión, preinscripción e matrícula nas titulacións, ademais doutros procesos de interese para o alumnado como o recoñecemento e a certificación de estudos, a realización de prácticas en empresas, os programas existentes de acción tutorial que ofrece a USC como o programa de tutores ou o programa tutorial extraordinario. Moitos destes servizos están plenamente informatizados a través da Secretaría Virtual do Alumno, o que lles permite realizar calquera trámite as 24h do día desde calquera lugar. A USC ten operativa, ademais, unha Sede electrónica, que facilita a relación administrativa dos e das estudantes coa institución por vía exclusivamente dixital, posibilitando a realización de distintos trámites e consultas de nivel xeral (taboleiro electrónico, ferramenta de e-sinatura, rexistro dixital, servizo dixital de notificacións e consulta de expedientes, entre outros. No eido profesional, a USC conta cunha Área de Orientación Laboral e Emprego situada no mesmo edificio que a Área de Xestión de Servizos Académicos, que tamén prové aos estudantes dunha enorme cantidade de información e recursos no seu sitio web <https://www.usc.gal/es/servicios/area/orientacion-laboral-empleo>. Entre os servizos prestados, destaca a información sobre prácticas profesionais, becas e emprego, a existencia dun servizo de entrevistas individuais de orientación laboral nas que se facilita información sobre o mercado laboral, bolsas de prácticas e ferramentas para a busca de emprego, a existencia dun módulo de orientación laboral para a empregabilidade ou o Proxecto Mentoring que ten como obxectivo iniciar ao estudantado universitario e a titulados e tituladas recentes nun programa de apoio individual para a toma de decisións e a planificación do seu futuro profesional.

Os servizos de atención e asesoramento descritos, complementáanse coa labor realizada na propia Facultade polos profesionais PAS e PDI que a compoñen e que foron descritos na directriz anterior. No caso do Grao, o recibimento do novo alumnado faise na Xornada de Acollida realizada ao inicio de cada curso académico como xa se describiu máis arriba, na que se introduce ao alumnado algunhas das xestións e procedementos académicos aos que terán que enfrontarse ao longo dos seus estudos. Ademais, as figuras de Alumnos Tutores, os Representantes do Estudantado e o Apoio Tutorial Extraordinario, recursos tamén anteriormente descritos, contribúen ao apoio do alumnado nas distintas fases dos seus estudos.

Outra figura de interese é a de Coordinador de Grao e de Dobre Itinerario que, entre as súas funcións, desempeña unha labor de asesoramento estudantil, brindando orientación aos estudantes do Grao ou do Dobre Itinerario sobre cuestións académica tales como a selección de materias, procedementos académicos como o cambio de grupo, oportunidades académicas, etc. A un nivel máis específico, cóntase coa figura de Coordinador de Curso, que se materializa na existencia dun docente que exerce esta labor para cada un dos cursos de Grao (1º, 2º, 3º e 4º).

Ámbolos másters contan tamén coa figura de Coordinador de Título que exerce as funcións descritas de maneira análoga co alumnado de máster. Ademais, no máster en Xestión e Dirección Laboral, a orientación prestada ao alumnado en temas específicos como as prácticas externas e a realización do TFM, procede de varias figuras de coordinación específicas, o que permite analizar de maneira máis especializada as necesidades do alumnado nestas áreas. Neste sentido, o Coordinador de Prácticas en Empresa e o Coordinador de Traballos Fin de Máster complementan a labor do coordinador de título na labor de orientación ao alumnado nas materias correspondentes. Así mesmo, debido a que se trata dun máster interuniversitario, cada unha das sedes nas que se imparte a titulación conta coa súa figura de coordinación de sede que, no caso de Santiago, coincide coa figura de Coordinador de Título.

No caso do Máster en Psicoloxía do Traballo e as Organizacións e Psicoloxía Xurídica-Forense, como xa se indicou na directriz 2, o sistema de Coordinación do Plan de Acción Tutorial, a parte de estar integrado por un Coordinador de Título, conta cun coordinador por cada especialidade; o Coordinador da especialidade en Psicoloxía do Traballo e as Organizacións e o da especialidade de Psicoloxía Xurídica-Forense. A interlocución destes coordinadores co coordinador do máster fai posible a detección de incidencias a nivel integral, dado que a acción tutorial, ademais de levar a cabo accións colectivas, asume a abordaxe dos aspectos académicos, profesionais e persoais de cada un dos estudantes de xeito individual. Por outro lado, cóntase coa figura do Coordinador de prácticas externas e, por último, cada especialidade do máster conta coa súa representación de estudantes que forma parte da comisión académica como un mecanismo para axilizar a análise da coordinación intra e intermaterias.

De maneira adicional á atención presencial que se lles poida prestar, os alumnos de Grao e de ámbolos másters contan cunha serie de recursos dixitais que facilitan a labor de orientación e xestión académica. O primeiro deles é a páxina web do centro na que, a maiores de toda a información mínima que debe incluír como páxina oficial dun centro da USC, inclúe unha Intranet de acceso restrinxido ás persoas vinculadas ás titulacións que se xestiona dende a propia facultade e na que se publican aspectos relevantes como os referidos ás prácticas profesionais, aos programas de mobilidade ou aos procedementos de elaboración e defensa dos TFG e TFM. Outras ferramentas que axudan neste

eido e que son descritas de maneira máis minuciosa na directriz 6 deste informe son as páxinas web oficiais das titulacións e os Campus Virtuais.

3. SATISFACCIÓN, QUEIXAS E SUXESTIÓNS

O informe 22 sobre satisfacción del alumnado coa titulación recolle información específica sobre o grao de adecuación de: (1) os recursos educativos dispoñibles e (2) as infraestruturas e materiais dispoñibles no centro. As puntuacións promedio no curso académico 2022-2023 foron de 3.26 e 3.39 no caso do alumnado de Grao, de 4.33 e 4.33 no do alumnado do Máster en Xestión e Dirección Laboral e de 2.67 e 2.33 no caso do alumnado do Máster en Psicoloxía do Traballo e as Organizacións e Psicoloxía Xurídica-Forense. Na mesa enquisa inclúese un ítem para avaliar a satisfacción do alumnado coa orientación profesional recibida no centro. A puntuación promedio proporcionada polo alumnado das tres titulación, na mesma orde que anteriormente, foi de 3.05, 4 e 3 puntos, respectivamente.

O informe 23 de satisfacción do profesorado coa titulación na que imparten docencia recolle información sobre o grao de satisfacción do corpo docente con: (1) a adecuación dos recursos educativos dispoñibles e con (2) a adecuación das aulas e do equipamento dispoñible nas mesmas para o desenvolvemento da labor docente. A puntuación promedio para estes dous ítems foi, respectivamente, de 4.26 e 4.11 no caso dos docentes de Grao, de 4.25 e 4.25 no dos docentes do Máster en Xestión e Dirección Laboral e de 4.86 e 4.71 no caso dos docentes do Máster en Psicoloxía do Traballo e as Organizacións e Psicoloxía Xurídica-Forense.

Pola súa parte, o informe 21 de satisfacción do PAS recolle información sobre o grao de satisfacción deste colectivo con (1) o nivel de accesibilidade e a ausencia de dificultades de acceso ao lugar de traballo, (2) o nivel de seguridade do lugar de traballo, (3) as condicións do lugar de traballo en termos de mobiliario ou mantemento das instalacións e (4) os recursos (equipamento) dispoñibles para o desempeño do traballo. As puntuacións para estes ítems foron, en orde, de 5, 5, 4 e 5.

O informe 6 sobre a satisfacción dos estudantes coas prácticas profesionais proporciona para o curso 2022-2023 unha puntuación promedio de 4.78 en canto á satisfacción coas instalacións e medios materiais da empresa no caso dos alumnos de Grao, de 3 no caso do alumnado do Máster en Xestión e Dirección Laboral e de 5 no caso do alumnado do Máster en Psicoloxía do Traballo e as Organizacións e Psicoloxía Xurídica-Forense.

Co obxecto de mellorar o nivel de suficiencia, adecuación e calidade das instalacións e recursos postos a disposición dos diferentes grupos de interese polo centro, unha das accións de mellora deseñadas no curso académico 2022-2023 (**GRL-AM3, Santiago e Lugo 2021-2022**) consiste na elaboración dunha enquisa mediante a que se avalíe a satisfacción e a opinión de todos os grupos (PDI, alumnado e PAS) sobre os espazos, materiais e servizos da facultade.

Directriz 6. Información pública

Estándar: o centro debe ter implantados procedementos que lle permitan publicar información relevante, actualizada, clara, precisa, obxectiva e accesible relativa ao desenvolvemento das súas ensinanzas, conxuntamente cos resultados e indicadores vinculados ao seguimento e acreditación dos seus títulos..

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa información pública.
 - Recollida, análise e utilización da información.
 - Publicación da información
 - Medida da eficacia, utilidade e satisfacción coa información pública

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Como sinalamos, tódalas titulacións examinadas nesta memoria de calidade (Grao en RRL e RRHH, Dobre Itinerario, MXDL e MPTOXF) impártense no mesmo centro, na Facultade de RRL, polo que, de modo xeral, comparten as mesmas canles de comunicación e información para os distintos colectivos. Así, dende a Facultade faise un especial esforzo no uso das distintas canles de comunicación co obxectivo de que tódolos grupos de interese relacionados coas titulacións reciban información obxectiva, suficiente e actualizada sobre cada título e a súa xestión. Concretamente, esta información é facilmente accesible a través de:

1. Páxina web oficial da Facultade de Relacións Laborais da USC: <https://www.usc.gal/es/centro/facultad-relaciones-laborales>

Na páxina web da Facultade publícase toda a información referida ás titulacións, a súas características, programas formativos, plans docentes e demais información académica relativa ás titulacións. Aínda que, como se indica ao longo da memoria, o Dobre Itinerario no opera na práctica coma unha titulación independente, a páxina web conta cun apartado específico para cada título e para cada un dos másters:

- Grao en RRL e RRHH: <https://www.usc.gal/es/estudios/grados/ciencias-sociales-juridicas/grado-relaciones-laborales-recursos-humanos>
- Dobre Itinerario en Dereito e RRL e RRHH: <https://www.usc.gal/es/estudios/grados/ciencias-sociales-juridicas/doble-grado-derecho-relaciones-laborales-recursos-humanos>
- MDXL: <https://www.usc.gal/es/estudios/masteres/ciencias-sociales-juridicas/master-universitario-gestion-direccion-laboral>
- MPTOXF: <https://www.usc.gal/es/estudios/masteres/ciencias-sociales-juridicas/master-universitario-psicologia-organizaciones-psicologia-juridica-forense>

A páxina web da Facultade ofrece, ademais, información de interese para os distintos colectivos como é a documentación referida á MVT, ós Informes de Seguimento ou ás Memorias de Calidade (plans de mellora incluídos).

2. Intranet da Facultade: <https://nubeusc.sharepoint.com/sites/centro-relacions-laborais>

Na intranet da Facultade publícase información de interese para os colectivos directamente vinculados ás titulacións impartidas nesta, principalmente para o alumnado. Así, inclúe, información académica referida ao Grao e ao Dobre Itinerario, como documentación relacionada coa realización do TFG, prácticas externas en empresas, solicitudes de dispensa, cambios de grupo ou programas de mobilidade. Tamén inclúe apartados específicos para cada un dos máster que se imparten no centro, con información específica e documentación sobre a titulación, a realización do TFM e das prácticas externas en empresa, entre outros aspectos. Deste xeito, o alumnado pode consultar a través desta canle documentos como convocatorias, instrucións, resolucións, modelos de solicitude, calendarios u normativas a aplicar.

3. Campus virtual de Coordinación:

Como xa se sinalou na Directriz 2 (apartado 1.1), o Campus Virtual de Coordinación permite comunicar aos distintos grupos de interese, como persoal PDI, PAS e alumnado, información de interese académico e

profesional. Por exemplo, no curso 22-23 informouse a través desta canle de axudas susceptibles de ser solicitadas polo alumnado, convocatorias de mobilidade (ERASMUS, SICUE), convocatorias de premios organizados pola Facultade, anuncios de talleres e xornadas de relevancia académica para o alumnado e ofertas de traballo e compartíuse información relativa á organización da ensinanza, á distribución de grupos e distribución horaria e temporal, o contacto do Coordinador de Título, dos Coordinadores de curso, dos representantes do alumnado e dos alumnos titores, entre outra documentación de interese.

4. Redes Sociais:

A presenza da Facultade en redes sociais concrétese a través dnha conta de correo electrónico (relacioneslaboralesusc.rrss@gmail.com) que serve para o envío de suxerencias e de noticias de interese. Así mesmo, existen tres contas en redes sociais:

- (1) *Facebook*: https://www.facebook.com/FacultadDeRelacionesLaboralesRecursosHumanos/?locale=es_ES
- (2) *Instagram*: https://www.instagram.com/fac.relacioneslaborales_usc/?hl=es
- (3) *LinkedIn*: <https://www.linkedin.com/in/facultad-relaciones-laborales-usc-430a11167/?originalSubdomain=es>

Nelas publicítase a realización de actos académicos e outros eventos de interese para os estudantes. Os datos de seguimento destas redes sociais indican un elevado interese público. En concreto, o perfil profesional de LinkedIn da facultade conta con 2178 seguidores, o de Facebook con 1061 seguidores e o de Instagram con 415 seguidores.

5. Pantallas visuais e tablóns de anuncios:

A facultade publica a través das pantallas visuais e dos tablóns físicos de anuncios información de interese para o alumnado das catro titulacións. Por exemplo, a apertura de prazos de convocatorias de interese, a realización de cursos, xornadas ou talleres, etc.

Como indicamos, estes canais de comunicación son usados para a difusión de información tanto polo Grao e Dobre Itinerario como polos Máster en Xestión e Dirección Laboral (MXDL) e Máster en Psicoloxía do Traballo e as Organizacións e Xurídica Forense (MPTOXF). No obstante, a titulación de MPTOXF tamén ten a súa propia páxina web: <https://masterpsicologiaptoypsijur.es/>. A través dela poñen a disposición dos grupos de interese información sobre a organización do Máster, horarios e equipo docente, prazos de inscrición e matrícula, prácticas externas, normativa do TFM e outra información de gran interese para o alumnado como as saídas profesionais ou as bolsas e axudas. Finalmente, dende a coordinación do Máster, en colaboración cos servizos da USC, elaborouse material de difusión con información sobre a titulación. Este vídeo está publicado na canle de Youtube USC Internacional: <https://www.youtube.com/watch?v=eHedXhlaLTo>

En relación a satisfacción dos colectivos de interese coa información proporcionada sobre as titulación os resultados indican, que tanto o alumnado como o cadro docente de cada titulación está satisfeito con este aspecto. A continuación desglosanse os resultados para cada titulación.

No caso do Grao e Dobre Itinerario, o informe 22 e o informe 23 de satisfacción ca titulación dos estudantes e dos docentes indican que ambos colectivos están satisfeitos coa información proporcionada polo centro. Na enquisa de satisfacción do alumnado coa titulación, inclúese a seguinte pregunta “*Consideras que a información dispoñible sobre a titulación é adecuada?*” e a puntuación promedio obtida neste ítem para o curso 22-23 foi de 3.30 (sobre 5). Esta puntuación na satisfacción foi similar a obtida no curso 21-22 (3.40) e, incluso, nos cursos académicos previos 20-21 (3.55) e 19-20 (3.32). Así mesmo, puntúan satisfactoriamente a utilidade do campus virtual para as xestións académicas (3.70). No caso dos docentes, un dos ítems incluídos na enquisa é “*Crees que a información sobre a titulación é adecuada (aspectos organizativos e de xestión plan de estudos, competencias, etc.)?*” cuxa puntuación media para o curso 22-23 foi de 4.00, igualando ó curso 20-21 (4) e ó 19-20 (4.06).

Respecto valoración deste punto por parte do alumnado e docentes do MDXL, o alumnado asignou una valoración de 3.33 ao ítem “*Consideras que a información dispoñible sobre a túa titulación é axeitada?*” e unha puntuación de 4.33 á utilidade do campus virtual, considerando o alumnado que este facilita a súas xestións académicas. Maior satisfacción mostran os docentes, valorando con 4.50 puntos sobre 5 a información que teñen sobre a titulación.

Finalmente, en relación ao MPTOXF, os datos amosan que o alumnado non está tan satisfeito coa información que

teñen a súa disposición como nas outras titulacións citadas, obtendo este ítem 2.67 puntos sobre 5. A satisfacción sobe a 3.00 puntos cando se centra na utilidade do campus virtual para as xestión académicas. Pola súa parte, no colectivo docente, os datos amosan una satisfacción total (5 puntos sobre 5) coa información que teñen a súa disposición.

En definitiva, a información proporcionada a través dos distintos canais por parte da Facultade é ampla, transparente, de fácil acceso, está actualizada , é coherente co disposto na MVT e, en conxunto, está valorada positivamente por tódolos colectivos de interese aos que vai dirixida.

3. Plan de Melloras do centro

1. ACCIÓNS DE MELLORA DO GRAO EN RELACIÓNS LABORAIS E RECURSOS HUMANOS

ACCIÓN DE MELLORA 1 (SANTIAGO 2020-2021)	
Código	GRL-AM1 (Santiago - 2020-2021) Diferida.
Orixe	Autoinforme de Seguimento do Grao
Ámbito de aplicación	Criterio 1. Organización e Desenvolvemento Criterio 7. Indicadores de Satisfacción e Rendemento
Análise	- Elevada taxa de abandono. - Necesidade de incrementar o % de alumnos que se matriculan en primeiras opcións no Grao.
Definición/ descrición proposta	Creación de material audiovisual profesional dirixido ao alumnado e ao futuro alumnado da titulación para o coñecemento do título e das súas saídas profesionais e académicas.
Datas	Inicio: 30-09-2020 Finalización: 15-03-2023
Estado/Eficacia	Finalizada / Alta
Responsables	Comisión do Título
Condicionantes	A súa execución estivo supeditada á dispoñibilidade presupostaria do centro. Finalmente, levouse a cabo no curso académico 2022-2023.
Evidencias	Publicado na páxina web e na intranet do centro: https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-relacions-laborais https://nubeusc.sharepoint.com/sites/centro-relacions-laborais

ACCIÓN DE MELLORA 2 (SANTIAGO 2020-2021)	
Código	GRL-AM2 (Santiago - 2020-2021) Diferida.
Orixe	Autoinforme de seguimento do Grao
Ámbito de aplicación	Criterio 6. Resultados do Aprendizaxe Criterio 7. Indicadores de Satisfacción e Rendemento
Análise causa	Baixa taxa de graduación Elevada duración media dos estudos
Definición/ descrición proposta	Convocar sesións informativas para o alumnado de 3º e 4º curso do Grao nas que se tratarán aspectos relacionados especialmente coa elaboración e defensa del TFG.
Datas	Inicio: 01-09-2021 a 30-06-2022
Estado/Eficacia	Finalizada / Parcial
Responsable	Equipo decanal
Tarefa 1	
Realización dunha sesión informativa específica a principios de curso para incidir en aspectos importantes como a realización do TFG.	
Tarefa 2	
Publicación da documentación referida a aspectos específicos do TFG: Calendario do curso (procedemento e prazos do centro, elección de titor/a), cronograma, pautas de elaboración, estrutura e requisitos (guía de elaboración do TFG), contacto do coordinador de TFG e do Decanato da Facultade para consultas.	
Tarefa 3	
Dar difusión aos cursos organizados pola Biblioteca Concepción Arenal sobre competencias da información, cuxo curso de nivel avanzado versa case na súa totalidade sobre a elaboración e defensa do TFG. Estes cursos foron publicitados a través do correo electrónico do centro, das pantallas informativas da facultade e de maneira	

presencial (persoal da Biblioteca asistiron a unha clase de cada curso para a súa promoción directa entre o alumnado).	
Tarefa 4	
Realización dun Taller sobre Competencias Clave e Técnicas na Comunicación Interpersoal Efectiva	
Tarefa 5	
Modificación do Regulamento de TFG para a súa actualización	
Evidencias	<ul style="list-style-type: none"> - Páxina web de la facultade/intranet: Disponibilidade de toda a información relativa ao TFG: https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-relacions-laborais/tfg - Páxina web da facultade e Intranet: Regulamento de TFG https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-relacions-laborais/tfg - Oferta e programa do Taller sobre Competencias Clave e Técnicas na Comunicación Interpersoal Efectiva - Correos electrónicos ao alumnado informando das modificacións do proceso de solicitude de TFG.

ACCIÓN DE MELLORA 1 (SANTIAGO 2021-2022)

Código	GRL-AM1 (Santiago - 2021-2022)
Orixe	Autoinforme de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 1. Organización e Desenvolvemento (Coordinación vertical) Criterio 7. Indicadores de Satisfacción e Rendemento
Análise causa	Elevada Taxa de Abandono (Taxa de abandono de 1º curso e taxa de abandono RD1993/2007)
Definición/ descrición proposta	Realización de reunións e enquisas ao alumnado para coñecer os problemas e dificultades que atopan ao cursar o Grao.
Datas	Inicio: 01-01-2023 - Finalización: 30-04-2023
Estado/Eficacia	Finalizado / Alta
Responsables	Equipo decanal
Tarefa 1	
Descrición tarefa	Reunión cos representantes e delegados de curso e realización dunha enquisa a todo o alumnado.
Data de finalización	Marzo 2023
Responsable	Equipo decanal
Estado	Finalizada /Alta
Tarefa 2	
Descrición tarefa	Analizar a información proporcionada polo alumnado
Data de finalización	Abril 2023
Responsable	Equipo decanal
Estado	Finalizada /Alta
Evidencias	Convocatoria de asistencia e actas das reunións celebradas cos representantes e delegados de curso. Informe final.

ACCIÓN DE MELLORA 2 (SANTIAGO 2021-2022)

Código	GRL-AM2 (Santiago - 2021-2022)
Orixe	Autoinforme de seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 1. Organización e Desenvolvemento (Coordinación vertical)
Análise causa	Suxerencias do alumnado reflectidas na enquisa descrita na acción de mellora previa [GRL-AM1 (Santiago - 2021-2022)]

Definición/ descrición proposta	Análise do solapamento de contido entre materias para eliminar as duplicidades existentes.
Datas	Inicio: 15-03-2023 - Finalización: 30-06-2023
Estado/Eficacia	Finalizada / Alta
Responsables	Comisión do Título e Coordinación do Grao
Tarefa 1	
Descrición tarefa	Detección de posibles solapamentos entre materias por parte da comisión del título.
Data prevista de finalización	Marzo 2023
Responsable	Comisión do Título e Coordinación de Grao
Estado	Finalizada / Alta
Tarefa 2	
Descrición tarefa	1. Reunión entre os coordinadores das materias con solapamentos para a súa análise e modificación. 2. Análise e aprobación por parte da comisión del título.
Data prevista de finalización	Maio 2023
Responsable	Comisión do Título e Coordinación do Grao
Estado	Finalizada / Alta
Evidencias	Convocatoria da Comisión de Grao e convocatoria do profesorado das materias obxecto de revisión. Respostas do profesorado.
Tarefa 3	
Descrición tarefa	Modificación das programacións docentes das materias afectadas polo solapamento no período establecido na Programación Académica Anual
Data prevista de finalización	Maio de 2023
Responsable	Coordinación de Grao
Estado/Eficacia	Finalizada / As materias con solapamento xa se impartiron no curso 2023-2024 seguindo as novas programacións docentes. É preciso esperar a coñecer os datos de indicadores de relevancia como a satisfacción do alumnado coa docencia recibida para comprobar a eficacia desta tarefa.

ACCIÓN DE MELLORA 3 (SANTIAGO 2021-2022)

Código	GRL-AM3 (Santiago - 2021-2022)
Orixe	Autoinforme de seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 6. Resultados do Aprendizaxe Criterio 7. Indicadores de Satisfacción e Rendemento
Análise causa	Baixa taxa de graduación por falta de finalización do TFG. Isto afecta consecuentemente aos indicadores de resultados do título (taxa de avaliación, e rendemento)
Definición/ descrición proposta	Realización de actividades encamiñadas a solventar as carencias formativas na elaboración do TFG.
Datas	Inicio: setembro 2023 - Finalización: Diferida ao curso 2024-2025
Estado/Eficacia	Pendente. As tarefas desta acción de mellora leváronse a cabo parcialmente. Parte delas diferíronse para o curso académico 2024-2025. No curso 2023-2024, organizouse un curso de TFG dirixido ao alumnado de cuarto curso. Sen embargo, esta actividade tívose que cancelar por falta de inscricións do alumnado.
Responsables	Equipo decanal
Tarefa 1	
Descrición tarefa	Convocar sesións informativas para todo o alumnado de terceiro e cuarto curso do Grao sobre o sistema de elección e pautas de realización do TFG: - 1 sesión ao inicio do primeiro semestre co obxectivo de que asista o 50%

	do alumnado matriculado en 3º e 4º curso - 1 sesión ao inicio do segundo semestre co obxecto de que asista o 80% do alumnado matriculado no TFG
Data prevista de finalización	Setembro 2023
Responsable	Equipo decanal
Estado	Pendente
Tarefa 2	
Descrición tarefa	- 1 Curso sobre a elaboración do TFG dirixido a 50 participantes (pendente). - 1 Curso de habilidades comunicativas (outubro 2023) dirixido a 25 participantes. En función da demanda do alumnado, ambos cursos poderán repetirse ao longo do curso académico.
Data prevista de finalización	Pendente
Responsable	Equipo decanal
Estado	Pendente

ACCIÓN DE MELLORA 1 (SANTIAGO E LUGO 2021-2022)

Código	GRL-AM1 (Santiago e Lugo 2021-2022)
Orixe	Informe provisional para la renovación da acreditación
Ámbito de aplicación	Criterio 1. Organización e desenvolvemento
Análise da causa	Escasos mecanismos de coordinación docente intercentros
Definición/descrición proposta	Fortalecer os mecanismos de coordinación a través do seguimento do desenvolvemento dos contidos e avaliación das materias de Grao mediante a figura de Coordinador/a de Curso que organizará diferentes reunións ao longo do curso académico cos docentes de ambos centros das materias correspondentes a cada curso (1º, 2º, 3º e 4º).
Datas	Inicio: outubro de 2023 - finalización: xullo de 2025
Estado/Eficacia	Activa
Responsables de seguimento	Decano/a da Facultade de Santiago e Directora da Escola de Lugo
Tarefa 1	
Descrición tarefa	Ao inicio de cada ano académico, o/a coordinador/a de cada curso convocará ao profesorado de cada curso (tanto de Lugo como de Santiago) para concretar como vai a ser o desenvolvemento das diferentes materias.
Data prevista de finalización	Realizárase tódolos cursos académicos ata xullo de 2025.
Responsable de execución	Coordinador/a de Grao
Estado	Activa
Evidencias	Actas e acordos das reunións
Indicadores de execución	Número de reunións
Metas	4 reunións por curso
Tarefa 2	
Descrición tarefa	Aproximadamente a mediados de cada curso académico, o/a coordinador/a de cada curso convocará unha segunda reunión de seguimento para analizar o desenvolvemento das cuestións acordadas na primeira reunión e tratar posibles incidencias que haxan sucedido.
Data prevista de finalización	Realizárase tódolos cursos académicos ata xullo de 2025.
Responsable de execución	Coordinador/a de Grao
Estado	Activa

Evidencias	Actas e acordos das reunións
Indicadores de execución	Número de reunións
Metas	4 reunións por curso
Tarefa 3	
Descrición tarefa	Unha vez finalizado o curso académico e se dispoña dos indicadores de rendemento proporcionados pola universidade, o/a coordinador/a de cada curso convocará unha terceira reunión das mesmas características que as anteriores para analizar esta información.
Data prevista de finalización	Realizarase tódolos cursos académicos ata xullo de 2025.
Responsable de execución	Coordinador/a de Grao
Estado	Activa
Evidencias	Actas e acordos das reunións
Indicadores de execución	1. Número de reunións por curso 2. Media de diferenzas das porcentaxes dos indicadores de resultados de aprendizaxe en ambos centros
Metas	1. 4 reunións por curso 2. Diminuír un 10% as diferenzas promedio dos indicadores de resultados de aprendizaxe
Tarefa 4	
Descrición da tarefa	Nas reunións periódicas da Comisión Intercentros, analizaranse as actas das reunións descritas nas tarefas 1, 2 e 3, co obxectivo de adoptar medidas específicas se fose necesario. A estas reunións, poderíase convocar aos Coordinadores de Curso, se se considera pertinente.
Data prevista de finalización	Xullo de 2025
Responsable de execución	Decano/a de la Facultade de Relacións Laborais de Santiago
Estado	Activa
Evidencias	Actas e acordos das reunións da Comisión Intercentros
Indicadores de execución	Número de reunións
Metas	2 reunións por curso académico

ACCIÓN DE MELLORA 2 (SANTIAGO E LUGO 2021-2022)

Código	GRL-AM2 (Santiago e Lugo 2021-2022)
Orixe	Informe provisional para la renovación de la acreditación
Ámbito de aplicación	Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento
Análise causa	Elevada taxa de abandono
Definición/ descrición	Crear unha canle de comunicación co alumnado que permita detectar as intencións de abandono e tratar de solventalas na medida do posible.
Datas	Curso 2023-2024 – Curso 2024-2025
Estado/Eficacia	Activa
Responsables de seguimento	Decano/a de la Facultade de Santiago e Directora da Escola de Lugo
Tarefa 1	
Descrición tarefa	Os alumnos titores e representantes animarán ao alumnado a que comente con eles calquera problema, dificultade ou intención de abandono que teñan con respecto á titulación
Fecha prevista de finalización	Curso 2024-2025

Responsable de execución	Decano/a de la Facultade de Santiago e Directora da Escola de Lugo
Estado	Activa
Evidencias	Correos electrónicos
Indicadores de execución	Número de correos informando de intención de abandono
Metas	Rexistro do 100% dos casos informados
Tarefa 2	
Descrición tarefa	Comunicación aos equipos directivos de aqueles casos nos que os alumnos manifestan intención de abandono ou dificultades para seguir cos seus estudos.
Fecha prevista de finalización	Curso 2024-2025
Responsable de execución	Decano/a de la Facultade de Santiago e Directora da Escola de Lugo
Estado	Activa
Evidencias	Correos electrónicos
Indicadores de execución	Numero de correos electrónicos
Metas	100% dos casos detectados
Tarefa 3	
Descrición tarefa	Reunión de algún membro dos equipos directivos co alumnado que manifesta dificultades para seguir cos estudos ou intencións de abandono e asesorar ou adoptar as medidas oportunas se son da súa competencia
Data prevista de finalización	Curso 2024-2025
Responsable	Equipo directivo da Facultade e da Escola
Estado	Activa
Evidencias	Informes das reunións co alumnado afectado
Indicadores de execución	Número de reunións
Metas	Reunións co 80% dos casos detectados

ACCIÓN DE MELLORA 3 (SANTIAGO E LUGO 2021-2022)

Código	GRL-AM3 (Santiago e Lugo - 2021-2022)
Orixe	Resposta Autoinforme de seguimento 2020-2021
Ámbito de aplicación	Criterio 5. Recursos Materiais e Servicios
Análise da causa	Mellora dos mecanismos de control da calidade dos recursos materiais e servizos cunha avaliación directa dos usuarios que permita extraer conclusións.
Definición/ descrición proposta	Creación dunha enquisa de satisfacción cos recursos materiais e servizos para estudantes, PAS e PDI
Datas	Inicio: setembro 2023 - Finalización: curso 2024-2025
Estado/Eficacia	Pendente de iniciar
Responsables	Decana/a Facultade e Directora da Escola
Tarefa 1	
Descrición tarefa	Creación dunha enquisa específica para cada grupo de interese e análise dos resultados obtidos.
Data prevista de finalización	Curso 2024-2025
Responsable	Decana/o Facultade e Directora da Escola Universitaria
Estado	Pendente de inicio

ACCIÓN DE MELLORA 4 (SANTIAGO E LUGO 2021-2022)	
Código	GRL-AM4 (Santiago e Lugo - 2021-2022)
Orixe	Autoinforme de seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 7. Indicadores de Satisfacción e Rendemento
Análise causa	Baixa taxa de resposta nas enquisas do alumnado
Definición/ descripción proposta	Aumentar as taxas de resposta do alumnado nas enquisas de satisfacción a través de 2 iniciativas. Obxectivo: alcanzar un 60% de resposta.
Datas	Inicio: Novembro de 2022 - Finalización: Maio 2024
Estado/Eficacia	Finalizada
Responsables	Decana/o Facultade e Directora da Escola
Tarefa 1	
Descrición tarefa	Solicitarase ao 100% dos docentes que, nunha das súas clases inste ao alumnado a cubrir as enquisas de satisfacción coa docencia recibida na súa materia.
Data prevista de finalización	Maio de 2024
Responsable	Decana/o Facultade e Directora da Escola
Estado	Finalizada
Tarefa 2	
Descrición tarefa	A través dos delegados de cada curso, representantes e alumnos titores, informarase ao 100% do alumnado sobre a importancia que ten a realización das enquisas de satisfacción.
Data prevista de finalización	Maio 2024
Responsable	Decana Facultade e Directora da Escola
Estado	Finalizada
Evidencias	Taxa de participación do estudantado nas enquisas de satisfacción

2. ACCIÓNS DE MELLORA DO MÁSTER EN XESTIÓN E DIRECCIÓN LABORAL

ACCIÓN DE MELLORA 9 (MXDL 2022-2023)	
Código	MXDL-AM9 (2022-2023)
Orixe	Informe para a renovación da acreditación 2022-2023
Ámbito de aplicación	Criterio 7. Indicadores de Satisfacción e Rendemento
Análise causa	Ausencia de datos procedentes da Universidade de Vigo. Os diversos criterios e subcriterios nos que non existen datos procedentes da Universidade de Vigo cos que poder contrastar os existentes nas outras dúas sedes.
Definición/ descrición proposta	Desenvolvemento das seguintes tarefas: 1. Posta en coñecemento da ausencia de datos imprescindibles para o correcto seguimento do título por parte da Comisión Interuniversitaria ao Vicereitorado da UVigo con competencias en materia de calidade, a fin de iniciar un proceso de diálogo encamiñado a acordar uns criterios comúns. 2. Colaboración entre a Coordinación Interuniversitaria e a Comisión local da UVigo de cara á aproximación de criterios interpretativos da información proporcionada polas diversas áreas de calidade. 3. Envío de recordatorios presenciais e telemáticos ao alumnado, ao profesorado e ao PAS facendo fincapé na conveniencia de responder ás enquisas de satisfacción enviadas. 4. Concesión dun período de tempo ao alumnado dentro de cada unha das materias para que respondan a dito cuestionario.
Datas	Maio 2024 – Xullo 2025
Responsables de implantación	Coordinación do Máster (USC) e Coordinación do Máster (Uvigo)
Estado	Activa
Evidencias	Existencia dunha mostra representativa de datos que permitan contrastar os procedentes da UVigo cos proporcionados nas outras dúas sedes do Máster.

ACCIÓN DE MELLORA 8 (MXDL 2022-2023)	
Código	MXDL-AM8 (2022-2023)
Orixe	Informe para a renovación da acreditación 2022-2023
Ámbito de aplicación	Criterio 6. Resultados de aprendizaxe
Análise causa	Reducida taxa de rendemento dos TFM. A procedencia do alumnado, egresado de titulacións tan dispares como o Grao en Relacións Laborais, o Grao en Dereito, o Grao en Administración e Dirección de Empresas ou o Grao en Periodismo, xera unha diversidade competencial susceptible de dificultar ou, cando menos, ralentizar a elaboración do TFM.
Definición/ descrición proposta	Realización de varias tarefas que teñen por obxecto incrementar os indicadores de resultados vinculados á materia TFM. En concreto: 1. Elaboración dun cuestionario que se enviará ao alumnado por medios telemáticos para que respondan a unha serie de cuestións relacionadas co desenvolvemento e planificación do Traballo Fin de Máster durante o segundo semestre do curso académico. 2. Organización dun taller orientado á adquisición das competencias necesarias para dominar a metodoloxía requirida nas diversas disciplinas das que se compón o Máster. No seu desenvolvemento participará, polo menos, profesorado especialista en ciencias xurídicas, ciencias económicas e psicoloxía do traballo. A fin de promover a participación do alumnado, impartirase en

	<p>horario de tarde.</p> <p>3. Redución dos prazos de asignación dos temas de TFM cando sexa posible.</p> <p>4. Entrega ao inicio do curso académico de información relativa ás diversas liñas ofertadas polos Departamentos para o desenvolvemento do Traballo Fin de Máster, a fin de que o alumnado lego en certas materias poida facerse unha idea dos temas dignos de ser desenvolvidos con anterioridade ao momento no que deba cursarse a materia coa que estean relacionados.</p> <p>5. Intensificación da labor de Coordinación do TFM mediante a programación de reunións individualizadas e periódicas - (presenciais ou en liña) de orientación entre a Coordinación de TFM e o alumnado.</p> <p>6. Entrega á Coordinación do Traballo Fin de Máster dun breve informe, durante o mes de febreiro, acerca do avance do traballo, as dificultades encontradas e as propostas nel desenvolvidas.</p>
Datas	Xullo 2024 – Xullo 2025
Responsables de implantación	Coordinación do Máster (USC) e Coordinación de TFM (USC)
Estado	Activa
Evidencias	<ul style="list-style-type: none"> - Resultados do cuestionario. - Participación do alumnado no taller. - Comprobación do momento no que se levou a cabo a asignación dos TFM. - Participación nas reunións periódicas. - Envío da información requirida por parte do profesorado. - Entrega dos informes solicitados por parte do alumnado. - Taxa de rendemento desa materia no curso académico 2024-2025.

ACCIÓN DE MELLORA 7 (MXDL 2021-2020)	
Código	MXDL-AM7 (2022-2021)
Orixe	Informe de seguimento 2021-2020
Ámbito de aplicación	Criterio 6. Resultados do aprendizaxe
Análise causa	A reducida taxa de rendemento dos TFM. Isto repercute na taxa de graduación, que é moi baixa en comparación co previsto na memoria do título e que afecta especialmente á USC. Aínda que se levaron a cabo algunhas medidas para mellorar esta taxa mediante la realización de talleres de TFM, a celebración de reunións cos alumnos, o envío de correos electrónicos como recordatorio aos alumnos para que se puxesen en contacto cos titores e o adiamento dos prazos para a máis pronta asignación de titor e tema, a taxa segue sendo moi baixa.
Definición/ descrición proposta	Realizar unha enquisa ao alumnado para analizar as causas da baixa taxa de defensa dos TFM
Datas	Setembro 2021 – Xuño 2022
Responsables de implantación	Coordinación do Máster (USC)
Estado	Finalizada
Evidencias	<p>Aprobouse a realización da enquisa na Comisión Interuniversitaria do 16 de abril de 2021. Na Universidade de Santiago de Compostela non se administrou no curso 2020-21, aínda que a sesión da Comisión Académica que a aprobou foi o 11 de febreiro de 2021 dende o momento en que se constatou que todos ían a defender o seu TFM. O resultado foi que o 96% o aprobou e o 4% restante non.</p> <p>En cambio, si se pasou a enquisa no curso 2021-22. Os factores máis influíntes na elaboración e presentación do TFM foron “A titorización e asesoramento” (6,11) e “a dedicación do tempo necesario para a elaboración do TFM” (6,00). Polo contrario, os factores percibidos como menos influíntes foron “a capacidade de redacción e expresión escrita” (5,32) e “a capacidade para buscar información relevante” (5,05). A maiores, houbo un factor apuntado por un dos</p>

	<p>participantes “Titores que non responden e-mails/non titorizan” e que foi valorado con 7 puntos (factor moi influínte). Con todo considérase que o alumnado carece en xeral de competencias sobre a metodoloxía necesaria para a realización do TFM.</p> <p>Na Universidade de A Coruña, no curso 2020-2021 fíxose unha enquisa sobre os factores que inflúen na elaboración e presentación do TFM aos estudantes que leron o TFM nese curso. Os alumnos recalcaron que contaban con tempo insuficiente para a súa realización e a súa compatibilidade co resto da actividade académica, ademáis de certas dificultades para a expresión escrita. Da análise dos resultados na Facultade de Ciencias do Traballo de Ferrol, en relación cos factores que inflúen na elaboración satisfactoria e presentación do TFM, non poden sacarse moitas conclusións porque a todas as opcións que se presentan na enquisa, as valoracións son moi parecidas. Respecto á cuestión sobre os posibles motivos para o retraso, o abandono da elaboración e presentación do TFM, apréciase que as valoracións máis altas, polo tanto as que máis motivarían ese retraso ou abandono, son a conciliación académica e outras actividades e a escasa dedicación necesaria para a elaboración do TFM. En cambio, son causa de retraso ou abandono en menor medida, motivos como o descontento co tema e contido do TFM, a escasa capacidade para buscar información relevante ou o temor ao fracaso ante o tribunal avaliador.</p> <p>Na Universidade de Vigo, no curso 2021-2022 fíxose unha enquisa sobre os factores que inflúen na elaboración e presentación do TFM aos estudantes que leron o TFM nese curso. Resultados da enquisa: a valoración foi, con carácter xeral, positiva. Durante o curso 2021-2022, adiantouse a data de elección de temas dos TFM ao mes de novembro, pese a ser unha materia do segundo cuatrimestre. Esta medida permitiu que o alumnado dispuxese de máis tempo para facer o TFM. Así mesmo, para favorecer o éxito da defensa dos TFM, realizouse un curso específico de como elaborar un TFM. Durante o curso 2021-2022, defendéronse 14 TFM.</p>
--	---

ACCIÓN DE MELLORA 6 (MXDL 2019-2020)	
Código	MXDL-AM6 (2019-2020)
Orixen	Informe para a renovación da acreditación 2019
Ámbito de aplicación	Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento
Análise causa	A satisfacción dos estudantes con diversos aspectos de organización, coordinación do título e orientación académica é reducida nas sedes de Santiago de Compostela e Vigo. Se ben, este resultado é pouco fiable pola baixa taxa de resposta ás enquisas, recoméndase analizar as posibles causas vinculadas a estes resultados. Da mesma forma, recoméndase analizar as causas da disparidade de resultados entre sedes e tomar medidas para eliminalas.
Definición/ descrición proposta	Aumentar a satisfacción dos estudantes con diversos aspectos de organización, coordinación do título e orientación académica. Analizar as causas da disparidade de resultados entre sedes e tomar medidas para eliminalas.
Datas	Febreiro 2020 – Abril 2020
Responsables de implantación	Coordinación do Máster das sedes de Santiago e Vigo
Estado	Finalizada
Evidencias	Documentos que acrediten as reunións efectuadas (actas de comisión interuniversitaria e comisión de máster de cada sede). Os resultados indican que os niveis de satisfacción dos estudantes coa docencia

	<p>e co Máster melloraron, pese a non contar con certos datos como o de prácticas externas. En concreto, os resultados para os cursos 2021-2022 e 2022-2023 foron os seguintes:</p> <p>Curso 2021-2022: Na Universidade de Santiago de Compostela os resultados de satisfacción dos estudantes son bos, pero nas prácticas externas diminúe a valoración apuntándose a inadecuación en ocasións das funcións que se lles encomenda en certas entidades. Na UDC os resultados de satisfacción son moi positivos. Especialmente nas enquisas de avaliación coa docencia (“avaliemos”), nos que se obtiveron as valoracións máis altas dende a implantación do máster.</p> <p>Curso 2022-2023: Na USC, o estudo pormenorizado das memorias de prácticas enviadas polo alumnado, permitiu concluír que se encontran satisfeitos coas actividades concretas que realizan nas distintas empresas. As suxerencias recibidas do alumnado refírense, sobre todo, ao número de horas de prácticas, pois un gran número de eles consideran que debería ser superior. Isto reflíctese tamén nas enquisas de valoración realizadas ao final de curso. Na USC, a oferta de prácticas valórase cun 5. En concreto, consideraron moi positivo, cun 5, a información, orientación e atención prestada polo titor académico, asignando 4 puntos sobre 5 á información previa sobre o procedemento recibida en canto a requisitos, prazas ofertadas, horarios, etc. Por conseguinte, a valoración global ascendeu ata o 3.33 dende un 2,67 obtido no curso académico 2020-2021, previsiblemente influenciado polo contexto pandémico. Laméntase a ausencia de resultados das enquisas na UVigo, pese aos esforzos da coordinación por incentivar a participación do alumnado. Pola súa parte, o 3 de maio de 2023, o Coordinador-Titor distribuíu entre o alumnado un cuestionario final de satisfacción, no que valoraron positivamente diferentes aspectos como a documentación e información recibida, a organización e a coordinación das distintas actividades feitas no PAT e a súa utilidade. Pola súa parte, na UDC nas enquisas de satisfacción do alumnado obsérvanse os resultados máis satisfactorios de todos os cursos anteriores.</p>
--	--

ACCIÓN DE MELLORA 5 (MXDL 2019-2020)	
Código	MXDL-AM5 (2019-2020)
Orixe	Informe para a renovación da acreditación 2019
Ámbito de aplicación	Criterio 1. Organización e desenvolvemento
Análise causa	A comisión avaliadora para a renovación da acreditación indicou que a demanda do título é inestable, con fluctuacións moi importantes e cunha cobertura de prazas de novo ingreso reducida nalgúns casos. Polo que recomendou traballar intensamente en incrementar e estabilizar o número de estudantes de novo ingreso, pero garantindo un perfil de ingreso axeitado.
Definición/ descripción proposta	Incrementar e estabilizar o número de estudantes de novo ingreso, garantindo un perfil de ingreso axeitado. Continuar e intensificar as campañas de difusión do Máster, a través da edición de trípticos, anuncios nas redes sociais, difusión en feiras nacionais e internacionais de estudos de posgrao, xornadas de orientación de másteres que se organizan nalgúns facultades, contactos con representantes de universidades extranxeiras (especialmente latinoamericanas).
Datas	Curso 2020-2021

Responsables de implantación	Comisión Interuniversitaria e Coordinación do Máster dende as tres sedes
Estado	Finalizada
Evidencias	Documentos que acrediten os distintos medios utilizados para a difusión d Máster. Mellorouse o número de alumnos matriculados, aínda que na USC non se acepta a matrícula no segundo semestre porque se considera inadecuado ao non poder ofrecer ao alumnado a formación obrigatoria do primeiro.

ACCIÓN DE MELLORA 4 (MXDL 2019-2020)	
Código	MXDL-AM4 (2019-2020)
Orixe	Informe para a renovación da acreditación 2019
Ámbito de aplicación	Criterio 1. Organización e desenvolvemento
Análise causa	A Comisión avaliadora no proceso de renovación da acreditación do título, valorou como moi reducida a taxa de participación dos estudantes nas enquisas de satisfacción en Santiago e, especialmente, en Vigo.
Definición/ descrición proposta	Aumentar a taxa de participación dos estudantes nas enquisas de satisfacción en Santiago e Vigo mediante: <ul style="list-style-type: none"> - A convocatoria dunha reunión co alumnado para explicar a relevancia das enquisas, amosarlles a importancia práctica da súa opinión, así como recalcar o anonimato da enquisa. - Difusión do período en que están abertas as enquisas a través da citada reunión, recordatorios persoais antes de comezar as clases, envío de correos electrónicos a cada un dos alumnos/as matriculados.
Datas	Curso 2019-2020
Responsables de implantación	Coordinación do Máster das sedes de Vigo e Santiago
Estado	Finalizada
Evidencias	<ul style="list-style-type: none"> - Convocatoria da reunión explicativa sobre a importancia e modo de facer as enquisas. - Copia dos correos electrónicos remitidos aos estudantes matriculados. <p>Os resultados obtidos foron os seguintes:</p> <p>Na Universidade de Santiago de Compostela convocouse aos estudantes para que cumprimentasen <i>in situ</i> as enquisas telemáticas e o resultado foi que máis do 83% o fixo, duplicando os resultados doutras edicións. Débese persistir nesta acción. No curso 2021-22, a taxa de resposta diminuíu a un 10,34%, pese a que se deixou un tempo na aula para que as cubrisen. Por exemplo, na Universidade de A Coruña, que en cursos anteriores contaba cos porcentaxes de participación máis altos nas enquisas a estudantes, nestes dous últimos cursos a participación diminuíu considerablemente. Isto pode ser debido ás condicións provocadas pola Covid-19. A Unidade Técnica de Calidade decidiu que as enquisas sobre satisfacción do alumnado que tradicionalmente se facían de forma presencial, se fixesen na modalidade online, o que motivou esa baixa participación. Máis alta, a pesar de ser tamén na modalidade online, foi a resposta á enquisa sobre a avaliación da docencia (“avaliemos”, que tradicionalmente se realizaba tamén nesa modalidade).</p> <p>Na Universidade de Vigo a porcentaxe de participación nas enquisas tamén ten sido baixo, probablemente como consecuencia da pandemia. Realizar as enquisas de forma virtual, ten podido motivar a baixa participación por parte do alumnado.</p>

	<p>No curso 2021-2022, na Universidade de A Coruña, pasada a situación de crise causada pola covid, a participación dos estudantes nas enquisas feitas na aula aumentou moito: 62,07% (fronte a un 12,12% no curso 2020-21), aínda que segue sendo baixa nas que se realizan telemáticamente (31,03%). En Vigo, a porcentaxe de participación nas enquisas tamén ten sido baixo, probablemente como consecuencia da pandemia e de realizar as enquisas de forma virtual. Realizar as enquisas de forma virtual, puido ter motivado a baixa participación por parte do alumnado. Por este motivo, vaise optar no futuro por realizar enquisas de forma presencial.</p>
--	---

ACCIÓN DE MELLORA 3 (MXDL 2019-2020)	
Código	MXDL-AM3 (2019-2020)
Orixe	Informe para a renovación da acreditación 2019
Ámbito de aplicación	Criterio 3. Sistema de garantía de calidade
Análise causa	Existencia en cada unha das sedes de numerosos indicadores sobre rendemento e satisfacción, pero necesidade de ter un sistema de indicadores comúns que facilite a comparación dos resultados obtidos no Máster en conxunto.
Definición/ descrición proposta	<p>Elaborar un sistema de indicadores básicos e comparables para cada unha das sedes, que serán analizados a posteriori pola Comisión Interuniversitaria para identificar fortalezas e debilidades propias do Máster. En concreto, preténdese:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Elaborar un listado de indicadores que permita comparar os resultados nas tres sedes. - Conseguir que as accións de mellora no Máster non se realicen de maneira illada en cada centro, nin como resposta aos informes externos recibidos, senón que se alimenten sistematicamente a partir da análise periódica dos indicadores e evidencias xeradas polo título. <p>Porase en coñecemento das áreas de calidade das tres Universidades as dificultades derivadas das diferencias entre os Sistemas de Garantía de Calidade que afectan ao Máster. A Comisión Interuniversitaria analizará os indicadores actuais dende o punto de vista da súa compatibilidade.</p>
Datos	Cursos académicos 2019-2020 e 2020-2021
Responsables de implantación	Comisión Interuniversitaria
Estado	Finalizada
Evidencias	<ul style="list-style-type: none"> - Actas das reunións da Comisión Interuniversitaria. - Informes de seguimento. <p>Tense posto en coñecemento das diferentes áreas de calidade sen que, polo de agora se haxa procedido á unificación de criterios. Considérase que sería convinte utilizar de forma exclusiva os criterios da ACSUG. Trátase dunha cuestión que supera as competencias da coordinación do Máster.</p> <p>No curso 2020-2021, elaborouse un sistema de táboas que recollen certos datos e información de maneira que facilita a labor de comparar os resultados nas tres universidades en relación coa demanda, taxas de rendemento, abandono, etc. Analizando eses resultados, obsérvase que resultan moi similares nas tres universidades, con algunha diferenza como o retraso na presentación do TFM.</p>

ACCIÓN DE MELLORA 2 (MXDL 2019-2020)	
Código	MXDL-AM2 (2019-2020)
Orixe	Informe para a renovación da acreditación 2019
Ámbito de aplicación	Criterio 1. Organización e desenvolvemento
Análise causa	Existencia de prácticas profesionais que non contribúen de forma significativa á adquisición de competencias por parte do estudiantado. No proceso de renovación da acreditación do título, detectáronse experiencias moi diversas neste sentido, o que require un filtrado dos convenios establecidos.
Definición/ descripción proposta	<ul style="list-style-type: none"> - Seguimento máis exhaustivo das prácticas externas. - Filtrado de convenios establecidos coas organizacións ou empresas, a fin de eliminar aqueles en que estas non respondan aos obxectivos das prácticas do Máster. - Análise dos informes que os estudantes deben entregar ao finalizar as prácticas onde deben describir as tarefas realizadas. - Control das tarefas que se propón realizar ao alumnado en prácticas antes de firmar novos convenios por parte da coordinación de prácticas externas. - A partir da información conseguida, recordar ás empresas cales deben ser as tarefas dos estudantes de prácticas e, de ser necesario, non ofertar prácticas nas empresas que non se axusten e informar ao vicerreitorado correspondente, que é quen ten competencias para a eliminación dos convenios. - Seguimento individualizado e periódico das tarefas concretas que se encomendan ao alumnado durante a realización das prácticas. En concreto, tense solicitado ao alumnado que, durante a realización das prácticas, se poñan en contacto periódico (1 vez á semana ou cada 10 días) coa Coordinación académica das prácticas, a efectos de que lle comuniquen as tarefas que están desenvolvendo para poder actuar en caso de que se detecte que as funcións que realizan non contribúen á adquisición das competencias propias do Máster. De esta maneira, púidose instar aos titores de empresa que modifiquen as tarefas, sen esperar a que as mesmas haxan finalizado cun grao de satisfacción baixo para o alumnado. - Na UVigo, este seguimento refórzase co Plan de Acción Titorial, mediante reunións periódicas celebradas coa coordinación.
Datas	Curso 2019-2020
Responsables de implantación	Comisión Interuniversitaria do Máster. Responsable de prácticas externas do Máster en cada unha das tres sedes.
Estado	Finalizada
Evidencias	<ul style="list-style-type: none"> - Acta da reunión da Comisión Interuniversitaria na que se analizou a proposta e acta da Comisión de Calidade de cada centro. - Listaxe de empresas coas que non se desexa seguir participando. <p>Cada universidade fixo o cribado das entidades que non son recomendables para a realización de prácticas profesionais, eliminándoas da oferta proporcionada ao alumnado. Á súa vez, logrouse anticipar a información relativa ao correcto desenvolvemento das prácticas con anterioridade á súa conclusión, de maneira que se impartiron instrucións aos titores na empresa a fin de reconducir as funcións encomendadas a aquelas que proporcionen a formación que se espera.</p> <p>Elevar á Comisión Interuniversitaria o listaxe de entidades que non resultan axeitadas para a realización de prácticas externas. As comisións académicas de</p>

	<p>cada centro procederon a detectar estas entidades e se tense aconsellado a súa eliminación (en tanto non se adopte acordo na citada Comisión Interuniversitaria). O resultado non foi positivo porque a crise do Covid19 obrigou a utilizar a maioría das entidades coas que había convenio dado que moitas se negaron a aceptar aos alumnos.</p>
--	--

ACCIÓN DE MELLORA 1 (MXDL 2019-2020)	
Código	MXDL-AM1 (2019-2020)
Orixe	Informe para a renovación da acreditación 2019
Ámbito de aplicación	Criterio 1. Organización e desenvolvemento
Análise causa	<p>No proceso de renovación da acreditación, detectáronse incoherencias no desenvolvemento do título. Por exemplo, comprobouse que as materias comúns do plan de estudos non coinciden no que se refire a competencias asignadas e sistemas de avaliación.</p> <p>Aínda que na memoria non se asocian competencias específicas a estas materias, sen embargo, na Universidade de Vigo si as teñen asociadas. No que respecta ás especialidades, tampouco coinciden competencias e sistemas de avaliación nalgunhas das materias.</p>
Definición/ descrición proposta	<ul style="list-style-type: none"> - Revisión da memoria do título e as guías docentes das materias para que haxa maior coherencia entre as tres sedes. - Obter unha maior coherencia nas tres sedes da titulación no referido ás competencias e sistemas de avaliación das materias comúns. - Revisión das guías docentes, ver competencias específicas das materias e sistemas de avaliación e elaborar para cada unha un modelo a seguir polas tres Universidades, tendo en conta a memoria del título.
Datas	Curso 2019-2020
Responsables de implantación	Comisión Interuniversitaria del Título
Estado	Finalizada
Evidencias	<ul style="list-style-type: none"> - Acta da reunión da Comisión Interuniversitaria en que se analizou a proposta - Guías docentes. <p>No desenvolvemento desta acción de mellora, xurdeu un problema urxente derivado do transvase de alumnos da universidade de orixe a outras das universidades que imparten o Máster para facer unha das especialidades. En particular, á Universidade de A Coruña. A Comisión Interuniversitaria de 17 de decembro de 2019 acordou reducila ao 20% dos estudantes. Para completar esta acción de mellora aprobouse pola Comisión Interuniversitaria o sistema de rúbricas dos TFM.</p>

3. ACCIÓNS DE MELLORA DO MÁSTER EN PSICOLOXÍA DO TRABALLO E AS ORGANIZACIÓNS E PSICOLOXÍA XURÍDICA-FORENSE

ACCIÓN DE MELLORA 1 (MPTOXF 2022-2023)	
Código	MPTXF-AM1 (2022-2023)
Orixe	Reflexión da CAM Conclusións do PAT
Ámbito de aplicación	Criterio 1. Organización e desenvolvemento
Análise da causa	-
Definición/ descrición proposta	Completar a formación no ámbito da psicoloxía xurídica incorporando a oferta de dúas materias de carácter optativo na especialidade de Psicoloxía Xurídica e Forense.
Datas	Inicio: 1 de setembro de 2022 - Finalización: 1 de novembro de 2024
Estado/Eficacia	Activa/Pendente de finalización
Responsables	Coordinador master Comisión de profesores da especialidade de Psicoloxía Xurídica e Forense Decanato centro
Tarefa 1	
Descrición tarefa	Intensificación contidos da especialidade de Psicoloxía xurídica relativos á Victimoloxía, á protección de NNA e ao deseño e implementación de programas de intervención psicoxurídica.
Data prevista de finalización	1 de novembro de 2024
Responsable	Coordinador master Comisión de profesores especialidade Psicoloxía Xurídica e Forense
Estado	Pendente

ACCIÓN DE MELLORA 2 (MPTOXF 2022-2023)	
Código	MPTXF-AM2 (2022-2023)
Orixe	Reflexión da CAM
Ámbito de aplicación	Criterio 1. Organización e desenvolvemento
Análise da causa	-
Definición/ descrición proposta	Mellorar a transparencia da información respecto aos procesos de TFM, Prácticas Externas e PAT do máster.
Datas	Inicio: 1 de setembro de 2020 - Finalización: 31 de decembro de 2024
Estado/Eficacia	Activa/Pendente de finalización
Responsables	Coordinador máster Coordinadores PAT Coordinación de TFM Coordinadoras de prácticas externas de especialidades
Tarefa 1	
Descrición tarefa	Elaborar un regulamento de TFM do máster
Data prevista de finalización	31 de decembro de 2024
Responsable	Coordinador máster Coordinador TFM
Estado	Activa
Tarefa 2	

Descrición tarefa	Elaborar un regulamento do PAT
Data prevista de finalización	31 de decembro de 2024
Responsable	Coordinación do PAT
Estado	Activa
Tarefa 3	
Descrición tarefa	Elaborar un regulamento das prácticas externas
Data prevista de finalización	31 de decembro de 2024
Responsable	Coordinadoras das prácticas externas das dúas especialidades
Estado	Activa

ACCIÓN DE MELLORA 3 (MPTOXF 2022-2023)	
Código	MPTXF-AM3 (2022-2023)
Orixe	Reflexión da CAM
Ámbito de aplicación	Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento
Análise da causa	-
Definición/ descrición proposta	Continuar coa difusión da cultura de calidade e participación dos grupos de interese do centro e da titulación (profesorado, estudantes, egresados, PAS,...)
Datas	Inicio: 1 de setembro de 2020 - Finalización: 31 de agosto de 2024
Estado/Eficacia	Activa/Pendente de finalización
Responsables	Coordinador máster Decanato de centro Comisión de calidade
Tarefa 1	
Descrición tarefa	Analizar as datas mais axeitadas para realizar as enquisas e a súa difusión, ademais de analizar a evolución da participación
Data prevista de finalización	31 de agosto de 2024
Responsable	Decanato
Estado	Activa
Tarefa 2	
Descrición tarefa	Promover e fomentar a participación nas enquisas dos grupos de interese
Data prevista de finalización	31 de agosto de 2024
Responsable	Coordinación do máster
Estado	Activa
Tarefa 3	
Descrición tarefa	Realizar charlas informativas para concienciar sobre a importancia e a utilidade nas enquisas de satisfacción para o correcto funcionamento do SGIC
Data prevista de finalización	31 de agosto de 2024
Responsable	Coordinador máster Decanato centro Comisión de calidade
Estado	Activa
Tarefa 4	
Descrición tarefa	Difundir os períodos de enquisas así como os resultados das mesmas a través de diferentes canais (páxina web do centro, correo electrónico)
Data prevista de finalización	31 de agosto de 2024
Responsable	Coordinador máster Decanato centro Comisión de calidade
Estado	Activa

4. Listaxe de evidencias e indicadores

Ver o apartado correspondente en cada un dos Informes de Seguimento dos títulos que se imparten no centro, dispoñibles en: [Documentación do SGC | Facultade de Relacións Laborais | Universidade de Santiago de Compostela \(usc.gal\)](#)